

MEMORIA FINAL
CEIP PLURILINGÜE DO
XURÉS

CURSO 2021/2022



ÍNDICE

1. ASPECTOS XERIAS	9
2. MEMORIA DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL	9
2.1. COMPOSICIÓN DO EQUIPO	9
2.2. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS	10
2.3. DISTRIBUCIÓN EQUILIBRADA E APROPIADA DOS CONTIDOS	11
2.4. IDONEIDADE DA METODOLOXÍA E MATERIAIS EMPREGADOS	12
2.5. VALIDEZ DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	14
2.6. ORGANIZACIÓN	14
2.7. PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE	15
2.8. VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES REALIZADAS	15
2.9. CONCLUSIÓN	15
3. MEMORIA DO 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	16
3.1. ALUMNADO	16
3.2. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	17
4. MEMORIA DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	19
4.1. EQUIPO DOCENTE	19
3.2. ALUMNADO	19
3.3. FAMILIAS	20
3.4. PROFESORADO	21
3.5. ACTIVIDADES	21
3.6. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	21
3.7. PROPOSTAS DE MELLORA	22
5. MEMORIA DE 3º E 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	22
6. MEMORIA DE 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	24
7. MEMORIA DE 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	26
7.1. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	27
8. MEMORIA DE LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS	28

8.1. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL	28
8.2. EDUCACIÓN PRIMARIA	30
8.3. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	34
9. MEMORIA DE EDUCACIÓN MUSICAL	35
9.1. EDUCACIÓN INFANTIL	35
9.2. EDUCACIÓN PRIMARIA	36
10. MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA	37
10.1. PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO (PDC)	39
11. MEMORIA DE RELIXIÓN CATÓLICA	40
12. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	42
12.1. INTRODUCCIÓN	42
12.2. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PROGRAMACIÓN	44
OBXECTIVOS XERAIS:	44
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:	45
12.3. ACTIVIDADES REALIZADAS POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	46
12.4. SOLICITUDES DE AVALIACIÓN E/OU INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DURANTE O CURSO	48
12.5. ALUMNADO CON NEAE ATENDIDO DURANTE O CURSO POLO MESTRE DE APOIO DE PT AFÍN AL	49
12.6. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NO PROCESO DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN	51
12.7. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA	51
12.8. MEMORIA PT/AL	51
12.8.1. INTRODUCCIÓN – XUSTIFICACIÓN	52
12.8.2. ORGANIZACIÓN DA ATENCIÓN DO ALUMNADO	53
12.8.3. VALORACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS	55
12.8.4. VALORACIÓN DA METODOLOXÍA EMPREGADA	57
12.8.5. VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN ESPACIAL E DOS RECURSOS	57
12.8.6. PROPOSTAS DE MELLORA E CONTINUIDADE	58

13. MEMORIA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	59
13.1. INTRODUCCIÓN	59
13.2. ACTIVIDADES	60
13.3. PROPOSTA DE MELLORA E CONCLUSIÓN	71
14. MEMORIA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	71
15. MEMORIA DA BIBLIOTECA (PLAMBE)	86
16. RADIO NA BIBLIO	86
17. BIBLIOCREATIVA	87
17.1. Introducción	87
17.2. Consecución de obxectivos	87
17.3. Desenrolo de actividades	88
17.4. Propostas de mellora	90
18. MEMORIA LECTURA E FAMILIAS	91
18.1. GRADO CUMPLIMENTO OBXECTIVOS PROPOSTOS	91
18.2. ACTIVIDADES DESENVOLTAS	92
18.3. VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN E GRAO DE VALORACIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES	93
18.4. RELACIÓN DE TEMAS TRATADOS E PROPOSTAS REALIZADAS POLOS PARTICIPANTES	93
18.5. RECURSOS DA BIBLIOTECA EMPREGADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO	94
18.6. VALORACIÓN DA EXPERIENCIA E IMPLICACIÓN DO ALUMNADO	94
19. MEMORIA DE DINAMIZACIÓN DAS TIC	95
20. PATIOS INCLUSIVOS/DINÁMICOS/IGUALITARIOS	96
20.1. INTRODUCCIÓN	96
20.2. ORGANIGRAMA DE ACTIVIDADES TRIMESTRAIS	97
20.3. INICIATIVAS	98
20.4. PROPOSTAS DE MELLORA	102
21. PLAN DE IGUALDADE	103
21.1. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS	103

21.2. DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS	104
21.3. VALORACIÓN XERAL DA IGUALDADE NO CENTRO	106
21.4. PROPOSTAS DE MELLORA	106
22. PLAN DE CONVIVENCIA	107
22.1. CUMPRIMENTO DOS OBXETIVOS PROPOSTOS	107
22.2. DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES	107
22.3. VALORACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO	112
22.4. PROPOSTAS DE MELLORA	112
23. PLURILINGÜISMO	113
23.1. COMPOÑENTES DO EQUIPO DE PLURILINGÜÍSMO	113
23.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	113
23.3. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	114
23.4. PROPOSTAS DE MELLORA	117
24. EDIXGAL	117
24.1. DESENVOLVEMENTO DA INICIATIVA EDIXGAL	117
25. CONTRATOS-PROGRAMA	119
25.1. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS	119
26. ARCO	120
26.1. ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA ARCO	120
26.2. COORDINACIÓN ENTRE PROFESORADO	121
26.3. ACTIVIDADES REALIZADAS - OBXECTIVOS PROPOSTOS	122
26.4. VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA	123
27. PROA+	123
27.1. Logros acadados co desenvolvemento do programa	123
27.2. Grao de desenvolvemento e consecución dos obxectivos	125
27.3. Organización, desenvolvemento e metodoloxía	125
27.4. Avaliación. Ferramentas empregadas e resultados obtidos	126
27.5. Propostas de mellora	127

28. PLAN PROXECTA +	127
28.1. PROXECTOS DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (PVAD)	128
28.1.1. Introducción	128
28.1.2. Obxectivos	128
28.1.3. Organización	129
28.1.4. Avaliación	130
28.1.5. Cadro resumo actividades	130
28.2. VEXO VEO XACOBEO	134
28.2.1. Introducción-xustificación	134
28.2.3. Actividades realizadas	137
29. PFPP 2021/2022	142
29.1. LIÑAS DE TRABALLO	142
30. CLUB DE CIENCIAS: PDI 8 MILES DO XURÉS	143
31. RELACIÓN DO CENTRO COA COMUNIDADE EDUCATIVA	143
31.1. FAMILIAS	143
31.2. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS	144
31.3. CONCELLO	144
31.4. OUTROS ORGANISMOS	144
32. PROPOSTAS DE MELLORA E NECESIDADES PARA O CURSO 2022/2023	145
33. APROBACIÓN MEMORIA CEIP PLURILINGÜE DO XURÉS	147
ANEXO I: MEMORIA DA BIBLIOTECA (PLAMBE)	148
ANEXO II: 8 MILES DO XURÉS	163

1. ASPECTOS XERIAS

Durante o presente curso 2021-2022, o claustro de profesores, integrado por 11 mestres e mestras (10 dende decembro ao finalizar a iniciativa ARCO) traballou por conseguir os obxectivos formulados na Programación Xeral Anual, e como aspectos xerais intentouse conseguir:

- O crecemento persoal do noso alumnado tanto no ámbito cognitivo como afectivo.
- Un ambiente de diálogo e de reflexión, de comunicación e interacción.

2. MEMORIA DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Coordinadora: Cristina Freire Rodríguez

2.1. COMPOSICIÓN DO EQUIPO

O equipo de 2º ciclo de educación infantil, no curso 2021-2022, estivo constituído polos seguintes membros:

- Cristina Freire Rodríguez: titora de E.I. (4 e 5 anos)
- Miriam Corrales Pérez (mestra de linguas estranxeiras).
- Santiago Álvarez Areas (mestre de educación musical)
- Roberto Álvarez Sánchez(mestra de relixión católica)
- Javier Castro Revaldería (mestre de educación física)
- Félix Fernández Sueiro (mestre de pedagogía terapéutica)
- María del Pilar Blanco Fernández (Orientador):

O 2º ciclo de EI estivo constituído por 14 nenos/as repartidos da seguinte maneira:

- Nenos/as de 3 anos (2 nenos/as)
- Nenos/as de 4 anos (6 nenos/as)
- Nenos/as de 5 anos (6 nenos/as)

2.2. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

En xeral na clase das “Tartarugas” os nenos/as foron participando en todas as actividades propostas. En canto ós alumnos /as de 3 anos dos dous alumnos un deles non alcanzou os obxectivos previstos para este curso, polo que houbo que adaptar os materiais en diferentes ocasións e axustar os tempos de execución das tarefas para que fosen alcanzando os seus logros. Recibiu atención por parte do D.O acudindo o PT 5 sesións semanais de cara a súa estimulación. Está pendente unha valoración por parte do EOE. Tal e como se reflexa nos seus informes de avaliación aínda que mellorou dende principio de curso segue presentando problemas nas diferentes áreas de aprendizaxe e precisa coidadora xa que non ten adquirido o control de esfínteres. Salientar que posúe un coñecemento dos números e das letras por encima do seu grupo de idade. En todo momento mantívose coordinación coa familia.

En canto ó alumnado de 4 anos todos eles/as superaron sen maior dificultades os obxectivos propostos para esta etapa, menos un dos alumnos diagnosticado dende o curso pasado con necesidades educativas por parte do EOE. Foi atendido por parte do PT con 5 sesións semanais. Atendendo ó seu informe de avaliación en algúns aspectos curriculares conseguiu avanzar positivamente aínda que en xeral mostra dificultades en todas as áreas e houbo que adaptar materiais, recursos e tempos de execución das tarefas. Aínda que se mantivo unha coordinación coa familia en ocasións resulta difícil facelo debido á súa situación.

En canto ós alumnos/as de 5 anos, un deles incorporouse á aula a finais do segundo trimestre. Todos eles alcanzaron os obxectivos de finais da Etapa de Educación Infantil. De cara o inicio á lecto- escritura en xeral mostran falta de madurez.

Así mesmo contamos con unha nena que mostrou falta de control de esfínteres de xeito continuado ó longo de dous cursos precisando da coidadora. En algúns aspectos esta nena mostra falta de madurez con respecto ó grupo da súa idade.

2.3. DISTRIBUCIÓN EQUILIBRADA E APROPIADA DOS CONTIDOS

Na proposta didáctica tivéronse en conta as unidades didácticas ou proxectos que engloban contidos das diferentes áreas, ademáis de outras actividades que se ían alternando coas propostas globalizadas como talleres, bailes,

Este ano xurdiu entre o alumnado desta aula varios tres proxectos que fomos traballando ó longo do curso como “**AS TARTARUGAS**”(dito nome identificou a dita aula), “**OS DINOSAUROS**” E “**OS ALIMENTOS**”, o cal fomos traballando ó longo dos tres trimestres contando coa colaboración das familias achegando materiais dende os seus fogares.

Dentro de ditos proxectos levamos a cabo actividades como:

- Motivación: decoración da aula con murais e diferentes materiais aportados polas familias. Notas informativas ás familias sobre os proxectos.
- Lectura e visionado de contos, manipulación de láminas e obxectos vinculados coa temática, aprendizaxe de cancións, visionado de vídeos, posta en práctica de experimentos e talleres de cociña, traballos de lecto-escritura e lóxica- matemática de palabras importantes tanto en galego como en castelán, elaboración de manualidades,

Neste proxecto tamén se coloborou coa especialista en lingua estranxeira de cara traballar diferentes aspectos do proxecto en inglés.

Tamén colaboramos na posta en marcha e desenvolvemento do Proxecto de Centro “ **8 MILES**” e “**CAMIÑO DE SANTIAGO**”. Continuamos na participación do HORTO ESCOLAR , e dos PATIOS DINÁMICOS a nivel de centro.

En canto ós **8 MILES** contribuimos na investigación de cada un dos 8 Miles en coordinación co resto do centro, elaboración de materiais e posta en practica do produto final do proxecto ó final de curso.

En canto ó **CAMIÑO DE SANTIAGO** percorremos un anaco de camiño acompañados das súas familias en coordinación con todo o centro.

Vinculado coa Natureza e o coidado do seu ambiente na aula anos segue acompañándonos con gran expectación para os nenos/as Naturizo e Amelia. Ambos personaxes conductores dunha colección de contos infantís os cales foron moi motivadores para a aproximación da lecto- escritura nestas idades. Por iniciativa familiar tamén coidamos este ano de dúas tartarugas reais establecendo quendas para os seus coidados. Este ano tamén coidamos dos gusanos de seda.

Nesta mesma liña do fomento da lectura ademáis de diferente visitas á biblioteca de centro, mantivéronse constantes maletas viaxeiras con contos por parte da biblioteca do centro como de aula. Así mesmo empregáronse diferentes contos de cara a motivación do traballo de diferentes centros de interés.

Coas familias leváronse a cabo as correspondentes reunións e entrevistas individuais tomando as medidas de protocolo COVID, notas informativas, comunicación a través da axenda, páxina web do centro, blog de aula, correos electrónicos, ...

En xeral, a colaboración foi boa dende os seus fogares nos traballos da escola dos diferentes proxectos, decoración da aula para as diferentes estacións do ano, aportación de materiais para os proxectos, ...

As faltas de asistencia, en xeral; foron debidamente xustificadas.

2.4. IDONEIDADE DA METODOLOXÍA E MATERIAIS EMPREGADOS

Para levar a cabo a miña programación tiven en conta orientacións metodolóxicas baseadas nos principios psicolóxicos como a aprendizaxe por descubrimento, na que o alumno/a se involucra en proxectos con xogos e actividades que o fagan observar, adiviñar, buscar alternativas, anticipar consecuencias... intentando traballar no sentido da investigación e na experimentación creando aprendizaxes significativas e funcionais.

A miña intervención foi de guía, animadora, abrindo novos camiños, suxerindo... coa importancia da mediación. Conectando con isto máis aló da transmisión de información e coñecementos traballei as emocións. E principios psicopedagóxicos como a importancia do xogo, manifestando a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencia; e apertura ao entorno nun sentido de colaboración e coordinación coas familias. Creación dun ambiente afectivo, acolledor, familiar, onde primen as valoracións positivas, evitando comparacións e desvalorizacións. Organizáronse os contidos de cara a un enfoque globalizado, o que se entende como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida, situacións globais, comunicativas, conflitos ou cuestións sociais...nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na aula tivéronse presentes diferentes recunchos: **recuncho da casiña, recuncho da biblioteca, recuncho de lóxica- matemática**

e **recuncho TIC** que, conta cun ordenador e retroproyector, entre outros recunchos temporais en función da temática a traballar nese momento.

Os agrupamentos da aula estarán compostos por parellas estables separadas por mámparas e de xeito individual.

Con respecto a **lóxico-matemática**, utilizouse material ABN tanto para traballar o conteo, sentido da numeración,.. . Os recursos materiais xerais utilizados na aula foron punzóns, regretas, de cuisenaire, ábacos, puzzles, material impreso, ...Utilizamos ademais materiais de reciclaxe, visuais e **as tecnoloxías da información e a comunicación**, a través do uso de ferramentas tecnolóxicas como o inicio na robótica e programación e o uso do lápis 3 D para favorecer o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Este ano introducíronse no manexo de robots como Ozobot e Code & go robot mouse e Makey Makey.

En canto á **lecto- escritura** seguiu traballando a grafomotricidade e no achegamento ás letras, palabras significativas,...a través de contos, adiviñas, material manipulativo,..

Os **espazos** empregados, xeraron un ambiente grato de traballo, no que o alumnado sentiuse cómodo. Os espazos empregados foron as aulas, o ximnasio, o aula de audiovisuais, a biblioteca, o patio exterior,...

En canto ós **recursos persoais** contamos cos especialistas que acoden a aula, familias,...

En canto ós **recursos materiais**, destacar ademais do material didáctico ordinario, informático... todos aqueles elementos do medio natural e sociocultural.

Recursos:

Material manipulativo, ordenador, tablet, mesa de luz, material impreso robots, material de reciclaxe....

Libros da biblioteca do aula

Material elaborado

Os **tempos** organizáronse baixo presupostos de flexibilidade. Combináronse os tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos/as. En relación as rutinas con respecto ó ano anterior introduciuse en maior número de ocasións o lavado e desinfección de mans.

Cando foi preciso, dependendo das necesidades, realizáronse actividades de reforzo e ampliación, de reforzo que tratan de influír positivamente sobre a estima

e o autoconcepto do alumnado e a través de actividades de ampliación que permitiron a continuación do proceso de construción de novos coñecementos.

2.5. VALIDEZ DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Partiuse dunha avaliación inicial (O.25 de xuño de 2009) para saber cales son os coñecementos previos dos nenos/as.

A partir deses coñecementos ofertaráselles ós nenos/as uns tipos de actividades que lles axudaron a construír, modificar e enriquecer os seus esquemas de coñecemento por medio da observación directa e da manipulación de obxectos e partindo sempre dos seus intereses e necesidades.

Como instrumentos de avaliación empregados caben destacar: a observación natural, a observación directa e sistemática, as escalas ou guías de observación, o rexistro anecdótico, o diario escolar, as propias producións dos nenos/as, os cuestionarios, entrevistas, reunións e intercambios coas familias.

E así que os datos obtidos a través destas técnicas e instrumentos permitiron facer unha avaliación por triangulación obtendo datos: do alumnado, profesorado e familias, que podemos contrastar coas nosas apreciacións, observacións e valoracións.

Así mesmo a avaliación foi global, continua e formativa:

Global: tívose como referente o conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais, previamente axeitados ó contexto socioeconómico e cultural do centro, e ás peculiaridades do alumnado a través do proxecto curricular, referente permanente da nosa avaliación.

Continua: formando parte integrante do proceso educativo, e orientada a proporcionar ós mestres de maneira permanente, a información sobre o proceso de ensinanza e o de aprendizaxe dos alumnos/as sendo o seu referente inmediato a programación didáctica, e permitindo axustar a propia intervención educativa, tendo deste modo un carácter formativo.

2.6. ORGANIZACIÓN

A organización da aula foi en diferentes recunchos tal e como se reflexa no apartado anterior. O tempo organizouse en función do horario do centro e tendo en conta o tempo adicado ó resto de especialidades de música, psicomotricidade,

inglés, relixión e PELO, así como as diferentes rutinas. Nas primeiras horas organizámonos na asemblea e a traballos de lóxica- matemática e lecto-escritura e nas horas de tarde á investigación e posta en práctica de traballo por proxectos, talleres, xogos,

2.7. PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Durante o proceso de ensino- aprendizaxe mantívose unha coordinación co resto de centro na posta en práctica de diferentes actividades.

2.8. VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES REALIZADAS

No presente curso académico 2021-2022, o 2º ciclo de EI realizou as seguintes **actividades extraescolares e complementarias** en colaboración co resto do centro:

Día das bibliotecas escolares, Día de Rosalía de Castro, Samaín, Magosto, Festival de Nadal, Entroido, Día do Libro , Día das Letras Galegas,...

2.9. CONCLUSIÓN

Este ano os nenos/as de Educación Infantil estiveron motivados por aprender e descubrir cousas novas, polo que foron alcanzando de xeito progresivo as metas propostas solventado as súas dificultades positivamente coa axuda dos mestres e das súas familias.

Todos os nenos/as demostraron un gran interese e motivación polos proxectos de traballo levados a cabo na aula acadando unha boa asimilación de contidos pola súa parte.

Destacar a colaboración das familias nas actividades dentro e fóra da aula nas diferentes actividades.

De cara o curso que ven deberase de seguir optando por uns materiais cada vez menos estruturados de cara a mellor flexibilidade e adaptación o traballo por proxectos, partindo sempre dos seus intereses e coñecementos previos fomentando a exploración e experimentación do seu contorno máis inmediato. Deberíase seguir optando por non adquirir o material curricular impreso procedente de calquera editorial debido á disparidade de ritmos e características

psicoevolutivas cos que conta un agrupamento mixto, facilitando así a adaptación individual do alumnado en función das necesidades. Este ano a iniciativa de dotar a aula de diñeiro por parte das familias eliminando a compra de materiais de editoriais foi moi positivo á hora de poder contar con un material adaptado ás necesidades dos nenos/as e das aulas. Tamén será conveniente seguir co Programa de Linguaxe de Estimulación Oral nesta etapa.

3. MEMORIA DO 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Titor: Mirian Corrales Pérez

3.1. ALUMNADO

No presente curso 2021-2022, 10 alumnos/as estiveron matriculados no primeiro curso de Educación Primaria. Todos eles fixeron un seguimento do curso constante, aínda que si é certo que boa parte deles faltaron unha media dunha semana completa por mor da pandemia da Covid.

A titoría de 1º de Educación Primaria correspondeu a Mirian Corrales Pérez, que impartiu as materias de Lingua Galega, Ciencias da Natureza, Lingua Estranxeira (*Inglés*) e Educación Artística (*Arts*). Pola súa parte, o mestre Santiago Álvarez Areas compartiu a docencia do grupo impartindo as materias de Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias Sociais e Educación Artística (*Música*). A maiores, a materia de Educación Física foi impartida por Javier Castro Revaldería e o mestre Roberto Álvarez Sánchez fixo o propio coa materia de Relixión Católica.

En xeral, trátase dun grupo – clase moi activo, participativo e motivado pola aprendizaxe. Ao longo do curso, tanto os seus hábitos de traballo como o seu comportamento e seguimento das normas foi axeitado.

Dende inicio de curso, contouse co apoio do mestre de AL, Félix Fernández Sueiro, para atender as necesidades dun alumno que presentaba dificultades na pronuncia do R simple e do R dobre, na discriminación das letras C, Q e Z e na diferenciación do C e do S. O apoio foi realizado fóra da aula en dúas medias sesións.

A participación e implicación das familias é moi satisfactoria, preocupándose tanto polos aspectos académicos como de seguimento de normas e relación entre iguais. Todas elas acudiron ás reunións convocadas ao longo do primeiro trimestre, tanto grupal como individuais, e con todas elas se mantivo o contacto a través da axenda, mensaxería ou do aplicativo Abalar. Ao longo do curso, amosáronse tamén colaborativas e dispostas a que o alumnado realizase caderniños de reforzo e pequenas actividades de comprensión lectora na casa. Igualmente, queremos destacar a súa participación unánime na actividade do Camiño de Santiago. Nela, cada familia acompañou aos seus fillos para completar unha pequena etapa do Camiño Ribeiro – Miñoto durante as fins de semana de xaneiro e febreiro.

Ao longo deste curso, tratamos de facer especial fincapé no desenvolvemento da lectura e dos hábitos lectores así como no desenvolvemento das habilidades matemáticas. Para iso, a parte das actividades realizadas na aula, na casa realizaron fichas de comprensión elaboradas polos mestres así como caderniños. Concretamente, *Lecturas comprensivas* (Editorial GEU) e *Ya Calculo!* (Ediciones Aljibe). Do mesmo xeito, para fomentar o hábito lector e o uso dos fondos da biblioteca escolar, creóuselle un carné lector no que ían gañando puntos por cada libro lido.

Por outra banda, o mestre de Lingua Castelá, Santiago Álvarez Areas, traballou nas sesións de tarde os valores e as emocións. Entre as actividades realizadas destaca a creación dun recuncho na aula e a lectura dos libros de Álex Rovira “*Cuentos para quererte mejor*” e “*Cuentos para niños felices*”, entre outras.

A maiores, o grupo-clase tamén tomou parte no PDI “8 Miles do Xurés” e no Camiño de Santiago. Igualmente, participou das actividades que se propuxeron dende a Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Actividades Extraescolares e Complementarias e Patios Dinámicos.

3.2. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

O nivel acadado polo alumnado é moi satisfactorio, tanto con respecto á adquisición dos contidos como no tocante ao progresivo desenvolvemento das competencias clave. Neste sentido, todo o alumnado acadou os obxectivos propostos para o primeiro curso de Educación Primaria. Máis en detalle,

- Catro alumnos/as superaron todos os obxectivos propostos con resultados excelentes. Todos eles amosan boas habilidades lectoras e matemáticas, teñen bos hábitos de traballo e son quen de traballar de forma autónoma.
- Tres alumnos/as lograron os obxectivos con resultados notables, percibíndose neles unha mellora progresiva das habilidades de lectura, escritura ou cálculo así como unha crecente autonomía nos hábitos de traballo.
- Unha alumna amosou uns hábitos de traballo pouco constantes e escasos ao longo do curso. Aínda que acadou os contidos mínimos do curso, os seus resultados poderían ter sido mellores.
- Outra alumna, foi desenvolvendo as súas habilidades de lectura e escritura con certa lentitude, se a comparamos co resto do grupo-clase. Neste sentido, amosou certas dificultades na transcripción e separación de palabras no plano escrito. Para contribuír o pleno desenvolvemento das súas habilidades lectora, ofrecéuselle unha atención máis individualizada e recomendáronselle á familia materiais para traballar na casa:
 - *Lecturas comprensivas 2. Sílabas Inversas*, de José Martínez Romero, da Editorial GEU.
 - *Inversiones gráficas 1 (Promelec)*, de Antonio Vallés Arándiga, da Editorial Promolibro.
 - *Diviértete con las palabras*, de Alfonso Méndez García, da Editorial GEU.
- Finalmente, un alumno logrou os obxectivos sen dificultade, pero dende o inicio de curso presentaba certas dificultades na pronuncia ou discriminación dalgúns fonemas. Ao longo do curso, constatouse unha melloría notable grazas ás sesións de AL recibidas no centro. Con todo, consideramos recomendable que siga recibindo estas sesións para que as mellorías se trasladen tamén ao plano da linguaxe espontánea.

4. MEMORIA DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Titor: Sabrina Reinaldo Pereira

4.1. EQUIPO DOCENTE

O equipo estivo constituído polos seguintes membros:

- Sabrina Reinaldo Pereira: titora de 2º primaria.
- Mirian Corrales Pérez (mestra de linguas extranxeiras).
- Santiago Álvarez Areas (mestre de educación musical)
- Roberto Álvarez Sánchez (mestra de relixión católica)
- Javier Castro Revaldería (mestre de educación física)
- Félix Fernández Sueiro (mestre de pedagogía terapéutica)
- María del Pilar Blanco Fernández (Orientadora)

3.2. ALUMNADO

No que respecta a este punto, destacamos o feito de ser un colexio con baixa matrícula. Isto redunda positivamente nos alumnos e alumnas, no senso de que podemos manter un ensino máis e mellor especializado e individualizado. Unha atención e unha adicación máis completas, tanto nos horarios propiamente lectivos como nos tempos de lecer, e mesmo de actividades.

O nivel do curso en xeral é bastante satisfactorio. A aula de 2º contou con 5 alumnos/as dos que tres amosaron desde o inicio de curso ser o suficientemente autónomos para realizar as tarefas despois das explicacións necesarias. Os dous restantes necesitaron na maioría das veces sempre a supervisión e axuda constante para desenvolver os seus traballos:

- Un alumno presenta unha competencia lectoescritora baixa para a súa idade polo que este alumno contou co recurso do mestre de PT/AL que levou a cabo un programa de reforzo de lectura e escritura ademais de traballar con el o rotacismo que presentaba xa desde o curso pasado. Destacar que dito alumno ao longo do curso logrou solventar o rotacismo (pronuncia correctamente o fonema /r/) e mellorou o nivel lectoescritor aínda que para o vindeiro curso é aconsellable que continúe co reforzo do Mestre de PT/AL para consolidar o adecuada lectoescritura para poder afrontar con éxito o 3º curso. Tamén destacar que este alumno diagnosticado con TDAH conseguiu manterse sentado, sereno e concentrado nos

momentos de traballo individual e mellorou o seu nivel de atención o que lle permitiu levar o curso sen dificultade. O que si debe seguir reforzando é o hábito de traballo e estudo na casa.

-Unha alumna empezou cun ritmo bastante inferior de traballo caos demais xa que chegou a este curso cun nivel lectoescritor baixo. Esta alumna está pendente de valoración por posible TDAH xa que presenta as seguintes características:

- Ten dificultade para manter a atención a tarefas ou xogos.
- Non logra prestar atención aos detalles ou comete erros por descuido nas súas tarefas escolares.
- Non segue instrucións e senon tivera, por parte dos mestres, supervisión e axuda constante non remataría as tarefas escolares.
- Perde ou esquece onde ten ou colocou os útiles necesarios para levar a cabo as diferentes actividades.
- Distráese con moita facilidade.
- É olvidadiza durante as actividades diarias.

Tamén destacar que dita alumna mellorou ao longo do curso o nivel de lectura e escritura xa que é responsable e preocúpase por mellorar e facer as cousas o mellor posible, aínda que debe continuar reforzando dito aspecto cara o curso que ven.

Por outro lado, debemos salientar que é un grupo moi cohesionado a pesar de ser heteroxéneo xa que presenta un grado de diversidade interna: diferente nivel competencial, de intereses, de estilo de aprendizaxe, intelixencia, motivación, experiencia, personalidade e actitudes.

3.3. FAMILIAS

No que respecta á participación das familias destes alumnos, debemos destacar que foi moi positivo o contacto mantido con elas na hora adicada á titoría xa que amosaban interese pola evolución académica e persoal dos seus fillos e fillas, pero o nivel de colaboración e participación nas diferentes actividades propostas dende a aula e dende o centro foi menor.

3.4. PROFESORADO

A coordinación co profesorado que conforma este Equipo Docente foi moi fluída, enriquecedora e positiva. Tamén mantivemos moi boa relación co conxunto do Claustro de Profesores, participando e colaborando en todo.

3.5. ACTIVIDADES

A metodoloxía empregada na aula foi fundamentalmente activa e moi participativa. Ademais dos libros de texto levamos a cabo diferentes actividades: manipulativas, de experimentación, artísticas e creativas, dixitais, lúdicas baseadas en diferentes xogos... todas traballando os diferentes contidos e competencias establecidas na programación didáctica.

O grupo clase tamén participou no PDI do centro “8 Miles do Xurés” e tamén en tódalas actividades propostas no centro, tanto de Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Departamento de Orientación, EcoHorto e a EcoGranxa do Xurés, patios dinámicos.

Contribuímos tamén, dende a aula, a traballar o importante Plan Lector: fixéronse lecturas colectivas e traballouse, en cada capítulo, a comprensión, os resumos orais, exercicios de xogos de linguas, así como análise e reflexión sobre os valores, a amizade, afrontar a perda dun ser querido, a ubicación xeográfica da narración, o respecto dos usos, costumes e cultura dos lugares onde se desenvolve o texto, a distancia entre os lugares. Traballamos a lectura extensiva, é dicir, lecturas que cada alumno escollía e lía por pracer. Para motivalos e crear un hábito lector levamos a cabo a actividade “8 Miles Lectores” baseados no PDI do centro. Esta consistía en que cada alumno/a ía escalando os importantes lugares dos 8 picos máis altos da Serra do Xurés (cada libro lido, unha escalada) co obxectivo de chegar á meta, é dicir, ao último pico.

Traballáronse en profundidade dous aspectos fundamentais: as **emocións** coa “Caixa das emocións” (baseada no libro “O monstro de cores”) e **habilidades sociais** reflexionando, avaliando, analizando situacións conflitivas; buscando solucións ecuánimes e inculcando o sentido de **grupo**.

3.6. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

A nivel xeral conseguíronse os obxectivos propostos, partindo das capacidades que presentaba o grupo. Os dous citados alumnos no apartado 3.2, deben seguir

cun reforzo educativo na lectoescritura por parte do titor/a coma do especialista en Pedagogía Terapéutica.

3.7. PROPOSTAS DE MELLLORA

- Traballar con maior incidencia a expresión escrita, e sobre todo, oral en lingua castelá xa que é un grupo de galego falantes e é moi escaso (case nulo) o emprego de dita lingua en outras situación que non sexa a propia clase de lingua castelá ou matemáticas.
- Continuar traballando a lectoescritura xunto con actividades de comprensión lectora.
- Fomentar a colaboración nas diferentes actividades propostas dende a aula e dende o centro educativo.
- Introducir na metodoloxía docente máis actividades propostas dende a biblioteca creativa como a impresora 3D, digicraft, cospace, scratch, makey makey...

5. MEMORIA DE 3º E 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Titor: Javier Castro Revaldería

No presente curso a aula de 3º e 4º de Primaria contou inicialmente con 8 alumnos/as (5 do 3º curso e 3 do 4º curso). Despois do Entroido, no mes de marzo, incorporouse unha antiga alumna do centro ó curso de 3º de Primaria, para sumar un total de 9 alumnos/as no grupo-clase.

Ademais dos mestres especialistas, o grupo recibiu clase de Ciencias Sociais e Naturais do mestre Santiago Álvarez Areas, así como de Educación Plástica da mestra Mirian Corrales Pérez.

No mes de setembro realizouse unha avaliación inicial ó alumnado. Na recollida dos datos da mesma, detectáronse nalgúns alumnos e alumnas, a grandes rasgos, dificultades no razoamento lóxico-matemático, na ortografía e na gramática.

Así pois, durante o curso púxose moito énfase na lectura e na comprensión lectora, conceptos entendidos coma pilares básicos para adquirir o resto de contidos presentes no currículo escolar.

O grupo-clase conta con dous alumnos repetidores, a devandita nena que se incorporou en marzo, máis un neno de 4º de Primaria diagnosticado con TDAH. Ámbolos dous alumnos recibiron Reforzo Educativo; así como apoio na aula do mestre PT e, durante o primeiro trimestre, dun mestre ARCO (soamente o alumno de 4º).

No grupo temos tamén dous alumnos que acoden a sesións fóra da aula có mestre PT, un neno de 3º de Primaria e unha nena de 4º de Primaria.

O neno de 3º de Primaria presenta dificultades á hora de discernir, tanto na fala como na escritura, os sons “s/z”.

Pola súa banda, a nena de 4º de Primaria amosa dificultades na escritura e na lectura; actualmente estáselle levando a cabo unha avaliación psicopedagóxica.

O nivel xeral da clase é bastante bó, a excepción dun neno de 3º que non adquire os contidos mínimos por falta de traballo e atención, o cal non repite curso pola imposibilidade de facelo en cursos impares; tamén, o alumno repetidor de 4º de Primaria, deberá mellorar os seus hábitos de traballo no futuro.

A metodoloxía empregada foi baseada nunha aprendizaxe significativa, partindo das ideas previas e do contexto do alumnado; así como metodoloxías lúdicas baseadas en diferentes xogos para afianzar os contidos.

Polo xeral, o alumnado respondeu positivamente a todas as actividades propostas, tanto a nivel académico como de comportamento, a excepción do caso do alumno de 3º xa comentado.

Tamén, participaron activamente en tódalas actividades propostas dende o centro, dende o PDI 8Miles, ata as actividades realizadas en días de obrigada conmemoración, pasando polas actividades vinculadas ao horto, actividade física, club de ciencias, etc.

Durante o ano académico, a meirande parte do alumnado viuse confinado, nalgún momento do curso, por mor da pandemia da Covid-19, aínda presente neste curso. Cómpre dicir que todo o alumnado traballou dende a casa e conectouse, en maior ou menor medida, ás clases por videoconferencia. Nestes momentos do curso, empregouse a plataforma Webex, así como o blog do centro.

A implicación das familias foi, polo xeral, bastante positiva. Amosaron interese polo avance dos seus fillos e fillas, tanto a nivel académico, como persoal e social.

5.1. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- 1 alumno de 3º non supera tódalas áreas, mais pasa ó seguinte curso pola imposibilidade de repetir en anos impares.
- 2 alumnos (unha nena de 3º e un neno de 4º) pasarán ao seguinte curso por imperativo legal, pois son repetidores.
- 1 alumna de 4º pasa de curso con algunhas dificultades no tocante aos hábitos de traballo, lectura e escritura. Actualmente estáselle a facer a avaliación psicopedagóxica.

5 alumnos/as superan o curso sen ningún tipo de dificultades

6. MEMORIA DE 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Titor: Alberto Pérez Rodríguez

A titoría do curso de 5º de primaria correspondeu ao mestre Alberto Pérez Rodríguez. Impartiu as materias de Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua Galega, Ciencias Naturais e Plástica. A mestra de Lingua Estranxeira, Mirian Corrales Pérez, impartiu a materia de Lingua Inglesa; o mestre Santiago Álvarez Areas, a materia de Música; a mestra Sabrina Reinaldo Pereira, a materia de Lingua Castelá; e o mestre Javier Castro Revaldería, impartiu a materia de Educación Física

A clase formárona 2 alumnos, dos cales un permaneceu escolarizado en 5º de Primaria so os dous primeiros trimestres, xa que proviña do estranxeiro e alcanzou o nivel de competencia curricular e o nivel da aula de 6º de Primaria para alcanzar os obxectivos finais da etapa de Educación Primaria. Esta alumna cursou o 3º trimestre en 6º de Primaria e alcanzou os obxectivos e nivel de competencias da Etapa.

- As familias mantiveron o contacto co titor e cos servicios de orientación e a dirección do centro. Aínda que non todas, acudiron as citas que se propuxeron e a comunicación foi fluída a través das axendas ou dos teléfonos, aínda que non sempre o efectiva ou eficaz que se desexaría. En xeral, é un aspecto a mellorar o traballo na casa e a esixencia ten que ser entendida e compartida.

En xeral o nivel de competencias da aula varía en función do alumno, aínda que en tres dos sete alumnos pódese dicir que se van acadando satisfactoriamente, un dos alumnos que acudía a reforzo coexa algo nas línguas, máis o seu esforzo persoal faino achegarse aos compañeiros. Por outra banda temos a outra alumna cunha ACI en Matemáticas dun nivel de segundo de Primaria, con poucos hábitos de traballo.

En canto o nivel de lectura é bo en cinco dos sete alumnos, e bastante pobre nos outros dous, Nembargantes grazas a hora de lectura e o apoio dos compañeiros do centro, especialista de AL, e a profesora do recentemente implantado programa Arco, no caso de dous alumnos 2 horas na aula do especialista e 2 horas na aula ordinaria, foise mellorando, aínda que a miña recomendación persoal é a de seguir o vindeiro curso co mesmo tipo de apoio.

Aínda así o nivel de comprensión lectora e retención da información non é bo para a idade e o curso.

O nivel de expresión escrita, tamén conta con certas dificultades, e o alumnado non se esforza para acadar resultados satisfactorios. A través do proxecto "Roteiro termal" do centro, mellorouse neste ámbito.

Na área de matemáticas catro dos alumnos acadaron con dificultades os contidos mínimos, debido a uns hábitos de estudo e de traballo moi escasos, así como os diversos paróns e confinamentos acontecidos durante o curso. En xeral a resolución de problemas matemáticos é algo que se lles atranca, e algúns dos alumnos con nivel máis baixo costábanlles as táboas de multiplicar e outros contidos moi necesarios.

Durante este curso contamos co programa Edixgal e traballamos con portátiles na maioría das materias, ata máis ou menos a metade do curso, e combinándoas cos libros de texto na segunda parte do curso xa que houbo bastantes problemas técnicos e en moitas ocasións os alumnos empregaban as

Naturais, e o mestre de Educación Física, así como a mestra de Arco.

O nivel do grupo de 5º de Primaria é moi alto, sendo un grupo moi traballador, con un comportamento exemplar e con un gran interese pola aprendizaxe.

Inmerso o centro no programa EDIXGAL, implicou o emprego de equipos informáticos no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta metodoloxía de traballo foi ben acollida polo alumnado e serviu para ampliar os coñecementos dos

mesmos a través de achegas de propostas a través da plataforma de traballo. Cabe destacar como elemento a mellorar no programa EDIXGAL, os erros da editorial Netex-Smart; ademais de que se considera preciso un novo formato de organización dos temas que axude ao alumnado a organizar as tarefas de estudo, xa que ó tentar os mestres imprimir os temas para poder o alumnado subliñalos, para destacar información importante e poder empregar técnicas de estudo como resumo ou esquemas, obtéñense uns temarios moi longos e non adaptados á idade do alumnado.

O claustro moi activo organizou moitas actividades no centro, festas e conmemoracións significativas, e o alumnado se involucrou moito nestas.

Por outra banda o grupo clase tamén participou no PDI do centro “8 Miles do Xurés” e tamén en tódalas actividades propostas no centro, tanto de Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Departamento de Orientación, Eco Horto e a Eco Granxa do Xurés, patios dinámicos e axuda nas tarefas de comedor.

Ademais, xunto co alumnado de 5º de Primaria, tamén participou nos proxectos de Biblioteca Creativa e Digicraft; os cales axudáronlles a potenciar a Competencia Dixital, Competencia en Ciencia e Tecnoloxía e Competencia en Aprender a Aprender.

7. MEMORIA DE 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Titor: Alberto Pérez Rodríguez

No presente curso, a aula de 6º de Primaria contou con alumnos/as, e no último trimestre incorporouse a alumna matriculada os 2 primeiros trimestres en 5º de Primaria procedente do estranxeiro deles repetidores en cursos anteriores. Unha alumna do grupo presentaba unha discapacidade e tiña unha ACI en Matemáticas; un alumno iniciouse o proceso de diagnóstico de dislexia; e outra alumna presenta NEE por TDAH con condutas disruptivas, a cal ten asignada o recurso de ATE e o cal non foi preciso en todo o curso escolar.

Inmerso o centro no programa EDIXGAL, implicou o emprego de equipos informáticos no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta metodoloxía de traballo foi ben acollida polo alumnado e serviu para ampliar os coñecementos

dos mesmos a través de achegas de propostas a través da plataforma de traballo. Cabe destacar como elemento a mellorar no programa EDIXGAL, os erros da editorial Netex-Smart; ademais de que se considera preciso un novo formato de organización dos temas que axude ao alumnado a organizar as tarefas de estudo, xa que ó tentar os mestres imprimir os temas para poder o alumnado subliñalos, para destacar información importante e poder empregar técnicas de estudo como resumo ou esquemas, obtéñense uns temarios moi longos e non adaptados á idade do alumnado.

Tamén, o alumnado de 6º participou na iniciativa PROA+ do CP Recupera-T e contouse co apoio dun mestre na aula dende o mes de outubro ata o 15 de xuño. O mestre, Ángel Ubeira Vereza, aportou moitísimas ideas, traballo, esforzo, métodos e estratexias de aprendizaxe ao alumnado; implicándose nun grao máximo na súa labor docente.

Por outra banda o grupo clase tamén participou no PDI do centro “8 Miles do Xurés” e tamén en tódalas actividades propostas no centro, tanto de Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Departamento de Orientación, Eco Horto e a Eco Granxa do Xurés, patios dinámicos e axuda nas tarefas de comedor.

Ademais, xunto co alumnado de 5º de Primaria, tamén participou nos proxectos de Biblioteca Creativa e Digicraft; os cales axudáronlles a potenciar a Competencia Dixital, Competencia en Ciencia e Tecnoloxía e Competencia en Aprender a Aprender.

7.1. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

O nivel do curso en xeral foi baixo, algúns con maior grado de contido e participación que outros. Debido a esta situación, con 3 alumnos do grupo aula adoptouse, previo informe e aceptación por parte das familias, a medida de repetición quedando un curso mais en 6º de Primaria. As maiores dificultades estiveron vinculadas á resolución de problemas, mostrando unha porcentaxe importante do alumnado dificultades á hora de resolver cuestións de razoamento lóxico, polo que levouse a cabo un especial fincapé neste aspecto.

8. MEMORIA DE LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS

Mestra: Mirian Corrales Pérez

8.1. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Alumnado

Durante o curso 2021-2022, contamos con 14 alumnos/as matriculados no segundo ciclo de Educación Infantil. Todos eles conformaron un grupo mixto no que a distribución quedou do seguinte xeito: 2 alumnos en 4º E.I., 6 alumnos en 5º e 6 alumnos en 6º E.I. (*un deles incorporouse ao final do segundo trimestre*).

Grao de consecución dos obxectivos

En xeral, a totalidade do alumnado acadou os obxectivos propostos para a área de lingua estranxeira. Así, deste xeito: (1) amosaron interese por participar en intercambios comunicativos moi breves e sinxelos: *saudar, dicir o nome, dicir a cor favorita...* (2) presentaron unha actitude positiva á hora de aprender novo léxico ou expresión moi sinxelas, (3) participaron en contos e historias con curiosidade, (4) a maioría foi quen de seguir instrucións orais sinxelas en inglés, e (5) recibiron con gusto e interese a presenza da auxiliar de conversa na aula.

Contidos

Co fin de acadar os obxectivos propostos, traballáronse contidos próximos á realidade e aos interese do alumnado:

- Nas sesións de inglés, adicouse un primeiro tempo da clase á asamblea ou circle time. Este período aproveitouse para introducir conceptos como os días da semana, o tempo atmosférico, os números e as cores así como expresións moi sinxelas (*Hello! Clap your hands! Stamp your feet! What's the weather like today? , What's your favourite colour?*) a través de cancións e coa axuda dun encargado ou helper.
- Ao longo do curso, tamén se foron introducindo diferentes temas ou "topics" (*animals' body, animals actions', family, food...*). A través deles introduciuse léxico e estruturas gramaticais moi básicas ou sinxelas

(*What's this?, I can see..., Do you like?*). Estes temas tamén deron pé para traballar contidos non lingüísticos, tanto conceptuais como procedimentais doutras áreas para favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira (*exploración e expresión corporal, participación en xogos de actividade motriz, interese pola clasificación de obxectos...*).

- A maiores, introducíronse contidos culturais, vinculados coas festividades dos países de fala inglesa e do país da auxiliar de conversa (India): Halloween, Diwali, Christmas ou Easter.
- Finalmente, tratáronse de introducir temas transversais como a Educación para a Paz, a través de xogos no que o alumnado debía amosar unha actitude respectuosa e de cooperación cos seus compañeiros/as.

En xeral, estes contidos resultáronlle atractivos e interesantes ao alumnado.

Metodoloxía

Apostouse por unha metodoloxía activa e participativa. Déronse prioridade ás destrezas receptivas fronte ás produtivas, seguindo o método do *Delayed Oral Practice*. Así, a comprensión oral foi o punto de partida para que o alumnado aprendese de xeito natural, xogando, escoitando e participando. De igual modo, empregáronse cancións e historias animadas, algo que lembra á metodoloxía de “Suggestopedia”. Para favorecer a asimilación de contidos, utilizáronse estratexias do TPR (Total Physical Response), no que o alumnado ten que responder cunha acción física ou un xesto ante as consignas verbais do mestre, de cancións ou de audios.

Botouse man de recursos variados, entre os que destacan flaschards ou tarxetas de vocabulario, cancións (*procedentes das canles de Youtube Super Simple Songs ou Pinkfong*), libros de contos con estruturas sinxelas, materiais didácticos (*pinzas de agarre, contadores...*), xogos de mesa (fishing game, memory...) ou xogos manipulativos creados pola mestra.

Para favorecer un ambiente cálido e acolledor e animar ao alumnado a comunicarse en inglés, empregáronse dúas marionetas: *Froggy e Turtle*.

Á hora de secuenciar o traballo da aula, establecéronse momentos diferenciados, co fin de crear unha rutina e un contexto de seguridade. As rutinas adoitaron seguir esta orde: canción de saúdo, asamblea, canción ou historieta para introducir ou practicar léxico e estruturas sintáctico-discursivas e xogos orais ou manipulativos.

Atención á diversidade

Para dar resposta ás distintas motivacións, estilos de aprendizaxes e intelixencias, empregáronse metodoloxías e actividades variada e adaptadas aos intereses do alumnado. Ademais, tentouse incrementar ao máximo a dispoñibilidade de información visual. Con aqueles alumnos que presentaban máis dificultades tratouse de ofrecerlle unha atención máis individualizada así como de involucralos máis activamente na actividades propostas.

Avaliación

Ao longo do curso, levouse a cabo unha avaliación continua, baseada na observación sistemática, que permitiu avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como a eficacia das estratexias didácticas empregadas, así como modificalas cando foi preciso.

8.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

O número de alumnos/as en Educación Primaria foi de 33, distribuídos do seguinte xeito: 10 alumnos en 1º E.P., 5 alumnos en 2º E.P., 6 alumnos/as en 3º E.P., 3 alumnos en 4º E.P., 2 alumnos en 5º E.P. e 7 alumnos en 6º.

Grao de consecución dos obxectivos

En xeral, todo o alumnado do 1º ao 5º curso de Educación Primaria foi acadando os obxectivos e estándares considerados mínimos, algúns cun maior grao de adquisición que outros. De igual xeito, a práctica totalidade dos alumnos/as amosaron interese e motivación cara á aprendizaxe da lingua estranxeira e viviron con entusiasmo a presenza do auxiliar de conversa, desenvolvendo así un sentimento de utilidade da lingua estranxeira.

En todo caso, á hora de valorar o progreso do alumando, cómpre referirse a dous alumnos do 6º curso de Educación Primaria, que non lograron os obxectivos e estándares considerados mínimos. Máis detalladamente:

- Un deles, presenta dificultades en lectura e escritura, derivados de dislexia, que fan que a súa adquisición dos contidos sexa máis lenta do esperado. A pesar disto, amosouse sempre participativo e tivo interese por participar e resolver as actividades propostas. Para atender ás súas necesidades, ofrecéuselle máis apoio visual (a través de chaveiros visuais), ofrecéronse explicacións individualizadas e permitiúsele dispoñer de máis tempo en controis e tarefas.
- Outro deles non acada os contidos mínimos pola falta de hábitos de estudo e traballo que arrastra xa dende cursos anteriores.

Metodoloxía

Para traballar os contidos dos distintos cursos, adoptouse unha metodoloxía ecléctica, tratando de conxugar distintos métodos e estratexias didácticas.

En primeira instancia, adoptouse a lingua estranxeira como vehículo de comunicación dentro da aula, en liña co Natural approach e co Direct method. Para favorecer a asimilación de léxico, empregouse o “Audio-lingual” e o “Situational approach”, ao integrar os novos termos a través de cancións e historias ou ben a través de situacións e contextos concretos. Do mesmo xeito, para a asimilación ou a consolidación de vocabulario recorreuse a nubes de palabras, dicionarios visuais, xogos ou ferramentas interactivas como Wordwall.

Para contribuír á adquisición das estruturas gramaticais, tratouse de facer un tratamento indutivo da gramática, proporcionándolle ao alumnado exemplos significativos e variados que lle axudasen a deducir a norma por si mesmos. Nos casos nos que resulta difícil a dedución da regra gramatical recorreuse a algunha das técnicas do “*Focus on form*”. Unha das máis empregadas foi o “typographical enhancement”, consistente en destacar as a través de cores, do subliñado ou da negriña os aspectos gramaticais obxecto de estudo.

As actividades propostas tentaron promover a práctica das catro destrezas lingüísticas de maneira integrada (falar, escoitar, ler e escribir), esenciais para acadar a competencia comunicativa. Contempláronse actividades de presentación ou e inicio, de práctica e desenvolvemento e de produción.

Materiais empregados

- ***De 1º a 4º de Educación Primaria***, o libro de texto empregado foi Go! da Editorial Richmond. O alumnado dispuxo do Pupil's Book e do Activity Book, agás en 1º e 2º, que só tiveron Pupil's book.

Para complementar os libros de texto tamén se empregaron flaschards, tarxetas de preguntas e speaking, worksheets, communicative folders e xogos de cartas.

Con respecto ao uso das TIC as novas tecnoloxías constituíron recursos para achegar ao alumnado á lingua e á cultura estranxeira. As pistas de audio, os vídeos, as cancións e as historias de animación axudáronnos á desenvolver as habilidades de escoita e orais do alumnado. Pola súa parte, recursos como Wordwall axudáronnos a traballar a forma escrita do léxico.

- ***En 5º e 6º de Educación Primaria***, empregouse a plataforma virtual EVA, en tanto que o alumnado destes cursos participa no proxecto de educación dixital, E-DIXGAL. Neste sentido, baseándose na colección Go! da Editorial Richmond, créronse os contidos así como un Activity Book, ao que o alumnado accedeu e completou na páxina de Liveworksheets.

Atención á diversidade

Para atender ás necesidades do alumnado do alumnado con DEA en lectura e escritura, puxéronse en marcha medidas ordinarias. Algunhas das estratexias postas en marcha foron:

- Metodoloxías lúdicas baseadas no xogo e en cancións, que facilitase a asimilación de contidos.
- Cambios na avaliación coa flexibilización dos tempos.
- Explicacións individualizadas.

- Chaveiros visuais nos que se recollía o vocabulario ou estruturas sintáctico-discursivas importantes.

Avaliación

A avaliación do alumnado concibiuse como un proceso global, continuo e formativo. Nela, tivéronse en conta non só as habilidades lingüísticas dos alumnos/as, o seu dominio de léxico e os seu interese pola lingua, senón tamén outros aspectos como a motivación, o esforzo, a participación, o traballo diario, a presentación dos cadernos e o comportamento.

Como instrumentos de avaliación, empregouse o diario de clase, fichas e test de avaliación para coñecer o nivel de comprensión e expresión oral e escrita, cadernos...

Propostas de mellora

Co fin de resolver as dificultades atopadas, mellorar os resultados e acadar un logro axeitado dos obxectivos, propóñense as seguintes propostas de mellora de cara ao vindeiro curso:

- Continuar dando máis peso á adquisición das estruturas sintácticas – discursivas.
- Do mesmo xeito, do 1º a 6º de Educación Primaria, traballar máis – co apoio do auxiliar - a expresión e a produción de textos orais a través de actividades comunicativas (*final tasks, situacións comunicativas...*).
- A partir do 3º curso de Educación Primaria, propor tarefas que inviten ao alumnado a producir pequenos textos escritos significativos.
- Incluír unha sesión de estacións de aprendizaxe, cando menos, unha vez en cada unidade, na que o alumnado poida poñer en práctica as catro destrezas: *listening, speaking, reading e writing*.
- Nos cursos que forman parte do proxecto de educación dixital, E-DIXGAL, facer un uso máis integrado das TIC, co fin de favorecer tamén a alfabetización dixital do alumnado (*enviar tarefas a través de email, grabar presentación a través de Audacity, completar exercicios en Liveworksheets,*

producir textos co procesador de textos ou facer presentacións con Libre Impress ou Power Point).

- Incrementar a conexión escola-familia a través do blog de inglés, no que continuar compartindo actividades realizadas, material de consulta ou estudo.

8.3. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Con respecto á avaliación da práctica docente, conseguiuase parcialmente adecuar a programación didáctica ao contexto da aula, identificar as medidas de atención á diversidade, desenvolver parte das competencias e introducir algún tema transversal. Polo tanto, como propostas de mellora, sería interesante continuar adaptando a programación ás características e particularidades do noso alumnado facéndoa máis próxima e atractiva, desenvolver actividades que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e traballar máis intensamente os temas transversais.

9. MEMORIA DE EDUCACIÓN MUSICAL

Mestre: Santiago Álvarez Areas

A materia de Educación Musical desenvólvese en catro sesións semanais, correspondéndose cada sesión con cada un dos grupos: infantil, 1º-2º Primaria, 3º-4º Primaria e 5º-6º Primaria.

A distribución dos alumnos por cursos estivo constituída da seguinte maneira:

- 2 alumnos en Infantil de 4 anos.
- 6 alumnos en Infantil de 5 anos.
- 6 alumnos en Infantil de 6 anos.
- 10 alumnos en 1º de Primaria.
- 5 alumnos en 2º de Primaria.
- 6 alumnos en 3º de Primaria.
- 3 alumnos en 4º de Primaria.
- 2 alumnos en 5º de Primaria.
- 7 alumnos en 6º de Primaria.

9.1. EDUCACIÓN INFANTIL

Cos alumn@s de Educación Infantil intentouse que fosen adquirindo o gusto pola música a través de cancións infantís, dramatizacións, xogos e contos musicados. Tamén se traballou cos diferentes instrumentos de pequena percusión dispoñibles na aula, coñecendo os seus nomes, os seus diferentes sons e realizando sinxelos acompañamentos rítmicos. Tamén se iniciaron no coñecemento de elementos da linguaxe musical (notas musicais, pentagrama, clave de sol,...), ademais de discriminar nos sons que os rodean calidades como a intensidade (forte/suave), duración (longo/curto) ou a altura (agudo/grave).

En liñas xerais, o traballo foi positivo aínda que en ocasións o comportamento e o seguimento das normas de clase non foron todo o axeitadas. Aínda que a maioría dos alumn@s amosaron bastante interese

houbo alumn@s que mostraron comportamentos disruptivos na aula o que dificultou o traballo con continuas chamadas de atención.

9.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

1º e 2º DE PRIMARIA

Destacar o traballo moi positivo cos alumn@s destes cursos. Amosaron moito interese pola materia e mostraron unha actitude moi positiva cara as actividades propostas. En xeral, o clima da aula foi moi bo, gústalles moito cantar e tamén amosaron moito interese ante os diferentes retos musicais que se lles foron propoñendo ao longo do curso. Ademais traballáronse cancións infantís adecuadas a súa idade, a identificación dos diferentes instrumentos que se atopan na aula de música, en especial, os de pequena percusión e continuouse co coñecemento dos elementos que forman a linguaxe musical. Tamén hai que destacar o interese amosado por escoitar diferentes tipos de música (desde a clásica ata a máis moderna e actual).

Os obxectivos foron acadados por tódolos alumnos en maior ou menor medida.

3º e 4º DE PRIMARIA

Cos nenos destes cursos tamén traballamos cancións infantís adecuadas a súa idade, continuouse no coñecemento dos elementos que forman a linguaxe musical, traballouse a identificación dos diferentes instrumentos que forman a orquestra sinfónica e a súa clasificación, ademais dos instrumentos de pequena percusión e de diferentes instrumentos propios do folclore galego.

En liñas xerais, o traballo foi moi bo xa que os alumn@s destes cursos amosaron moito interese pola materia, participando activamente nas actividades propostas. Tamén, o comportamento foi excelente incluso no caso de algún alumno que en anos anteriores tiñan comportamentos pouco axeitados.

Os contidos foron traballados de maneira conxunta nos dous cursos, incidindo sobre todo en actividades prácticas. Gústalles moito cantar e tamén amosaron moito interese polos retos musicais propostos ao longo do curso. No

que se refire á frauta o interese amosado non foi todo o axeitado xa que so uns poucos alumnos amosaban interese por practicar e mellorar.

Os obxectivos do curso foron acadados en maior ou menor medida por todos os alumnos.

5º e 6º DE PRIMARIA

Neste curso continuouse no coñecemento dos elementos que forman a linguaxe musical, traballouse a identificación dos diferentes instrumentos que forman a orquestra sinfónica e a súa clasificación, ademais de coñecer instrumentos propios do folclore galego. Fixéronse xogos rítmicos e de cooperación, ademais da práctica da frauta doce.

Destacar que neste curso houbo unha maior participación nas actividades propostas dentro da aula en comparación con anos anteriores. Aínda así, o traballo en casa no que se refire á practica instrumental segue sendo moi escaso na maioría dos alumn@s. Tamén, aínda que participaron en tódalas actividades musicais propostas a nivel de centro, seguen amosando inseguridade e certa vergoña á hora de participar.

Os obxectivos foron acadados por todos os alumnos en maior ou menor medida. Houbo alumn@s que amosaron bastante interese e outros que non tanto.

Para rematar comentar que a materia de música estivo bastante presente na maioría de celebracións que se desenvolveron no centro durante todo o curso cantando cancións para conmemorar esas datas sinaladas. Tamén estivo moi presente no Festival de Nadal.

Como proposta de mellora para o vindeiro curso e tendo en conta a volta á normalidade despois da pandemia provocada pola COVID-19 estaría ben volver a retomar as saídas para asistir a concertos didácticos.

10. MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Mestre de Educación Física: Javier Castro Revaldería

As sesións de Educación Física estiveron divididas en 4 niveis:

- Infantil: 14 alumnos/as.

- 1º e 2º de EP: 15 alumnos/as.
- 3º e 4º de EP: 9 alumnos/as.
- 5º e 6º de EP: 9 alumnos/as.

Desgraciadamente, este ano a pandemia da Covid-19 continuou a marcar o día a día no centro, así que algúns xogos e actividades físicas foron descartadas no transcurso das sesións, adaptando as unidades didácticas á nova normalidade.

Así pois, as actividades foron propostas buscando a maior distancia social posible, ademais do uso constante da máscara durante unha parte importante do curso escolar.

As sesións foron levadas á práctica no pavillón do centro e na zona cuberta do patio, mentres que cando o tempo o permitía, as realizábamnos no patio exterior. Tamén, empregouse a aula de psicomotricidade có alumnado de Educación Infantil.

Durante o curso traballamos os 6 bloques de contidos recollidos para a área de Educación Física, facendo especial fincapé nos contidos de hábitos saudables, expresión corporal e xogos e actividades deportivas, sendo este último o máis adaptado e modificado á situación de pandemia, debido as súas características.

A organización das sesións continuou mantendo o modelo do autor Santos Berrocal, que é o seguinte:

- Fase de quecemento e animación (consistente nun xogo grupal).
- Fase de logro de obxectivos, na cal traballamos os contidos específicos da sesión.
- Fase de volta á calma, volvendo novamente a un xogo grupal.
- Fase de recollida de material e aseo.

A metodoloxía estivo baseada principalmente no xogo, alternando momentos de ensinanza recíproca, asignación de tarefas, descubrimento guiado (para fomentar a aprendizaxe constructivista) e, en menor medida, mando directo.

O balance xeral do curso foi positivo, salvo algunhas excepcións, acadando o alumnado os obxectivos propostos na programación inicial; mostrando interese e motivación nas actividades propostas.

O alumnado levou a cabo as actividades propostas sen ningún problema, mostrando polo xeral unhas boas capacidades físicas e habilidades motrices, tendo en conta as súas realidades individuais.

Cómpre mencionar o caso dunha alumna cunha discapacidade recoñecida, a cal presenta bastantes dificultades psicomotrices. Non obstante, dentro das súas posibilidades, foi adquirindo contidos vinculados ás habilidades motrices; aínda que no referente as capacidades físicas amosa un nivel bastante baixo.

Favoreceuse dende as clases bos hábitos nas prácticas deportivas e na actividade física, subliñando a importancia do queceamento, uso de roupa e calzado axeitados, seguridade na práctica... Os hábitos alimenticios e a divulgación das dietas saudables tamén se tratou coma un pilar clave para manter a saúde. Promoveuse levar unha vida activa e incorporar como hábito diario a práctica de actividade física.

Tamén, a convivencia entre o alumnado de diferentes grupos-clase foi boa, a excepción de momentos puntuais.

Por último, mencionar que, un ano máis, organizáronse actividades de aprendizaxe de Xogos Populares coa participación de Lito Prado como representante de Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo (Deputación de Ourense). Deunos unha lección maxistral de xogos moi entretidos e que requirían de materiais sinxelos de conseguir.

10.1. PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO (PDC)

Este ano levamos a cabo o Plan Proxecto de Vida Activa e Saudable (PDVA).

No traxecto do proxecto traballamos hábitos vinculados á saúde e calidade de vida, tales como exercicio físico e unha alimentación rica, variada e equilibrada; có obxectivo de inculcar no alumnado unha vida activa, sa e produtiva.

Foi unha experiencia moi positiva, tanto para o alumnado, ofrecéndolle unha aprendizaxe interdisciplinar e global; como para o profesorado,

proporcionándonos a posibilidade de traballar aínda máis en equipo e de transmitir novos contidos dende diferentes áreas.

11. MEMORIA DE RELIXIÓN CATÓLICA

Mestre: Roberto Álvarez Sánchez

Educación Infantil:

Curso	Nº de alumnos
4º E. Infantil	2
5º E. Infantil	6
6º E. Infantil	5

Os obxectivos marcados para este curso foron acadados por todo o alumnado, as actividades que se realizaron tanto a nivel motriz como cognitivo foron ben acollidas polos alumnos e foron un bo instrumento para a adquisición das competencias básicas como son autonomía e iniciativa persoal competencia lingüística tomada como medio de comunicación oral nos momentos de dialogo cos alumnos, aprender a prender, competencia cultural e artística.

Esta clase a pesar de ser nenos de diferentes as rutinas e normas da clase estaban ben asimiladas polos alumnos.

A nivel actividades:

- Aprenderon cancións para a paz, panxoliñas,relixiosas...
- Fixeron manualidades
- Xogos
- Visionado de cortos de animación
- Pizarra dixital "A BIBLIA"
- Fichas individuais para colorear e completar

1º Educación Primaria:

Nete grupo formado por 10 alumnos o traballo foi doado posto que estes nenos xa estiveron matriculados en toda a etapa anterior.

Os obxectivos marcados, contidos, competencias básicas (relacionadas mais directamente con este área) foron acadados por todos.

A nivel de actividades:

- Traballo individual no libro do alumno.
- Aprenderon cancións para a paz, panxoliñas...etc
- Xogos
- Visionado de películas
- Pizarra dixital

2º Educación Primaria:

Este curso está formado por 5 alumnos e os obxectivos marcados, contidos, competencias básicas (relacionadas mais directamente con este area) foron acadados por todos dun xeito moi satisfactorio. Hai que ter en conta que neste curso hai 2 períodos lectivos o que significa o dobre de tempo que os outros cursos para poder desenrolar a programación.

A nivel de actividades:

- Traballo individual no libro do alumno
- Aprenderon cancións para a paz, panxoliñas...etc
- Xogos
- Visionado de películas
- Pizarra dixital

3º-4º Educación Primaria:

Curso	Nº de alumnos
3º E. Primaria	6
4º E. Primaria	3

Os obxectivos, contidos e competencias básicas (relacionadas directamente con este area) foron acadados por todos os alumnos .

A nivel de actividades:

- Traballo na libreta persoal
- Aprenderon cancións para a paz, panxoliñas...etc
- Xogos
- Pizarra dixital
- Murais
- Manualidades
- Visionado de películas de acordo co tema que estiveramos traballando

5º-6º Educación Primaria:

Curso	Nº de alumnos
5º E. Primaria	2
6º E. Primaria	7

Os obxectivos, contidos e competencias básicas (relacionadas directamente con este area) foron acadados por todos os alumnos .

A nivel de actividades:

- Traballo persoal no propio caderno
- Aprenderon cancións para a paz, panxoliñas...etc
- Xogos
- Pizarra dixital
- Murais
- Manualidades
- Visionado de películas de acordo co tema que estiveramos traballando

12. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Orientador educativo: María Pilar Blanco Fernández

12.1. INTRODUCCIÓN

Tal e como se recolle na *Orde do 24 de xullo de 1998, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia* (D.O.G. nº 147, 31/07/1998) o Departamento de Orientación ó remate de cada curso deberá elaborar unha memoria do curso escolar englobando polo menos as modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e o seu cambio, unha valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos e as conclusións e propostas de mellora. Por esta razón teranse en consideración

tamén os documentos de partida tales como o Plan Anual de Orientación. Seguindo tamén as directrices da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Antes de iniciar o desenvolvemento da mesma, lembrar que no presente curso académico 2021-22 ó Departamento de Orientación é compartido con 4 centros educativos. En concreto: o CEIP Plurilingüe do Xurés é o centro base, compartido co CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas (Bande), o CEIP Santa María A Real (Entrimo) e o CEIP Valle Inclán (Muíños). O centro de Educación Secundaria ó que está adscrito é o IES Aquis Querquernis situado en Bande.

Respecto do horario de Orientación educativa, dicir que os luns e mércores se asistía ó centro base, CEIP Plurilingüe do Xurés; venres ó centro compartido CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas, o martes ao adscrito CEIP Valle Inclán e o xoves ao CEIP Santa María A Real. Ademais, o CEIP Plurilingüe do Xurés, conta cun especialista en Pedagogía Terapéutica afín en Audición e Linguaxe a tempo completo. O CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas conta cunha especialista en Pedagogía Terapéutica que comparte especialidade co traballo de Dirección e outra especialista en Pedagogía Terapéutica. O CEIP Valle Inclán e o CEIP Santa María A Real teñen unha especialista en Pedagogía Terapéutica afín en Audición e Linguaxe que acude luns, martes e xoves a Muíños, e martes e venres a Entrimo.

En canto ós membros que conforman o Departamento de Orientación, este quedou constituído nunha reunión o luns 16 de setembro de 2021 quedando composto por:

- Orientadora: M^a del Pilar Blanco Fernández
- Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica: Félix Fernández Sueiro
- Coordinadora de ciclo de Educación Infantil: Cristina Freire Rodríguez
- Titora de 1º de Educación Primaria: Mirian Corrales Pérez
- Titora de 2º de Educación Primaria: Sabrina Reinaldo Pereira
- Titor de 3º e 4º de Educación Primaria: Javier Castro Revaldería
- Titor de 5º e 6º de Educación Primaria: Alberto Pérez Rodríguez (Director do CEIP Xurés)

-Directora do CEIP Xoaquín Lorenzo Xocas de Bande: Esther Molina Fernández

-Responsable do centro adscrito CEIP Valle Inclán de Muíños: Rosa Mari Rodríguez Morais

-Responsable do centro adscrito CEIP Santa María A Real de Entrimo: Anabel Castro Veloso.

Aclarar que atendendo ó protocolo de protección de datos e por circunstancias de incompatibilidades horarias entre os centros acordouse que as reunións coas responsables dos centros terían lugar nos propios centros e tamén coa especialista correspondente dos mesmos de PT/AL, non acudindo ó base polos motivos indicados existindo excepcionalidade para o caso que fose necesario.

12.2. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PROGRAMACIÓN

Ó comezo do curso, e tal e como se recolle no Plan Anual de Orientación propuxéronse unha serie de obxectivos que se recollen a continuación e se informa do grao de consecución dos mesmos.

OBXECTIVOS XERAIS:

Promover a orientación educativa e profesional dos/as alumnos/as do Centro, como "tarefa de todos/as" os/as profesores/as, non só dos integrantes do Departamento de Orientación. ✓

Planificar e desenvolver actividades que cheguen a todos/as os alumnos e as alumnas non só para aqueles que presenten dificultades de aprendizaxe. ✓

Colaborar e asesorar, coordinados co EOE, cos/as mestres/as-titores/as na planificación de actividades para o desenvolvemento da función titorial, a prevención e detección de dificultades educativas e problemas de aprendizaxe.



Intervención na avaliación do alumnado, especialmente nos que participen

en programas de atención á diversidade. ✓

Asesoramento á Comisión de Coordinación Pedagóxica na revisión e seguimento do Proxecto Curricular, e na elaboración/revisión do Proxecto Educativo de Centro. ✓

Implicar ás familias de forma máis intensa e continuada nas actividades de apoio ou reforzo con propostas concreta de actividades a realizar no fogar. ✓

Fomentar a participación do profesorado no proceso de atención á diversidade, tanto desde o punto de vista da prevención como desde o da valoración e desenvolvemento de medidas concretas para alumnos con necesidades educativas. ✓

Establecer canles que permitan a coordinación entre os distintos participantes no desenvolvemento de programas específicos de intervención e, en xeral, en calquera tipo de medida de atención á diversidade. ✓

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Manter unha comunicación sistemática cos órganos directivos e de coordinación docente, que posibilite unha información fluída e intercambio de opinións e propostas. ✓

Realizar a avaliación psicopedagóxica e coordinar o deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade facilitando o apoio e asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas para a aprendizaxe. ✓

Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos/as alumnos/as e da súa contorna e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención. ✓

Asesorar e participar nas medidas de atención á diversidade. ✓

Asesorar ó profesorado sobre metodoloxías, actividades, etc. para facilitar a súa práctica docente, así como a súa motivación e implicación. ✓

Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e das súas fillas. ✓

12.3. ACTIVIDADES REALIZADAS POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

De forma concreta describíense as actuacións a continuación:

ACTUACIÓN XERAIS

- Constitución do Departamento de Orientación
- Elaboración do Plan Anual de Orientación e da concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Realización dun novo Plan de Acción Titorial con novos programas (exploración psicopedagóxica, de acollida, habilidades socioemocionais, de preparación para a E.S.O. e de hábitos e técnicas de estudo).
- Realización dun plan de igualdade en colaboración con dirección.
- Axudar á dirección coas solicitudes dalgunhas actuacións que figuran nos contratos-programa.
- Reunión con todas as familias de presentación do DO, entrega de folletos e información das actividades a desenvolver ó longo do curso.
- Cubrir Drdadi e Drorienta.
- Reunións semanais coa especialista de PT/AL.
- Reunións cos membros do DO, para tratar temas específicos.
- Reunións específicas en persoa e/ou mediante contacto telefónico coas familias de alumnado con neae para asesoramento e elaboración de informes específicos.
- Reunións específicas en persoa e/ou mediante contacto telefónico coa traballadora e educadora social do Concello así como tamén con algún membro do EOE e co Gabinete de Psicoloxía e Logopedia de Ángela Freire ó que acude unha alumna con beca de nee, para tratar aspectos relacionados co alumnado.
- Reunións en persoa e/ou mediante contacto telefónico coa orientadora do I.E.S. Aquis Querquernis para falar do alumnado que asistirá ó centro.

-Distribución dos horarios de apoio e reforzo educativo da especialista en PT/AL, procurando respectar os criterios de utilización dos servizos de apoio recollidos no PAD en coordinación coa dirección.

-Adquisición de contrasinais do xestor de Badyg EI,E1, E2 e E3 en formato dixital.

-Localización e descarga de diferentes apps clasificadas para traballar a atención, memoria, razoamento, lectoescritura, cálculo,...

-Asesoramento con recursos e estratexias metodolóxicas ó profesorado para a atención á diversidade.

-Asesoramento ás familias respecto das necesidades dos seus fillos/as con neae.

-Asesoramento ante algunha situación relacionada coa convivencia (algún conflito entre alumnado dentro da aula e/ou en puntos comúns).

-Seguimento do alumnado que xa estaba valorado de cursos anteriores.

-Colaboración na creación e adaptación de materiais para o alumnado con neae en coordinación con PT/AL.

-Colaboración no desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares en coordinación con especialista PT/AL e profesorado (aportación para a celebración de determinadas fechas).

-Orientacións para o vindeiro curso, previsión de apoios e propostas de mellora.

-Avaliación do Departamento de Orientación e redacción da memoria.

ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS

Etapa de Educación Infantil

-Desenrolo do PELO en educación infantil de 4º , 5º e 6º tendo en conta as directrices do protocolo COVID-19.

- Solicitud ao EOE intervención para realizar informe de solicitud de ATE-coidadora de DPC (4º EI non resolto).

Etapa de Educación Primaria

- Corrección da avaliación inicial estandarizada LOMCE do alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria.

- Continuación do desenvolvemento do programa de técnicas de estudo

SEGUIMIENTO DA:

-Solicitud de beca de nee concedida para asistir a gabinete de Psicoloxía e Logopedia de Ángela Freire e informe para a traballadora social.

-Asesoramento a titores e especialistas en momentos puntuais.

12.4. SOLICITUDES DE AVALIACIÓN E/OU INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DURANTE O CURSO

Curso	Solicitante	Necesidades identificadas
DPC (4º EI)	Titora Dirección	Avaliación Psicopedagóxica e solicitude de ATE ante EOE. Pendente de que a principios de setembro veñan do EOE
LDAB (5º EI)	Titora	Dificultades psicolingüísticas da lingua. Dificultades de articulación
NMA (2º EP)	Titora	Dificultades de atención.
HDAB (4º EP)	Titor	Dificultades psicolingüísticas. Trastorno de escritura. Dislalias. Pendente de diagnóstico médico.
OMF (5º EP)	Titor	Sospeita do seu titor de altas capacidades. En proceso de avaliación.
HMJ (6º EP)	Titor	Posible trastorno de lectura e escritura. Pendente de diagnóstico médico.
ASDJ (6º EP)	Titor	Dificultades de atención.

12.5. ALUMNADO CON NEAE ATENDIDO DURANTE O CURSO

POLO MESTRE DE APOIO DE PT AFÍN AL

Alumno/a	Curso	AC	Nº de sesións <u>DENTRO</u> da aula ordinaria	Nº de sesións <u>FÓRA</u> da aula ordinaria	No centro contamos cun Mestre especialista en Pedagogía Terapéutica afín AL	Observacións									
DPC	4º EI		5		PT / AL	Diagnóstico médico: Retraso madurativo con maior afección na área da linguaxe. Riesgo neurolóxico por antecedentes neonatales. Solicitud de ATE. Pendente de visita do EOE a comezos de setembro do próximo curso 2022-23									
JMD SM	5º EI		5		PT / AL	<p>Diagnóstico médico: Retraso global do desenvolvemento. Cadro a priori con epilepsia con tratamento.</p> <p>Discapacidade reconecida:</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 33%;">Deficiencia</th> <th style="width: 33%;">Diagnóstico</th> <th style="width: 33%;">Etioloxía</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>1221 crise convulsivas xeneralizadas</td> <td>160 epilepsia</td> <td>13 idiopática</td> </tr> <tr> <td>2105 retraso madurativo</td> <td>670 cromosopatía autosomática (outras)</td> <td>1 conxénita</td> </tr> </tbody> </table> <p>Grao de limitacións na actividade global do 37% Factores sociais complementarios de 9.0 puntos Grao total de discapacidade do 46% Con ATE</p>	Deficiencia	Diagnóstico	Etioloxía	1221 crise convulsivas xeneralizadas	160 epilepsia	13 idiopática	2105 retraso madurativo	670 cromosopatía autosomática (outras)	1 conxénita
Deficiencia	Diagnóstico	Etioloxía													
1221 crise convulsivas xeneralizadas	160 epilepsia	13 idiopática													
2105 retraso madurativo	670 cromosopatía autosomática (outras)	1 conxénita													
LDA B	5º EI			1 ½ sesión	AL	Dificultades psicolingüísticas da lingua. Dificultades de articulación									
KLG M	6º EI					<p>Non precisa atención de PT/AL. Menciónase pola súa diagnose médica: nefropatía cortical bilateral e refluxo vesicoureteral.</p> <p>Con ATE (cuidadora)</p>									
SGL	6º EI			2 ½ sesións	AL	<p>Sonidos /K/ /m/ /d/ omisións e substitucións</p> <p>Asiste a un gabinete particular debido a súa dificultade de control de esfínteres.</p>									
ÁRM	1º EP			2 ½ sesións	AL	Dislalias, rotacismo (/s/ /r/ /c/ /z/)									
W NJ S M V	2º EP			2 ½ sesións	AL	<p>Diagnóstico médico: TDAH asociado a trastorno de conduta.</p> <p>Rotacismo. Lecto-escritura</p>									

						Confusión sílabas inversas/directas. Dislalia /r/ superada en el 1º trimestre									
RSF	3º EP			2 ½ sesións	AL	Dislalias									
HDA B	4º EP		2 sesións PT	2 ½ sesións AL	PT / AL	Dificultades psicolingüísticas. Trastorno de escritura. Dislalias. Pendente de diagnóstico médico									
ACG	4º EP R epite curso		2 sesións PT		PT	Diagnóstico médico: TDAH. Trastorno de lectura y escritura									
HMJ	6º EP			2 ½ sesións	AL	Posible trastorno de lectura e escritura. Pendiente de diagnóstico médico Dislalias, rotacismo									
FMC	6º EP	SI (Matemáticas)	5 sesións PT	2 ½ sesións	PT / AL	Diagnose médica: macrosómica, microcefalia, lixeiro retraso madurativo. Discapacidade recoñecida <table border="1"> <thead> <tr> <th>Deficiencia</th> <th>Diagnóstico</th> <th>Etioloxía</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>6004 – Enfermidade do sistema endocrino - metabólico</td> <td>478 – trastorno endocrino metabólico (outros)</td> <td>14 - non filiada</td> </tr> <tr> <td>2105 retraso madurativo</td> <td>670 cromosopatía autosomática (outras)</td> <td>1 conxénita</td> </tr> </tbody> </table> Grao de limitacións na actividade gobar do 33.0% Factores sociais complementarios de 13.0 puntos Grao total de discapacidade do 46% Dislalias	Deficiencia	Diagnóstico	Etioloxía	6004 – Enfermidade do sistema endocrino - metabólico	478 – trastorno endocrino metabólico (outros)	14 - non filiada	2105 retraso madurativo	670 cromosopatía autosomática (outras)	1 conxénita
Deficiencia	Diagnóstico	Etioloxía													
6004 – Enfermidade do sistema endocrino - metabólico	478 – trastorno endocrino metabólico (outros)	14 - non filiada													
2105 retraso madurativo	670 cromosopatía autosomática (outras)	1 conxénita													
Fátima Boulkhilia Sousa	6º EP					Neste curso non precisou atención dende o DO Diagnóstico médico TDAH Con ATE (cuidadora)									

12.6. MODIFICACIÓNs INTRODUCIDAS NO PROCESO DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN

Non se produciron modificacións.

12.7. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Considérase que dende o Departamento de Orientación se conxeriron acadar parte dos obxectivos plantexados, establecéndose como propostas de mellora para o futuro as seguintes:

- Seguir adquirindo na medida do posible material específico de AL e PT.
- Seguimento e reforzo ao alumnado con necesidade específica de apoio de PT e AL, que xa recibiu apoio este curso.
- Seguir reforzando a coordinación e colaboración cos mestres - titores dos ANEAE.
- Fomentar a realización de actividades de formación e sensibilización de toda a comunidade educativa nos aspectos relacionados co ACNEAE e coa atención á diversidade.
- Seguir fomentando boas prácticas inclusivas en relación á convivencia do centro: darlle continuidade aos patios dinámicos e inclusivos e as sesións/talleres de emocións.
- Seguir mantendo unha relación estreita coas familias dos ACNEAE do centro e potenciar a súa participación nas actividades realizadas no centro.
- Reducir o número de centros ós que atende o DO para ofrecer un servizo máis eficaz.

12.8. MEMORIA PT/AL

Mestre especialista en Pedagogía Terapéutica afín a Audición e Linguaxe:
Félix Fernández Sueiro.

12.8.1. INTRODUCCIÓN – XUSTIFICACIÓN

A presente memoria recolle a valoración da miña labor como mestra especialista de pedagogía terapéutica ao longo do curso 2021-2022 no CEIP Plurilingüe do Xurés. Este documento tamén ten como finalidade servir de soporte e punto de partida para as futuras mestras e mestres da miña especialidade para próximos cursos. Reflexionarei acerca das necesidades do alumnado e a miña intervención con eles e elas; valorarei o grado de consecución dos obxectivos propostos, reflexionarei sobre a metodoloxía empregada, tamén detallarei a organización de atención ao alumnado ao longo do curso e finalmente detallarei as dificultades atopadas xunto coas propostas de mellora para a atención á diversidade no centro.

Tanto as actividades, obxectivos e horarios foron adaptados ao longo do curso co único fin de procurar a recuperación do alumno ou alumna. A miña labor docente foi a do deseño, implementación e avaliación dos distintos programas deseñados para cadanseu alumno ou alumna.

As intervencións que se levaron a cabo co alumnado foron flexibles, sendo modificadas e revisadas trimestralmente en función dos resultados da avaliación de cada alumno ou alumna, motivada polo ritmo da evolución dos aspectos traballados, así como, pola detección de novas necesidades.

Ao remate do curso, ademais da presente memoria recollerase nos informes finais de cada alumno unha valoración dos obxectivos, conclusións e propostas de mellora e de continuidade.

12.8.2. ORGANIZACIÓN DA ATENCIÓN DO ALUMNADO

A resposta educativa ás necesidades do alumnado realizouse coordinadamente entre os distintos profesionais que participaron na atención do mesmo, propiciando un fluído intercambio de información e o establecemento de pautas de actuación conxuntas, sempre dentro dun marco de colaboración e respecto mutuo.

Para elo leváronse a cabo reunións periódicas tanto cos mestres/as tutores/as, co mestre de PT, co Orientador, coas familias do alumnado, así como, tódolos profesionais que atenden ao alumnado fóra do centro educativo, co fin de establecer criterios e pautas comúns e unificar as liñas de actuación.

As intervencións por parte da mestra PT afín AL realizáronse cos alumnos e alumnas de Educación Infantil e de Educación Primaria, reflectido na táboa que se presenta a continuación:

Alumno/a	Curso	Nº de sesións <u>DENTRO</u> o <u>fuera</u> da aula ordinaria	Coord. tutor/a y maestros/as	Valoración das medidas	Propostas de mellora
Hugo Iglesias Delgado	4º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	- Mejorar la coordinación con la tutora y maestros/as - Lenguaje oral
Diego Paz Collado	4º El	5 sesións apoio PT y 1 PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as. - Lenguaje oral
Lara De Araújo Borges	5º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	- Mejorar la coordinación con la tutora y maestros/as - Lenguaje oral. Estimulación y discriminación.
Fernando Domínguez	5º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar la coordinación con la tutora y maestros/as

Sales		PELO	coordinación		
Jesús Manuel Dos Santos Molinero	5º El	5 sesiones apoyo PT y 1 PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as - Lenguaje oral y discriminación auditiva- visual
Ema González Pereira	5º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as - lenguaje oral.
Antón Rodríguez Peralta	5º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as
Marc Torrijos Asunción	5º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as
Daniela Antunes Rodríguez	6º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as - Lenguaje oral.
Sofía Araujo Paz	6º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as. -Lengauje oral.
Kylian Lucas Gomez Marinheiro	6º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as - Lenguaje oral.
Sara González López	6º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as - Lenguaje oral y discriminación
Mathias Ibañez Quintero	6º El	1 aula ordinaria(PELO	Se puede mejorar la coordinación	- Continuación do PELO	-Mejorar coordinación con la tutora y maestros/as - Lenguaje oral y articulación.

Dylan Díaz Díaz	6º EI	1 aula ordinaria(PELO)	Se puede mejorar la coordinación	PELO	- Continúa do - Lenguaje oral
Alvaro Rodríguez Miguez	1º EP	2 medias sesiones de AL(aula PT)	Coordinación con regularidade	-Continuidade coas medias sesións de AL	- Mellora da articulación de certos fonemas y expresión oral.
Wyatt Noah Joao Sergi Marinho Vilao	2ºEp	2 medias sesiones de AL(aula PT)	Coordinación con regularidade	-Continuidade coas medias sesións de AL	- Continuar coa mellora da lectura: ritmo, entoación, fluidez y velocidade .
Rodrigo Sanz Fernández	3º EP	2 medias sesiones de AL(aula PT)	Coordinación con regularidade	-Continuidade coas medias sesións de AL	- Seguir coa mellora na articulación e autocontrol do comportamento.
Helena De Araujo Borges	4ºEP	2 medias sesiones de AL(aula PT) y 2 aula ordinaria	Coordinación con regularidade	-Continuidade coas medias sesións de AL	- Adquirir oreintación espacial de certas grafías(b/d/q/p). Discriminación. - Seguir coa mellora na lectura.
Hugo Movilla Giménez	6º EP	2 medias sesiones de AL(aula PT)	Coordinación con regularidade	-Continuidade coas medias sesións de AL	- Mellora na separación das palabras e discriminación espacial.
Fátima Molinero Carvalho	6ºEP	2 medias sesiones de AL(aula PT) y 5 sesiones aula ordinaria(AC, Mat.)	Coordinación con regularidade	-Continuidade coas medias sesións de AL	- Articulación dos fonemas / a / e / e / en mitad de palabra. - Direccionalidade da grafía.

12.8.3. VALORACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Para levar a cabo o meu traballo de forma coherente debemos establecer unhas accións prioritarias nas que basear as nosas decisións, con respecto a:

- CENTRO:
 - Formar parte do D.O e da C.C.P
 - Colaborar na elaboración de documentos conxuntos do propio centro: PXA, memoria anual, memoria do D.O.
- PROFESORADO:
 - Asesorar e participar na planificación, intervención e avaliación dos apoios específicos.

- Colaborar cos profesores de Educación Infantil na elaboración de programas de estimulación da linguaxe oral.
- FAMILIAS:
 - Mellorar a relación comunicativa entres os pais e nais do alumnado, o profesorado e todas as persoas que formamos a comunidade educativa a fin de levar todos e todas a mesma liña de actuación.
 - Recoller información sobre o desenvolvemento xeral do alumnado con NEAE e todos aqueles aspectos relevantes para avanzar no seu proceso educativo.
 - Implicar e impulsar a participación da familia ofrecendo pautas concretas de actuación.
- ALUMNADO:
 - Participar no proceso de identificación das necesidades de apoio educativo dos alumnos e alumnas.
 - Ofrecer unha resposta educativa personalizada, en función das características individuais, estilo de aprendizaxe e necesidades específicas de apoio educativo de cada alumno ou alumna.
 - Participar nos procesos de prevención de alteracións da comunicación e linguaxe.
 - Planificar a intervención a través de actividades motivadoras, variadas e funcionais, que permitan o desenvolvemento do alumno ou alumna a nivel persoal, escolar e social.

12.8.4. VALORACIÓN DA METODOLOXÍA EMPREGADA

A metodoloxía permítenos planificar, organizar e detallar as actividades oportunas para guiar ao neno/a a través do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta será: comunicativa, inclusiva, activa, participativa, funcional, flexible e individual.

A metodoloxía empregada na aula específica foi fundamentalmente **aprendizaxe baseado en lóxica e adquisición estratexias** coa finalidade de potenciar a motivación cara ao aprendizaxe. A utilización de xogos lóxicos xa creados e materiais manipulativos.

Tamén a aula específica dispón dunha Tablet para potenciar así o uso das **TIC** na aula e nela dispónse de gran variedade de apps educativas para traballar principalmente a conciencia fonolóxica en ambas linguas e as matemáticas.

Tamén destacar que a maioría dos apoios fóra da aula foron realizados en **grupo** e que motiva aos alumnos e fomenta a inclusión.

É convinte seguir utilizando a mesma metodoloxía co fin de conseguir a motivación dos alumnos de cara a realización das tarefas que se lle propoñen dende a aula ordinaria.

***Todos estes contidos e actividades descritos reflíctense máis minuciosamente nos diferentes programas de intervención, nos seguimentos trimestrais e nas valoracións/informes finais que están adxuntos en cada expediente.*

A planificación dos grupos da aula, a organización dos horarios e disposición do material viuse moi afectada polo protocolo COVID-19 pero non afectou en demasía ó desenrolo do traballo na aula de PT/AL.

12.8.5. VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN ESPACIAL E DOS RECURSOS

Respecto a organización da aula dispoño dunha aula moi grande e con luz que é unha vantaxe á hora de realizar a organización da mesma. Persoalmente considero

que a aula específica debe ser un lugar con espazos estruturados e delimitados e que lle chamen a atención ao alumnado.

Recuncho matemático: Espazo dedicado o material matemático manipulativo e xogos lóxicos. Divididos por idades e áreas de traballo.

Recuncho das linguas/material propio: Espazo dedicado aos materiais de adquisición de linguas, fonética, escritura... // ademais neste espazo está o material de traballo persoal de cada alumno/a (carpetas, estoxos...) para o cumprimento do protocolo.

Recuncho das ciencias: Espazo dedicado o material de ciencias (sociais e naturais) con material 3d, mapas, xogos lóxicos...

Recuncho da biblioteca: Espazo con todos os libros de lectura para consulta/lectura do alumnado. Predominan: libros de referencia (atlas, libros de historia, libro de matemáticas visuais), libros de primeiros lectores e libros de valores.

Recuncho do artista: foi creado para expresar as súas emocións e para cando en momentos de tensión necesiten relaxarse, deseñado especialmente para a alumna con problemas de conducta e emocionais.

12.8.6. PROPOSTAS DE MELLORA E CONTINUIDADE

- Seguir adquirindo na medida do posible material específico de AL e PT.
- Seguimento e reforzo ao alumnado con necesidade específica de apoio de PT e AL, que xa recibiu apoio este curso.
- Seguir reforzando a coordinación e colaboración cos mestres - titores dos ANEAE.
- Fomentar a realización de actividades de formación e sensibilización de toda a comunidade educativa nos aspectos relacionados co ACNEAE e coa atención á diversidade.

- Seguir fomentando boas prácticas inclusivas en relación á convivencia do centro: darlle continuidade aos patios dinámicos e inclusivos e as sesións/talleres de emocións.
- Seguir mantendo unha relación estreita coas familias dos ACNEAE do centro e potenciar a súa participación nas actividades realizadas no centro.

13. MEMORIA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Coordinador: Alberto Pérez Rodríguez

13.1. INTRODUCCIÓN

Como establece a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, os centros públicos teñen a encomenda das autoridades educativas da elaboración e desenvolvemento de medidas que promovan o uso progresivo da lingua galega no ensino, traballando no sentido de que o alumnado progrese no transcurso dos cursos para conseguir un mínimo dominio da lingua que a deixe nunha situación de igualdade e respecto da outra lingua oficial.

Para levar a cabo este proxecto foi fundamental o equipo de Dinamización da Lingua cuxo labor é o de activar e potenciar o uso da lingua galega nos centros non universitarios e de elaborar e dinamizar un plano anual de actividades para a consecución dos obxectivos establecidos polo centro relacionados coa actividade normalizadora e dinamizadora da cultura e lingua galega.

Presentase nesta memoria as actividades desenvolvidas que tiveron como principal obxectivo un aumento significativo do uso do galego no centro, tanto por parte do alumnado como por parte do equipo docente. Tamén se tivo moi

en conta a relación coas familias, tendo sempre unha visión positiva cara ao galego, tratando deste xeito, de dignificar a nosa lingua, e desterrar a idea de que o galego é de pouca utilidade fóra duns determinados ámbitos

O que moveu todo este proxecto, obxectivo final do mesmo, foi achegar a nosa lingua e a nosa cultura, dende unha postura positiva, a todos os axentes que interveñen na escola, empezando polo alumnado, verdadeiro protagonista de todo o proceso educativo, e pasando polo propio centro, profesorado, persoal non docente e familias do alumnado. O galego, algo noso e que parte da nosa cultura, é o noso patrimonio; algo do que todos nos debemos sentir orgullosos e que debe ser trasladado ás novas xeracións.

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua do CEIP Plurilingüe do Xurés, pretendeuse seguir coa traxectoria de cursos anteriores e tratar de cumprimentar os obxectivos propostos no Plan Xeral. Ademais, propuxéronse actividades novas, xunto con outras que se viñan desenvolvendo dende fai anos, tentando contribuír ao espallamento do galego e á conservación do patrimonio lingüístico- cultural da zona e o fomento da tolerancia pola cultura galega particular da nosa contorna, xa que nos atopamos inmersos na Raia Seca.

13.2. ACTIVIDADES

- **Día das Bibliotecas Escolares**

Repartíronse as mochilas viaxeiras, explicándolles ao alumnado o funcionamento das mesmas debido ó COVID-19. (1 semana na casa coa familia do alumno/a; 1 semana en corentena na aula para tal fin). Para asegurar poder manter as medidas de seguridade celebrámolo no exterior.

Por outra banda, realizouse un mural interestapas dende o alumnado e Educación Infantil ata o alumnado de 6º de Primaria; baixo o lema: “Eu recoméndoche este conto”



▪ **Celebración do Samaín**

Propúxose un concurso- exposición a nivel de aula de elementos terroríficos feitos con material de refugallo. Neste concurso foron as familias as encargadas de axudar ao alumnado a realizar e traer ao centro a obra elaborada. O venres de Samaín celebramos no patio traseiro e gardando as distancias a gala do concurso, ensinando aula por aula as súas creacións, escollendo gañadores por aulas e tamén dando un agasallo doce a tódolos participantes.

Tamén se decoraron os taboleiros da aula e da entrada do colexio sobre este tema. Ademais tamén se realizaron diferentes xogos.



- **Celebración do Magosto**

O día do Magosto compartímolos co CEIP Santa María a Real de Entrimo, visitando a área recreativa do ría Pacín (Entrimo). Realizamos xogos tradicionais e festexamos o Magosto cantando e coa comida típica acompañada de deliciosas castañas.

Ademais decorouse a entrada/recibidor do centro coa temática do Magosto/Outono.

<https://youtu.be/YIn1xJxRIVk>

- **Festival de Nadal**

No presente curso académico puidemos voltar a realizar o festival de Nadal de xeito presencial e sempre coas medidas preventivas da Covid presentes. O idinma galego estivo presente no transcurso do festival, nas actuacións, nas presentacións e ata nas improvisacións nas diferentes actividades. Invitados foron as familias do alumnado e a comunidade educativa do CEIP Santa María A Real de Entrimo (estes últimos non puideron asistir no último momento).

Ademais tamén se participou no concurso de postais de Nadal convocado polo concello de Lobios.

Para finalizar o día tivemos a visita de Papá Noël e entrega de regalos.



- **Entroido**

Semana Entroido. Durante toda a semana realizamos as ordes do meco. Tamén se realizou a actividade de crear as máscaras de Entroido das distintas figuras da provincia de Ourense en colaboración coas familias.

Voltamos a recuperar o desfile polas rúas de Lobios, e o alumnado do CEIP Santa María a Real de Entrimo acompañounos neste día.

Ademais expúxose o documental de máscaras da Baixa Limia que se elaborou con distintas persoas que colaboraron nos diferentes concellos da Baixa Limia.

Para finalizar o día realizamos a comida de Entroido, na cal podemos degustar o xantar típico de entroido de grelos e pataca cocida, acompañado de orella, chourizo e empanada (o colexio de Entrimo agasallounos coa empanada de Forquellas tradicional deste concello). Acabamos o xantar degustando filloas.



- **Día de Rosalía**

Celebrouse o Día de Rosalía conxuntamente co día de Entroido. Para conmemorar o día de Rosalía realizamos unha entrega floral na praza do pobo en Lobios. A entrega floral tivo como idea a recreación do logo do noso centro

educativo, sinal de identidade do centro que pon en valor o noso patrimonio natural, o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Tamén participou o alumnado do CEIP Santa María A Real de Entrimo. Xunto coa ofrenda floral realizouse a locución de poemas de Rosalía de Castro por parte do alumnado.



▪ **Obradoiro de Xogos Populares**

No mes de febreiro, concretamente o día 22, participouse no XVIII Obradoiro de Xogos Populares e Tradicionais que organiza o CCP Xaquín Lorenzo da Deputación de Ourense.

O alumnado de a partir de 3º de Primaria participou en diversos xogos populares.



- **Día do libro**

O día 22 de abril, todo o centro educativo entre as 12:00 e as 14:00 horas participou nas actividades do Día do Libro.

Realizáronse as seguintes actividades: citas lectoras, lectura compartidas e intercambios de libros entre o alumnado.



- **Semana das Letras Galegas**

Celebramos esta data tan importante para a nosa lingua, homenaxeando a Florencio Delgado Gurriarán.

Comezamos a celebración despois do tempo de lecer de comer presentando o mural sobre a lingua galega. O alumnado de todo o centro escolleu dúas palabras que mais lle gusten do galego para o mural.

O alumnado de Primaria recitou poesías creadas a partir das palabras escollidas e o alumnado de 6º de Primaria realizou a exposición sobre a investigación de Florencio Delgado Gurriarán. coñecendo o traxe típico de galega; o instrumento por excelencia da nosa cultura, a gaita; e escoitando cancións e danzando coas nosas tradicións.




▪ **Elaboración de materiais para coñecer a cultura galega (tradicións)**

Durante todo o curso escolar estase traballando sobre este tema para coñecer e afondar no coñecemento da contorna e nas diferentes tradicións que existen na nosa contorna. Así, tanto a busca de información sobre o patrimonio como a difusión da mesma, farase en galego.

Son iniciativas que mostran esta posta en valor do patrimonio que rodea ao centro educativo:

- Mantemento de murais nas fachadas do centro sobre enclaves patrimoniais da contorna que nos rodea (Parque Natural Baixa-Limia Serra do Xurés).
- Posta en valor da figura do Entroido, O Follateiro.
- Exposición do documental as máscaras da Baixa Limia.



- **Eco granxa do Xurés:**

Consistiu no ,mantemento e renovación dunha pequena granxa con material funxible (madeira sobre todo) para que o alumnado se inicie no coidado e respecto pola natureza que o rodea e aprenda o oficio tradicional do coidado dos animais na casa. A granxa contou con varios animais durante todo o curso escolar, concretamente cobaias.



- **Eco horto do Xurés**

Renovouse un pequeno horto ecolóxico con materiais funxibles (madeira sobre todo), no que se colleitarían produtos da horta galega (nabiza, grelo, alloporro, leitugas, pementos, amorodos, tomates, entre outros. Con esta iniciativa pretendeuse que o alumnado coñecese a forma de cultivo tradicional, sen pesticidas e valore o patrimonio gastronómico e nos xeitos de vida ancestrais da cultura galega.



- **Proxecto 8 Miles do Xurés:**

Proxecto Documental Integral realizado polo centro educativo anualmente. Versou sobre os 8 picos con mais de 1000 metros de altitude do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

A partir dos 8 Picos, o alumnado coñeceu o seu patrimonio natural, material e tamén realizou experimentos científicos en relación coa natureza e a prevención de incendios (lacara que arrastra o noso Parque Natural dende hai moitos anos).

Guiados pola mascota da Biblioteca, Pancholiño, foi presentándolle os (Miles durante todo o curso académico para lanzar retos mes a mes e así o alumnado ter unha guía ou folia de ruta nas súas investigacións.

<https://youtu.be/mwU9hIvvTB8>

<https://youtu.be/ihd9g5HH3al>

<https://youtu.be/kbun1b-MJLM>

<https://youtu.be/oQP4oUAgTwY>

O último ventres de cada mes o alumando presentou as aprendizaxes do Pico do mes e Pancholiño presentáballes o novo Pico e os retos correspondentes.



- **Elaboración de xogos tradicionais da cultura galega nos patios do centro educativo**

Esta iniciativa consistiu en crear con pintura no solo dos patios de lecer xogos tradicionais para que o alumnado participase nestas actividades durante un día á semana (atópase esta iniciativa de actividade na programación dos patios inclusivos, dinámicos e igualitarios do centro). Continuarase aumentando a iniciativa no vindeiro curso académico.

de Maus de Salas, o foxo do Lobo e realizamos un pequeno roteiro polo complexo turístico deportivo O Corgo.

- **Camiño Miñoto Ribeiro:**

Aproveitando a celebración do Xacobeo 21-22, o centro educativo que versou sobre o patrimonio material do Camiño Miñoto Ribeiro co gallo do Xacobeo21-22. O alumnado realizou este Camiño dende a fronteira portuguesa de *Portela de Homem* ata a Catedral do Apóstolo en Santiago de Compostela.

Este Camiño realizado de xeito colaborativo entre todo o alumnado do centro conxuntamente coas familias e profesorado do centro; distribuíndose a distancia total entre os 47 alumnos e alumnas do centro que foron acompañados polos seus familiares e mestres.

Os últimos 4 km aprox,. Da viaxe realizouna todo o centro educativo visitando o martes 21 de xuño a cidade de Santiago para recibir a mascota da biblioteca do centro, Pancholiño, a ansiada Compostelá.

Durante todo o traxecto, etapa a etapa, día a día, cada alumno foi lendo un pouquiño do libro o Camiño das Estrelas, da Editorial Antela para conseguir unha lectura colaborativa do relato durante todo o Camiño e a posta en valor da nosa lingua durante o percorrido.



13.3. PROPOSTA DE MELLORA E CONCLUSIÓN

Salientar por unha banda, que tanto as actividades como a implicación da comunidade educativa resultaron positivas no desenvolvemento deste proxecto, acadándose a gran maioría dos obxectivos propostos. Sen embargo, é necesario seguir traballando na mesma liña nos próximos cursos para conseguir o obxectivo último do proxecto: Valorar a cultura galega e fomentar o uso da nosa lingua en todos os ámbitos.

Por outra banda, comentar que houbo algunhas actividades contempladas no proxecto inicial que en anos anteriores debido a COVID-19 non se puideran realizar e que neste curso académico 2021-2022 puideron volver retomarse incluíndo a centros da contorna nas mesmas, o que resultou ser unha experiencia moi positiva e enriquecedora para tódolos centros participantes.

14. MEMORIA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Coordinador: Alberto Pérez Rodríguez

Ao longo do curso que agora remata, moitas foron as actividades complementarias e extraescolares programadas ao principio do mesmo, pero máis foron aínda as actividades que se levaron a cabo.

A valoración global de todas elas en conxunto é moi positiva. Os obxectivos formulados na súa programación foron amplamente cumpridos na maioría dos casos, e incluso superaron as nosas expectativas unha vez realizadas á vista dos resultados obtidos.

Finalmente destacar que, ademais realizáronse as conmemoracións enmarcadas na orde de calendario escolar para o curso 2021-2022.

- **Luns 25 de outubro, Día das Bibliotecas Escolares.**

Como tódolos anos celebramos o día das Bibliotecas Escolares. Este ano como o 24 de outubro foi domingo, celebrouse esta data tan importante o luns.

Realizouse a actividade “Eu recomendo este conto...”



Ademais entregáronse as mochilas viaxeiras ao alumnado para que comencen a súa viaxe por tódolos fogares do alumnado do CEIP Plurilingüe do Xurés. As mochilas están organizadas do seguinte xeito: 1 para Educación Infantil e 1 por cada ciclo de Educación Primaria.



- **Venres 29 de outubro, Samaín.**

Comezamos a celebración despois de comer coa actividade de mestres dos venres, dedicada a xogos de Samaín. Despois continuamos coa entrega de premios do Concurso de Decoracións de Samaín e finalmente todo o centro educativo participou no Baile de Samaín.



- **Mércores 3 de novembro, Contacontos.**



O alumnado participou nun contacontos entre as 13:00 horas e as 14:00 horas.

- **Venres 12 de novembro, Magosto.** Comezamos o día do Magosto indo ao colexio de Entrimo para realizar unha presentación e tomar un chocolate quentiño para o frío. Despois o alumnado de ámbolos dous centros dirixiuse á área recreativa do ría Pacín (Entrimo) para festexar xunto co alumnado do colexio de Entrimo a festividade do Magosto. Nesta xornada de xogos e tamén de convivencia o alumnado desfrutou da compañía dos nenos e nenas de Entrimo, coñeceron un sitio novo na comarca d Baja Limia e festexar o Magosto coa súa comida típica con castañas asadas.

<https://biblioxures.blogspot.com/2021/11/magosto-2021.html?m=1>

- **25 novembro, Día Internacional da Non Violencia de Xénero**

O 25N participouse nunha actividade promovida polo consello de Lobios, sobre concienciación en contra da violencia de xénero. Nese día tamén se decorou a biblioteca con bolboretas violetas en memoria das vítimas de violencia de xénero do ano 2021 e bolboretas brancas en mostra de loita e repulsa en contra das vítimas de violencia vicaria.

Ademais na quincena anterior, o alumnado do centro estivo a preparar un vídeo de concienciación e divulgación a través das redes sociais do concello de Lobios para tentar chegar ao maior número de persoas do concello e da contorna de influencia do centro educativo.



<https://www.youtube.com/watch?v=izHdYdOTPPI&t=2s>

- **3 decembro, Día Internacional da Diversidade Funcional**

Nesa semana nos tempos de lecer do centro educativo realizáronse xogos para vivir experiencias nas que o alumnado estivo privado dalgún senso. Ademais realizouse un mural para destacar a conmemoración.

- **13 decembro, actividade concienciación en contra da Violencia de xénero**

Traballamos a diversidade funcional a través de xogos colaborativos nos que incidiuse sobre a importancia de adaptacións ante a merma dalgún órgano dos sentidos. Foi unha actividade de concienciación moi interesante para todo o alumnado.



- **21 de decembro, Festival de Nadal**

Celebramos o festival de Nadal presencial despois de no curso anterior ter que facelo de xeito on-line. Pasámolo moi ben, tivemos a visita de papá Noel e tamén recibiu o alumnado os agasallos do concurso de manualidades do Nadal.



- **28 de xaneiro, celebración do Día da Paz e non violencia**

Baixo o lema “Camiñando pola Paz” este ano no centro educativo celebramos esta data tan importante sinalada.



Pola mañá deixamos as pegadas no mural feito de xeito colaborativo entre todo o centro educativo.

Pola tarde fixemos varios xogos ao aire libre de diferentes países do mundo e un obradoiro de pombas da Paz.



REMATAMOS O DÍA CANTANDO UNHA CANCIÓN SOBRE A PAZ:

https://youtu.be/X_NIAemneSo

- **22 de febreiro, Obradoiro de Xogos Populares da Deputación de Ourense**

Neste día o alumnado de toda Primaria participou como en anos anteriores no Obradoiro de Xogos Populares da Deputación de Ourense.



- **23 de febreiro , día de Rosalía (celebrado conxuntamente co día de Entroido)**



- **24 de febreiro, Obradoiro de Radio.**

Un ano mais o centro participa dentro da iniciativa Radio na Biblio. Realizouse un obradoiro de Radio coa colaboración dun locutor profesional, da Radio Galega. Como coincidiu coa semana das ordes do meco de entroido, o alumnado estivo disfrazado durante a realización da actividade.



- **25 de febreiro, Entroido no Xurés.**

No día de Entroido celebrouse conxuntamente xunto co alumnado da escola Infantil de Lobios e o colexio de Entrimo. Realizamos o desfile polas rúas do Concello. Tamén ao rematar o desfile fixemos a actividade para conmemorar o día de Rosalía de Castro, cunha ofrenda floral e recitando un poema da nosa escritora galega mais relevante.





- **8 de Marzo, día Internacional da muller traballadora**

Conmemoramos esta data tan importante cunha serie de obradoiros e unhas lecturas por parte do alumnado de 3º a 6º de Primaria sobre os traballos das mulleres relevantes e importantes das súas vidas. Para finalizar interpretamos cantando e bailando unha canción.

<https://youtu.be/L8HIYPxprwY>

<https://youtu.be/5sfdPFkT8U4>



- **10 de marzo, charla editor libros**

Contamos coa colaboración de Xabier Domínguez Pérez, da editorial Antela e creador da colección de contos para nenos de Naturizo. Explicou o proceso de creación dun conto ou libro e técnicas de escritura e narración. Foi unha actividade moi interesante e enriquecedora



- **7 abril, obradoiro Lectura e Familias para 3º/4º Primaria**

Neste día acompañounos Soledad Felloza para realizar un obradoiro sobre a lectura xunto con algunha familia do alumnado de 3º e 4º de Primaria.



- **8 abril, charla sobre prevención de incendios**

O alumnado de 5º e 6º participou nunha interesantísima charla sobre a natureza e as diferentes especies de árbores como axuda a combater os incendios forestais.



- **22 abril, obradoiro de Lectura e Familias para o alumnado de 5º e 6º de Primaria**

O alumnado participou xunto con algunha familia neste obradoiro da man de Damián Alonso sobre lectura e familia para motivar e potenciar a lectura coa familia.



- **22 abril, celebración do día do Libro**

Todo o centro educativo entre as 12:00 e as 14:00 horas participou nas actividades do Día do Libro.

Realizáronse as seguintes actividades: citas lectoras, lectura compartidas e intercambios de libros entre o alumnado.



- **22 abril, charla sobre seguridade na navegación en Internet Navega con Rumbo**

O alumnado de 5º e 6º acabou o día participando nunha charla sobre ciberseguridade e navegación segura polas redes.



- **6 de maio, obradoiro Lectura e Familias para o alumnado de Infantil**
Neste día o alumnado de Infantil xunto con algunha familias participou nun obradoiro con Charo Pita sobre a lectura e familia.



- **2 ao 6 de maio, semana da liberdade de prensa.**
Conmemorouse o Día da Liberdade de Prensa. Así pois, o alumnado do cole elaborou as súas propias noticias, dividindo ás diferentes aulas en distintas temáticas, así como adaptando o contido das noticias ás diferentes idades.



- **9 de maio, obradoiro de Lectura e Familias co alumnado de 1º e 2º de Primaria**

Neste día o alumnado de 1º e 2º de Primaria xunto con algunha familia participou nun obradoiro sobre lectura e familias con Yolanda Castaño.



- **24 de maio, día europeo dos Parques Naturais.**

Nesta data todos os centros educativos da comarca conmemoramos esta data no noso benquerido Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés. Todos visitamos Muíños, coñecemos os seus dolmenes, o foxo do lobo e rematamos a xornada con unha busca do tesouro organizada polos membros do Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés polas beiras do embalse das Conchas no complexo do Corgo en Muíños. Ademais agasallaron a todo o alumnado cunha árbore para recordo deste día.



- **21 de xuño, Camiño de Santiago**

Por fin chegou o día de rematar a nosa peregrinación colaborativa ata o Apóstolo. O alumnado de todo o centro educativo realizou o último tramo da nosa Camiño (miñoto Ribeiro) para chegar a Catedral do Apóstolo e conseguir a nosa ansiada Compostelá e tamén rematar a lectura do libro Camiño das Estrelas que viñemos realizando durante todo o noso percorrido (183 km dende a fronteira de Portela de Hommen).

15. MEMORIA DA BIBLIOTECA (PLAMBE)

Un ano mais o centro educativo participou no PLAMBE da Consellería. O centro pertence á convocatoria PLMABE 11, no cal ingresou no curso académico 2015/2016.

Debido a extensión da memoria da Biblioteca achégase no *Anexo: Memoria da Biblioteca (PLAMBE)*, da presente memoria final de curso do CEIP Plurilingüe do Xurés.

16. RADIO NA BIBLIO

Coordinador: Santiago Álvarez Areas

Para desenvolver o Proxecto de Radio na Biblio elaboráronse as seguintes actividades durante o curso escolar:

- Entrevista a Alberto (enxeñeiro forestal do Parque Natural do Xurés) dentro do PDI do Centro chamado “Os oito miles”. Nesta actividade, os alumn@s de 5º e 6º de Primaria entrevistaron a un enxeñeiro forestal que lles falou da súa profesión e da importancia do coidado e da conservación dos espazos naturais.
- Letras galegas: Unha das actividades que se fixo neste curso escolar para conmemorar o Día das Letras Galegas foi a elaboración de diferentes poemas de creación propia por parte dos alumn@s de cada aula. Estes poemas foron recitados para todo o colexio e posteriormente recollidos nun podcast no que participaron todos os alumnos de Primaria.
- Obradoiro de radio impartido por Luís Pardo chamado “O micro non morde”.
- Entrevista a nosa auxiliar de conversa (Amita) procedente da India. Neste podcast, as preguntas foron feitas en galego e en inglés. A entrevistada respondeu en inglés.
- Entrevista á alcadesa do noso municipio (Maricarmen). Neste podcast os [alumn@s](#) elaboraron unha serie de preguntas para facerlle á alcaldesa

do noso municipio principalmente para coñecer como é o seu traballo e como é o funcionamento dun concello.



17. BIBLIOCREATIVA

Coordinador: Javier Castro Revaldería

17.1. Introducción



Este ano continuamos a aventura da Biblioteca Creativa, un proxecto apaixonante, tanto para o profesorado como para o alumnado; o cal permitiunos adquirir numerosos contidos dun xeito lúdico e interdisciplinar, fomentando unha aprendizaxe significativa e interdisciplinar mediante o emprego de actividades makey makey e escornabots.

17.2. Consecución de obxectivos

Os obxectivos propostos con este proxecto foron os seguintes:

- Potenciar a motivación do alumnado mediante unha aprendizaxe lúdica e motivadora: Este obxectivo foi acadado, pois comprobamos que moitas alumnas e alumnos prestaban unha especial atención ás tarefas do proxecto.
- Fomentar a integración e a convivencia entre o alumnado: Por mor da pandemia da Covid, este ano as tarefas grupais estiveron moi

condicionadas. Sen embargo, na Biblioteca Creativa, o alumnado axudouse moito (na distancia) dando consellos entre compañeiros/as e propoñendo grupalmente ideas; debido ao gran interese e motivación que amosaban.

- Repasar contidos curriculares a través de diferentes xogos: Durante días de obrigada conmemoración, o alumnado repasou os contidos dados nas súas respectivas aulas, a través dos xogos do proxecto.
- Levar a cabo aprendizaxes interdisciplinares: Vinculado ó punto anterior, a Biblioteca Creativa permitiunos adquirir contidos vinculados a outras áreas, na súa maioría de Lingua Galega e Castelá, Inglés, Educación Plástica, Ciencias Naturais e Educación Musical.
- Fomentar a Competencia en Aprender a Aprender e a Competencia Dixital, a través do uso de tablets e mediante o fomento da capacidade de tomar as súas propias decisións.

17.3. Desenrolo de actividades

A continuación amosaremos as actividades realizadas ó longo do curso.

Debuxos informáticos



Sumas e restas mediante o escornabot



Robótica e programación



<https://www.youtube.com/watch?v=BbKz95D3Zwg>


<https://www.youtube.com/watch?v=5ngnK1WSP5w>

<https://www.youtube.com/watch?v=XRpMB8Q0zqw>

<https://www.youtube.com/watch?v=n8rAK5vLHQc>

Pesadelo na Biblioteca

Nesta ocasión, o alumnado tivo que buscar información sobre diversos libros, como o título, a autoría ou o xénero.



O coche intelixente

Nesta ocasión construímos un coche robot, o cal programamos para que reaccionara as nosas ordes. O coche robot conta cun sensor que lle permite recoñecer as nosas mans para, deste xeito, iniciar o seu movemento.



Pancholiño Forestal

Co coche robot, construímos un gardabosques representado pola figura de “Pancholiño”, o protagonista do noso *PDI 8 Miles*. No seguinte enlace pódese observar o vídeo do traballo realizado:

<https://www.youtube.com/watch?v=wbWS7VtTCfo>

O mundo ao revés

Co material Digicraft, creamos un tutorial de Origami.

<https://bibliocreativaceipdo.blogspot.com/2022/02/digicraft-o-mundo-ao-reves.html>

Escornabot Día do Libro



17.4. Propostas de mellora

Unha vez finalizado o curso escolar, no tocante ás propostas de mellora para o seguinte ano, dende o claustro de profesorado consideramos que debemos mellorar nos seguintes aspectos:

- Realizar máis actividades en 3D.
- Propor novas actividades con escornabots.
- Levar a cabo proxectos con makey makey.
- Realizar tarefas coa impresora 3D, cando contemos con ela.
- Adquirir novos escornabots, que permitan realizar tarefas máis lúdicas.
- Propoñer máis actividades interdisciplinares.
- Fomentar a implicación coas familias.
- Facer máis actividades grupais.

18. MEMORIA LECTURA E FAMILIAS

Coordinador. Javier Castro Revaldería

Neste curso 2021/2022 comezouse o proxecto Lectura e Familias, có cal pretendimos involucrar ó total da comunidade educativa na biblioteca escolar. Durante o proxecto, recibimos a visita de catro recoñecidos autores/as, fomentamos o gozo pola lectura no alumnado e loitamos por potenciar a relación familia-escola.

18.1. GRADO CUMPLIMENTO OBXECTIVOS PROPOSTOS

Os obxectivos plantexados co desenvolvemento do seguinte proxecto foron os seguintes:

- Fomentar a relación familia-escola: Este obxectivo non foi acadado, pois soamente unha familia participou nos obradoiros; ademais, tampouco conseguimos que ningunha familia acudise ao centro a facer algunhas lecturas.
- Recoñecer e valorar a lingua e cultura galegas, mediante a lectura de libros escritos na nosa lingua: Este obxectivo está acadado, pois fomentouse a lectura en galego, así como nos diferentes obradoiros, levándose a cabo todos eles en Galego e fomentándose neles a nosa riqueza cultural.
- Potenciar a lectura no fogar familiar, non soamente na escola; afianzar o hábito de ler como unha costume que acompañe ó alumnado ao longo da súa vida escolar e, tamén, na súa vida adulta; así como fomentar nas familias a importancia de que os seus fillos e fillas lean no fogar: Consideramos acadado este obxectivo, pois a xestión dos préstamos de libros da biblioteca indícanos unha alta participación por parte do alumnado. Ademais, dende o centro inculcouse a lectura coma un pilar para o correcto desenrolo académico do alumnado.

18.2. ACTIVIDADES DESENVOLTAS

Realizamos catro obradoiros ó longo do curso, con catro recoñecidos autores/as. Foron os seguintes:

Soledad Felloza (3º e 4º de Primaria)

Realizou un obradoiro denominado “Ler está de moda”, organizando desfiles de libros e falándonos da súa colección de libros, así como permitíndolle ao alumnado coñecer a súa obra.



Damián Alonso (5º e 6º de Primaria)

Realizou un obradoiro sobre lectura dramatizada en voz alta, denominado *Vive a biblio en familia!*



Charo Pita (Infantil)

Realizou un obradoiro chamado *Abrazar coas palabras*, no que levou a cabo xogos con libros para estimular a comunicación.



Yolanda Castaño (1º e 2º de Primaria)

Realizou un lúdico e expresivo contacontos en verso, baseado nas súas obras dirixidas ao público infantil e ensinandolle ao alumnado diferentes rimas.



18.3. VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN E GRAO DE VALORACIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Como xa comentamos, a participación das familias foi practicamente nula. Nembargantes, a participación dos distintos autores e autoras, o alumnado e máis o profesorado, foron moi positivas.

18.4. RELACIÓN DE TEMAS TRATADOS E PROPOSTAS REALIZADAS POLOS PARTICIPANTES

Durante o proxecto tratáronse os seguintes temas:

- Riqueza cultural galega.

- Valores como inclusión, tolerancia e respecto.
- Relación entre compañeiros/as e familias.
- Respeto e valoración cara un mesmo.

Como xa se comentou no anterior apartado, os autores participantes no proxecto propuxeron diferentes actividades, coma dramatizacións, rimas de poesías, desfiles de libros ou xogos con palabras.

18.5. RECURSOS DA BIBLIOTECA EMPREGADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Cos fondos adquiridos pola participación no proxecto, adquirimos novos libros para a Biblioteca, os cales ofrecéronlle ao noso alumnado a posibilidade de poder ler novos libros, tanto no centro coma no ámbito familiar.



18.6. VALORACIÓN DA EXPERIENCIA E IMPLICACIÓN DO ALUMNADO

Foi unha experiencia moi agradable e enriquecedora, pois permitiunos coñeces a importantes figuras da literatura galega dun xeito cercano, tanto para nós como para o alumnado, o cal desfrutou amplamente desta experiencia; nembargantes, a participación das familias foi escasa.

19. MEMORIA DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

Coordinadora: Cristina Freire Rodríguez

Durante o curso 2021/2022, dende o equipo da Dinamización das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación, leváronse a cabo unha serie de propostas encamiñadas a toda a comunidade educativa. Entre estas propostas, destacamos:

- Posta a disposición dos titores e do alumnado software e recursos educativos relacionados cos contidos traballados nas distintas áreas (xogos, vídeos, recursos en rede...).
- Organización dun horario de emprego da aula de audiovisuais por todo o centro educativo.
- Emprego, en colaboración co coordinador da biblioteca, do centro de recursos TICs dispoñibles neste espazo (encerado dixital, ordenadores...)
- Posto en funcionamento de novos dispositivos recibidos pola Consellería.
- Dinamización da páxina web do centro, co fin de facer dela unha canle de comunicación coas familias, a contorna e outros centros educativos.
- Actualización de contidos da páxina web do centro.
- Actualización de contidos do blog do centro converténdoo así no canle de comunicación coas familias.
- Comezouse coa creación de contidos para dotación da aula virtual do centro por parte do profesorado. Deberase continuar o vindeiro curso. A aula virtual utilízase xunto co blog para seguir a docencia cos alumnos/as confinados.
- Formación por parte do profesorado do centro de cara o uso e posta en práctica dunha impresora 3D.

A maiores, durante o curso 2021/2022, realizáronse as seguintes melloras:

- Adquisición de un impresora 3D.
- Adquisición dun encerado dixital para primeiro de primaria.

- Adquisición de un retroproyector.

Tamén cómpre destacar que o centro segue participando no Proxecto Digicraft e na Biblioteca Creativa.

20. PATIOS INCLUSIVOS/DINÁMICOS/IGUALITARIOS

Coordinadora: Félix Fernández Sueiro

20.1. INTRODUCCIÓN

A convivencia é un factor esencial para a formación de cidadáns autónomos, libres, e capaces de exercer a cidadanía democrática de xeito efectivo. Ademais constitúe un aspecto fundamental para a inclusión na sociedade.

Por todo iso, a presente iniciativa xurde froito da inqueda por intentar buscar accións colectivas de mellora na convivencia que fagan do espazo educativo un lugar de participación e de relación respectuosa e harmoniosa con todos e entre todos, buscando construír unha cultura de centro baseada na aprendizaxe de e para a convivencia, que vaia en pro da constante procura da mellora da calidade da educación, tendo en conta que este camiño é responsabilidade de todos, facendo deste xeito efectivo o principio de esforzo compartido que propugna a actual Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que modifica á anterior Lei 2/2206, do 3 de maio, de Educación (LOE).

Por todos estes motivos, e tendo en conta que a convivir tamén se aprende, resulta fundamental xerar prácticas de convivencia inclusiva e ter

presentes e interiorizadas as normas (tanto a nivel de aula, coma de centro) tras elaboralas e xustificar a súa necesidade de xeito consensuado.

Así, a través desta iniciativa promóvese a realización de diferentes actividades nos patios co fin de evitar que sempre se xogue ao fútbol, que é o deporte maioritario no centro e que xera moitos conflitos. A través do xogo cooperativo foméntanse valores de axuda e respecto mutuo, resolución de conflitos, coidado dos materiais...Sendo o obxectivo principal acadar un bo clima centro.

20.2. ORGANIGRAMA DE ACTIVIDADES TRIMESTRAIS

A continuación, relátanse as actividades realizadas en cada trimestre durante o curso 2021-2022:

1º TRIMESTRE

- Organización da alimentación dos animais da EcoGranxa en colaboración coas familias.
- Distribución do espazo de lecer adaptando as medidas do protocolo COVID.
- Organización do Bibliopatio.
- Acondicionamento da pintura de bancos de lectura de bibliopatio e decorado dos mesmos.
- Explicación e posta en marcha dun horario semanal dos patios.
- Organización de coidado do EcoHorto.

2º TRIMESTRE

- Acondicionamento das plantas do xardín vertical.
- Continuación do Eco-horto xa creado e posto en marcha no anterior curso escolar.

3º TRIMESTRE

- Implantación da tirolina e don horario de uso da mesma.
- Creación de diferentes xogos pintados no espazo de lecer.

20.3. INICIATIVAS

- **Bibliopatio**

Construíuse nun pallet con rodas e engadíuselle unhas bolsas para colgar os libros. Estes libros principalmente son de temáticas emocionais, inclusivas e de resolución de conflitos. A iniciativa comezou no mes de outubro e tivo moita acollida por parte de todos os nenos e nenas do centro. Ademáis rematouse de decorar os bancos de lectura.



- **Eco-horto**

Seguíuse co coidado e plantación do horto. É un lugar onde resollen conflitos, repártense as tarefas sen ter en conta o sexo, axúdanse entre iguais, mellorando así as relacións entre eles.

Mellorouse o horto xa que se implementou un sistema de rego automático cumprindo así con unha das propostas de mellora pendentes do curso anterior.



- **Eco-granxa**

O coidado dos animais é unha actividade que promove a creación de situación de comunicación e axuda entre iguais. Polo tanto, decidiuse construír unha eco granxa con unha cobaya. Aos alumnos encantoulle a idea e durante os patios acudían a ver os animais. Ademais traballase a igualdade para a realización de tarefas como limpeza dos animais, coidado dos mesmos, preparación da comida...Para o terceiro trimestre estaba previsto implementar un calendario para a alimentación dos animais e colaborar así coas familias pero quedou pendente de realizar debido a situación extraordinaria do COVID19.



- **Casiña inclusiva**

Seguimos coa iniciativa da casiña inclusiva. Nesta casiña sabíamos que xurdirían problemas porque todos querían xogar nela e polo tanto é un lugar para resolver conflitos de forma pacífica, compartir o espazo, potenciar o xogo simbólico nos máis pequenos. Este ano está sendo utilizada polos máis pequenos do centro e engadímoslle unha cociña de xoguete para o areneiro.

- **Patrullas de patio**

Este ano debido a pandemia COVID19 non se puido seguir coa iniciativa dos patrulleiros do Xurés. Como unha actuación máis do centro, pénsase na necesidade de crear un servizo de mediación como estratexia para a mellora da convivencia no centro para o recreo de horario lectivo e de comedor, que se engloba dentro do Plan de Convivencia do centro.

No centro optamos por unha resolución cooperativa dos conflitos nos que o acordo e a negociación ocupan lugares prioritarios e nos cales o alumnado serán os que asuman o protagonismo e a responsabilidade no proceso de resolución dos conflitos actuando como mediadores



- **Xogos cooperativos**

Pintáronse diferentes xogos nas diferentes zonas do patio co fin de buscar un entretemento na hora de lecer que se adapte ao protocolo COVID. A idea principal era ter un xogo por cada espazo de patio para que así todos os grupos burbulla poidan desfrutar dun. Ademais o resto do alumnado poden utilizalo sempre que este libre durante calquera hora que non sexa a hora de lecer. Os xogos escollidos foron: o parchís, a táboa do 100 multixogos, o tres en raia, circuitos de coches, vermes de números e letras e o truco. E tamén se fixo un dominó xigante de madeira.



- **Tirolina**

Instalouse unha tirolina no terceiro trimestre e para usala cumprindo o protocolo COVID estableceuse o seguinte horario:



- **Club de Ciencias**

Durante a semana, en horario lectivo, como unha actividade mais dos patios dinámicos, o alumnado do centro deberá realizar un proxecto inducido relacionado co PDI do centro, no que teñen que investigar acerca dos 8 miles do Xurés e realizar un experimento coa súa explicación/presentación, antes os compañeiros/as do centro, mensualmente. Realizarán o experimento, so dándolle(por parte dos mestres), o material a utilizar.(deberán investigar pola súa conta, coa axuda dos mestres, si fixese falta).

- **Actividades dirixidas polos mestres**

Decídese que por parte do claustro, cada mestre organizará unha actividade co fin de promover hábitos de exercicio e saúde.As distintas actividades vanse publicando semanalmente no blogue do centro para que as familias vexan as propostas realizadas. O enlace do blogue é o seguinte:

<https://biblioxures.blogspot.com>

Horario dos patios dinámicos

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
30 min	R	E	CR	E	O
Infantil	Biblioteca	Horto	Parchis	Club de ciencias	Granxa
1º	Horto	Biblioteca	Granxa	Tirolina	Xogo Contidos

2º	Parchis	Xogo Contidos	Biblioteca	Granxa	Tirolina
3º y 4º	Granxa	Parchis	Horto	Biblioteca	Club de ciencias
5º y 6º	Tirolina	Granxa	Club de ciencias	Xogo Contidos	Biblioteca
30 min(despois de comer)	P	A	T	I	O
Infantil	Tirolina	Libre	Casiña	Libre	Xogo profe
1º	Club de ciencias	Libre	Parchis	Libre	Xogo profe
2º	Horto	Libre	Club de ciencias	Libre	Xogo profe
3º y 4º	Xogo Contidos	Libre	Tirolina	Libre	Xogo profe
5º y 6º	Parchis	Libre	Horto	Libre	Xogo profe

20.4. PROPOSTAS DE MELLORA

- Mellorar a parte do patio de arriba.
- Refacer o panel dos patrulleiros do Xurés e levalo a cabo.
- Continuar coas iniciativas establecidas.
- Propoñer as familias que participen nas actividades dirixidas.

21. PLAN DE IGUALDADE

Coordinadora: María Pilar Blanco Fernández

21.1. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Os principios de inclusión e equidade estiveron presentes ó longo de todo o curso escolar. Desta forma acadáronse os seguintes obxectivos coeducativos programados:

- Facer aos alumnado e á comunidade educativa en xeral conscientes das desigualdades existes na actualidade en materia de xénero. ✓
- Estudar a situación de desigualdade no centro e no ámbito próximo. ✓
- Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. ✓
- Respetar a igualdade de oportunidades no xogo. Ser conscientes de que todos e todas teñen dereito a elixir tanto xogos como xoguetes. ✓
- Ensinar a analizar comportamentos, actitudes e linguaxes sexistas en actividades cotiás. ✓
- Facer conscientes aos alumnos da necesidade de colaborar por igual (sexan nenos ou nenas) nas labores domésticas. ✓
- Educar no pensamento crítico respecto dos dereitos laborais entre homes e mulleres. ✓
- Adquirir actitudes de prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero. ✓
- Desenvolver actitudes de respecto cara a liberdade de expresión afectivo-sexual. ✓
- Educar na tolerancia e expresión de emocións. ✓

- Ser críticos ante as mensaxes que reciben a través dos distintos medios de comunicación e que supoñen unha discriminación en materia de igualdade de xénero. ✓

21.2. DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS

Algunhas das actividades que tiveron lugar para mellorar a igualdade son as que seguen:

DE FORMA GLOBAL

- No comedor para favorecer a convivencia e a igualdade xénero os axudantes de comedor distribuíron as súas funcións independentemente do xénero, rotando todos e todas por todas as funcións.
- Á hora de realizar tanto xogos como actividades deportivas diversas ou calquera outro tipo de actividade que requiriu agrupamentos, fixéronse grupos mixtos, reforzando que todos e todas teñen as mesmas posibilidades e valías.
- Dende a biblioteca procurouse adquirir libros non sexistas e que fomentasen a equidade.

DE FORMA ESPECÍFICA

- *25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.* Realizáronse actividades de sensibilización a través da proposta do Concello de Lobios. Creación dun recuncho da memoria.



<https://youtu.be/izHdYdOTPPi>

Video elaborado polo alumnado, unha reflexión sobre a violencia.

- *3 de decembro Día Internacional das Persoas con Discapacidade.* Leváronse a cabo diversos obradoiros para comprender a riqueza da diversidade e educar no seu respecto. <https://youtu.be/-tSCJ1Reowc>
- Do 24 ó 28 de febreiro fíxose a semana de Rosalía de Castro: polo 184 aniversario. Para elo tivo lugar un acto no cal se leron poemas escritos pola autora, se fixo un mural entre todos, ademais da elaboración de rosas de papel.
- *8 de marzo Día Internacional da Muller.* <https://youtu.be/L8HIYPxprwY>

Investigamos sobre diferentes Mulleres Pioneiras ó longo do tempo en diferentes campos: ciencia, tecnoloxía, radio e montañismo. Ata coñecemos ás primeiras mulleres peregrinas que fixeron o Camiño de Santiago. Na Biblioteca fixemos diversas lecturas sobre esta temática. Noutro dos talleres adicámonos a pintar e recortar plumas de cores que formaron un bonito mural:



Pola tarde os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º leron as súas redaccións sobre unhas das mulleres máis importantes da súa vida. Para rematar todos/as xuntos/as cantamos a canción DEPENDE DE LOS DOS.

21.3. VALORACIÓN XERAL DA IGUALDADE NO CENTRO

O grao de satisfacción da comunidade educativa en relación co fomento da igualdade é satisfactorio sobre todo no que respecta á educación na prevención de situacións que sexan en contra da mesma.

21.4. PROPOSTAS DE MELLORA

- Desenvolver máis actividades específicas de fomento da igualdade.
- Recibir formación sobre o fomento da igualdade para toda a comunidade educativa.
- Seguir adquirindo fondo bibliográfico que fomente a igualdade atendendo ós diferentes tipos de diversidade.

22. PLAN DE CONVIVENCIA

Coordinadora: María Pilar Blanco Fernández

22.1. CUMPRIMENTO DOS OBXETIVOS PROPOSTOS

Atendendo ós principios básicos da convivencia, ós dereitos individuais e colectivos, acadáronse boa parte dos obxectivos:

1. En relación ó contexto social: desenvóléronse valores como a xustiza e solidariedade entre o alumando a través de diferentes actividades dende titoría e a través das celebracións de actividades complementarias e extraescolares. Desta forma favoreceuse o exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos da convivencia.
2. En relación co clima escolar: tratouse de evitar conflitos mediante actividades de prevención e sensibilización do respecto e da equidade, mellorando a cohesión grupal.
3. En relación coa xestión da aula: fomentouse o bo clima e a igualdade entre a diversidade.
4. En relación ó protocolo de COVID-19: adaptáronse as normas do centro para primar a seguridade de todas as persoas que estudan/traballan no centro.

22.2. DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

Algunhas das actividades que tiveron lugar para mellorar a convivencia son as que seguen:

ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN

- Presentouse das normas de convivencia a todas as familias na inauguración do curso escolar.
- Púxose á disposición do profesorado o Plan de convivencia para o novo profesorado.

- Púxose á disposición do profesorado o Protocolo COVID-19 da xunta para o profesorado.
- Continuouse cos patios inclusivos, ofrecendo cada día unha actividade diferente relacionada con xogos tradicionais, bibliopatio, xogos cooperativos, ecohorto e xogo libre entre outras. Dotouse ao centro de módulos e xogos nos patios dinámicos.
- Tratouse de sensibilizar na prevención e resolución pacífica de conflitos, nas titorías.
- Elaboráronse normas de aula dende as titorías.
- Procurouse adquirir libros para a biblioteca con contido que fomentase a inclusión, equidade,...
- Tratouse a concienciación contra o acoso escolar e ciberacoso.

ACTIVIDADES DE INTERVENCIÓN

- Levouse a cabo o desenvolvemento do plan de acollida conforme o recollido no PAT para vario alumnado de nova incorporación tardía ppor parte dos titores.
- O Departamento de Orientación en colaboración coa titoría estivo presente para axudar na resolución e/ou asesorar ante pequenos conflitos.
- Dende as titorías ante os conflitos promoveuse a reflexión oral e/ou escrita sobre a conduta inadecuada cometida, lecturas de textos reflexivos, asignación de actividades solidarias e de cooperación,...

ACTIVIDADES RELACIONADAS AO LONGO DO CURSO COA CONVIVENCIA

- Os Proxectos de Centro, están moi relacionados con favorecer a convivencia entre os diferentes membros que conforma a vida educativa. Cabe destacar o Proxecto Camiño Miñoto Ribeiro no cal participaron o alumnado, as súas familias e o profesorado, realizando a través de diferentes etapas, ao longo do curso, o Camiño de Santiago, pola ruta que pasa pola Baixa Limia, unha peregrinase que entablou máis

vínculos e cohesión, acompañados de Panxoliño e co remate final na Praza do Obradoiro en Santiago a final de curso.

Os 8 miles, proxecto que permitiu coñecer a contorna a través de diferentes adiviñas e experimentos, e potenciar a riqueza paisaxística e tradicional ao longo dos meses (cada mes adicado a un pico). Charlas relacionados coa conservación da Natureza, coma a que se realizou en abril sobre os incendios, ou a entrevista radiofónica (na radio do colexio) a un garda forestal (pai dun alumno do colexio).

- Os venres, convertéronse en días moi especiais, xa que cada mestre propuña unha actividade, a través delas descubríanse interesantes habilidades e propostas de ocio nos que o aprendizaxe ía da man de pasar un bo rato.
- Na Biblioteca do centro celebráronse diferentes actividades entre todo o alumnado, coa participación de diferentes escritores (Proxecto lectura e familias co lema “ler está de moda”) e contacontos promovendo o interés pola lectura.
- As celebracións dos cumpreanos de cada mes.
- En outubro a celebración da Samaín, con xogos, concurso de manualidades e baile final.
- 24 outubro Día das bibliotecas escolares. “ Eu recoméndoche este conto...”
- Dende o Xurés para a Illa da Palma, o alumado enviou cartas con fermosos debuxos, para os nenos e nenas da Illa da Palma mostrando o seu apoio e agarimo ante a situación que estaban a vivir pola erupción do volcán.



- Novembro, celebración do Magosto en compañía do CEIP Santa María A Real (Entrimo), un día de convivencia e de xogos tradicionais.

<https://youtu.be/YIn1xJxRIVk>


- Decembro. Festival de Nadal, con actuacións cheas de ilusión, obradoiros de Nadal nos que se elaboraron postais, merendas navideñas e xogos.
- Xaneiro. Camiñando Pola Paz. No que se fixo un mural das pegadas, todos/as camiñando por un mundo millor, tamén se fixeron xogos tradicionais de diferentes países do mundo e de manualidades unhas pombas.



<https://youtu.be/X NIAemneSo>

- Febreiro. Entroido. Un día de convivencia co CEIP Santa María A Real (Entrimo), baixo o lema “A diversidade do Xurés”, día de ledicia descubriendo cales eran os xogos tradicionais dos avós e avoas.
- Artistas do Xurés. Grazas a Alba, membro da Banda Municipal de Celanova, descubrimos os artistazas que había no colexio tocando a batería.

- Marzo. Celebración de St.Patrik's Day. <https://youtu.be/sQ6P5aLqsj8>
- Abril. Día do Libro. "Citas Lectoras", cada neno/a tiña unha peza dunha portada dun libro, tiña que buscar a outra parte para completalo, entre os seus compañeiros. Os maiores leron aos máis pequenos e o final das actividades tiveron de agasallo un libro.
- Maio. Día das letras galegas adicado a Florencio Delgado Gurriarán. Buscaron e elixiron as verbas máis fermosas en galego, con elas cada clase creou un poema que leron aos demais compañeiros/as do colexio.



- Liberdade de Prensa. Esta semana conmemorouse o Día da Liberdade de Prensa. O alumnado do cole elaborou as súas propias noticias, dividindo ás diferentes aulas en distintas temáticas, así como adaptando o contido das noticias ás diferentes idades.
- Día dos Parques Naturais. Os 4 colexios da Baixa Limia reuníronse para celebrar o día.



CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas
(Bande)
CEIP Valle Inclán (Muiños)
CEIP Santa María A Real
(Entrimo)
CEIP Plurilingüe do Xurés (Lobios)

- Xuño. Último tramo do Camiño Miñoto Ribeiro. Chegada a Santiago de Compostela.

22.3. VALORACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

O grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa convivencia pódese contemplar respecto da escaseza de conflitos existentes no centro educativo. Si ben é certo dicir que xa leva posto en marcha durante outros anos os vixilantes de patio polo que isto tamén axuda a que a convivencia se estableza e sexa o propio alumnado quen de resolver os conflitos.

Polo que existe unha clara diminución de incidentes grazas a esta forma de traballo.

22.4. PROPOSTAS DE MELLORA

- Crear carteis de difusión das normas de convivencia en puntos comúns.
- Desenvolver máis actividades específicas de fomento da convivencia e prevención.
- Afondar na formación sobre a mediación para o profesorado e alumnado.
- Crear unha nova aula específica de convivencia dotándoa de material específico

23. PLURILINGÜISMO

Coordinadora: Mirian Corrales Pérez

No presente curso 2021-2022, o proxecto plurilingüe desenvolveuse no 1º, 2º e 3º curso de Educación Primaria na área de educación artística (*Arts*). A maiores, tamén se implantou por primeira vez o programa de plurilingüismo *Plurinfantil* na etapa de Educación Infantil, o que supuxo unha hora máis en inglés para o alumnado desta etapa.

23.1. COMPOÑENTES DO EQUIPO DE PLURILINGÜÍSMO

Mirian Corrales Pérez, coordinadora do proxecto de plurilingüismo e mestra especialista de inglés que imparte lingua estranxeira e educación artística (*Arts*) en 1º, 2º e 3º de Educación Primaria así como lingua estranxeira e a sesión de *Plurinfantil* na etapa de Educación Infantil.

Amita Yadav, auxiliar de conversa compartida co CEIP Xoaquín Lorenzo Xocas de Bande, no que impartiu docencia dende febreiro ata maio. No caso do CEIP Plurilingüe do Xurés, desenvolveu a súa labor entre os meses de outubro e xaneiro, por tratarse do centro base.

Cristina Freire Rodríguez, mestra de Educación Infantil e titora do grupo mixto de Educación Infantil (4º, 5º e 6º curso).

23.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Etapa de Educación Infantil

No programa *Plurinfantil* tomaron parte 14 alumnos de Educación Infantil. Conforman un grupo mixto con nenos e nenas de diferentes idades, escolarizados en 4º, 5º e 6º curso desta etapa. Ademais das diferenzas de idade, amosan distintas capacidades e necesidades.

Etapa de Educación Primaria

No proxecto de plurilingüismo, participaron 10 alumnos/as de 1º de Educación Primaria e 5 alumnos/as de 2º de Educación Primaria así como 6 alumnos/as de 3º Educación Primaria.

23.3. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

Profesorado

No referido aos docentes e á persoa auxiliar, levamos a cabo actuacións como:

- constituírse como equipo de plurilingüismo,
- manter unha colaboración e coordinación como equipo de plurilingüismo co fin de crear un clima de traballo eficaz,
- organizar actividades en inglés dirixidas á totalidade do alumnado co fin de incrementar a presenza da lingua estranxeira no centro ([Christmas Love](#), *panxoliña en inglés que foi representada no festival de Nadal polo alumnado de 1º e 2º ou xogos de [St. Patrick's Day](#)*).
- organizar actividades que lles permitiron ao alumnado achegarse á cultura e ás tradicións do país de orixe da nosa auxiliar de conversa. Neste sentido, deseñáronse situacións de aprendizaxes para que o alumnado coñecese a festividade do Diwali, tanto en [Educación Infantil](#) como en [Primaria](#).
- implicarse en cursos de formación do profesorado planificados pola Consellería e vinculados ao plurilingüismo: *Xornadas de acollida para auxiliares de conversa* (outubro 2021), *Creating learning opportunities for young learners* (novembro 2021) e *Aplicacións didácticas na aula. Programas de Auxiliares de Conversa* (marzo 2022).

Alumnado

Etapa de Educación Infantil

A valoración do programa Plurininfantil é, en xeral, positiva. Neste sentido, o alumnado aumentou o seu achegamento á lingua estranxeira e o seu contacto con falantes nativos, ao contar na clase coa presenza da auxiliar de conversa. Todos os nenos e as nenas amosaron gusto e interese por participar en rutinas, xogos e

cancións en inglés, desenvolvendo así unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.

Etapa de Primaria

O grao de consecución dos obxectivos foi o esperado. Neste sentido, o alumnado acadou os obxectivos e estándares considerados mínimos. Así, as actividades propostas na materia Arts and Crafts, contribuíron a que o alumnado vaia adquirindo as competencias clave en conciencia e expresión culturais e en competencia lingüística. En canto á evolución da competencia lingüística, apréciase – en xeral – unha mellora da comprensión de instrucións e peticións referidas á vida na aula de plástica (*cut, paste, fold, use your paint brush, mix colours...*). Por outra banda, percíbese un incremento na comprensión e produción oral de léxico referido ás cores e ao material escolar.

Tanto na etapa de Educación Infantil como na etapa de Educación Primaria, cómpre sinalar que o alumnado se amosou moi entusiasmado coa presenza do auxiliar de conversa, o que os levou a desenvolver unha actitude positiva e un desexo por interaccionar na lingua estranxeira así como un recoñecemento da utilidade do inglés.

Metodoloxía

Etapa de Educación Infantil

O proxecto Plurininfantil tratouse de integrar a través dun punto de vista lúdico, baseado no xogo, nas cancións e no traballo en grupo.

Igualmente, traballouse de xeito coordinado coa titora de infantil, Cristina Freire Rodríguez, para integrar contidos de distintas áreas de coñecemento e traballar os mesmos conceptos tanto na titoría como nas horas de inglés. Máis detalladamente:

- Elaborouse unha asemblea bilingüe (*galego-inglés*), para poder realizar á asemblea en inglés unha vez á semana. Nela, traballáronse os días da semana a través dunha canción, o tempo atmosférico, os números e as cores.
- Planificáronse xogos e actividades para traballar en inglés os proxectos que levaron a cabo na aula de Educación Infantil: [As tartarugas](#), os

Dinosaurios e a Alimentación Saudable. Tamén se traballaron de xeito común outras festividades ou temáticas, como [Diwali](#) ou o [Inverno](#).

Etapa de Primaria

O proxecto plurilingüe desenvolveuse baixo a **metodoloxía CLIL** (*content and language integrated learning*), introducindo os contidos da materia de plástica a través do inglés, tratándoo de converter así en medio de comunicación dentro da aula. En todo caso, para favorecer a comprensión do alumnado, puxemos en práctica técnicas de **scaffolding ou andamiaxe**, como:

- Empregar unha linguaxe simple, con expresións sinxelas.
- Repetir en inglés o que o alumnado di na lingua materna.
- Incrementar a cantidade de linguaxe non verbal: xestos, ton de voz, expresións faciais...
- Usar apoios visuais: *imaxes, vídeos, tarxetas...*

No proxecto plurilingüe tamén se traballaron **aspectos culturais** vinculados aos países de fala inglesa e ao país de orixe da auxiliar de conversa (India), a través da realización de traballos manuais e artísticos referentes a festividades como Halloween, Diwali, Christmas, St. Patrick's Day ou Easter.

A maiores, a través da materia de Arts, tamén tentamos desenvolver a **creatividade** e traballar **elementos transversais** como o respecto polas obras e creacións alleas, a colaboración e o traballo en equipo, a autonomía e a confianza nas propias posibilidades, así como a valoración da limpeza, a orde e o coidado do material.

Finalmente, para atender á diversidade do alumnado e dar resposta ás súas necesidades, puxéronse en práctica estratexias metodolóxicas como: (1) deseñar actividades variadas, con diferentes posibilidades de execución e distintos niveis de dificultade, (2) proporcionar explicacións individualizadas ou (3) incrementar a dispoñibilidade de información visual para o alumnado con máis dificultades para a comprensión da lingua estranxeira (*vídeos, fotos, flashcards...*).

23.4. PROPOSTAS DE MELLORA

- Seguir contando co apoio dunha auxiliar de conversa nativa, co fin de que continúe contribuíndo á mellora da competencia oral do alumnado e lle achegue a cultura do seu país.
- Desenvolver máis actividades de centro que involucren a lingua estranxeira.
- Propor máis actividades complementarias nas que o auxiliar de conversa poida compartir aspectos da cultura do seu país.
- Manter a coordinación coa titora de infantil no referente á programación dos contidos e deseño de actividades, cos titores dos grupos participantes no proxecto plurilingüe, así coma co resto de especialistas e profesorado do centro, para un mellor desenvolvemento do programa.
- Facer un uso máis integrado das TIC na realidade da aula e no desenvolvemento do proxecto plurilingüe.

24. EDIXGAL

Coordinadora: Mirian Corrales Pérez

24.1. DESENVOLVEMENTO DA INICIATIVA EDIXGAL

Desenvolvemento da iniciativa E-dixgal

Ao longo do curso 2021-2022, o alumnado de 5º e 6º curso de Educación Primaria participou no proxecto de educación dixital E-Dixgal. Trátase dunha iniciativa iniciada no centro durante o curso 2019-20, co fin de substituír o libro de texto físico polo libro dixital.

Á hora de valorar a posta en práctica do programa, foi necesario ter en conta a baixa calidade da conexión á rede da que dispuñan algunhas familias debido á situación xeográfica dos seus fogares. Por este motivo, en primeira instancia, optouse por traballar co EVA Offline. O entorno virtual de aprendizaxe das distintas materias configurouse, principalmente, achegando contidos das editoriais Smart Classroom. A maiores, complementáronse estes recursos con actividades creadas nas páxinas de Liweworksheets, Wordwall e Kahoot.

Con respecto aos equipos, o alumnado recibiu os seus portátiles no primeiro mes do curso escolar. Igualmente, dotouse ao profesorado E-Dixgal de equipos para o uso docente.

Cumprimento de compromisos

No presente curso escolar, tentamos asumir os compromisos acordados coa Administración:

- Fomos desenvolvendo o programa segundo as pautas establecidas no proxecto presentado.
- Ao inicio do curso, achegámoslle a información necesaria sobre o programa tanto ao alumnado como ás familias, tratando de sensibilizalos coa iniciativa do libro dixital.
- Todo o claustro do centro participamos en formación específica referida á Educación Dixital. Neste sentido, ao longo do presente curso académico, desenvolvemos e participamos unha liña de PFPP que levaba por título “*Educación Dixital no Xurés*”, coa que nos iniciamos na creación de contido dixital para as aulas virtuais.

Conclusións e propostas de mellora

A aportación do programa de educación dixital E-Dixgal ao CEIP Plurilingüe do Xurés continúa a ser positiva.

Á parte de enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe, E-Dixgal contribúe o desenvolvemento da competencia dixital do noso alumnado: *aprende a manexar motores de busca, desenvolve o pensamento crítico á hora de seleccionar información da rede, desenvolve autonomía no proceso de aprendizaxe, familiarízase con ferramentas ofimáticas, achégase a recursos que apoian a asimilación de contidos como dicionarios ou tradutores...*

De cara ao vindeiro curso, como proposta de mellora, continuarase fomentando a creación de contido dixital por parte do profesorado así como a recompilación de recursos existentes na rede, co fin de crear un banco de recursos para cada unha das materias E-Dixgal.

Igualmente, seguiremos traballando para mellorar a alfabetización informacional do noso alumnado, para que sexan quen de levar a cabo unha mellor avaliación

do contido dixital, unha mellor xestión dos seus datos dixitais e un maior respecto á propiedade dos contidos dixitais.

25. CONTRATOS-PROGRAMA

Coordinador: Alberto Pérez Rodríguez

Durante o curso 2021-2022 participáronse nas seguintes modalidades dos Contratos-programa:

- CP Innova:
 - 01. EDUinnova
 - 03. EDUsaúde
 - 04. EDUsostibilidade
 - 05. EDUcalidade.
- CP Inclúe
 - 02. IGUÁLA-T
 - 03. CONVIVE-T
 - 04. INCLÚE-T
 - 05. EMOCIONA-T

25.1. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Ao longo do curso escolar e durante a situación do estado de alarma tentáronse desenvolver todos os obxectivos propostos que a continuación se relatan:

CP INNOVA			
OBXECTIVOS	ACADADO	EN PROCESO	NON ACADADO
a) Implementar metodoloxías de traballo baseadas na cooperación, o traballo por proxectos, a gamificación e o método científico.	X		
b) Garantir a adquisición das competencias clave en matemáticas, ciencia e tecnoloxía, comunicación lingüística e competencia dixital.	X		
c) Fomentar os hábitos de vida saudables e o respecto a través de metodoloxías de cooperación, inclusión, igualdade empregando a iniciativa de patios dinámicos inclusivos e igualitarios.	X		

d) Fomentar o respecto pola natureza e o medio ambiente privilexiado da contorna do CEIP Plurilingüe do Xurés, xa que o centro se atopa no Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés, a través de iniciativas como Ecogranxa, Ecohorto e Xardín verticais do Xurés.		X	
e) Mellorar a calidade na xestión do CEIP Plurilingüe do Xurés no seu día a día.	X		
CP INCLÚE			
OBXECTIVOS	ACADADO	EN PROCESO	NON ACADADO
Mellorar a situación do alumnado en situación de desvantaxe educativa por motivos de non igualdade, inclusión ou convivencia negativa.	X		
Favorecer a inclusión plena do alumnado.	X		
Favorecer a igualdade plena.		X	
Potenciar o control das emocións e a expresión positiva das mesmas.	X		
Fomentar un clima de convivencia positivo asentado en valores positivos.	X		

Sinalar que algúns dos obxectivos que adquiriron a calificación de en proceso foi debido a situación sanitaria do COVID-19 que imposibilitou realizar o fomento da igualdade, a convivencia a través das actividades manipulativas e cooperativas tanto do Ecohorto como na Ecogranxa e Ecoxardín.

Finalmente deixar constancia de que a memoria correspondente a todo o Programa de Contratos-Programa foi cuberta no aplicativo correspondente no prazo estipulado pola Administración.

26. ARCO

Docente: Adrián Rodríguez Batán

26.1. ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA ARCO

Nas clases se incide especialmente sobre 6 alumnos co fin de facilitar a súa inclusión na aula, proporcionarlles apoio emocional e facilitarlles poder seguir co ritmo da aula. Á vez, se intenta promover un ambiente positivo e respectuoso ante a diversidade entre todos os compañeiros da aula.

O desenvolvemento do programa ARCO comezou dende o 13 de novembro do 2020 ata o final de curso do 2021. A permanencia no centro educativo foi de media xornada.

O alumnado ao que está destinado este programa no centro educativo é para o curso de 4º de educación primaria. Concretamente, tendo en conta aspectos como repeticións, materias pendentes ou necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), o alumnado seleccionado para ser obxecto deste programa, e para o cal se autorizou a miña intervención, foi un total de: 1 alumno de 4º, e dúas alumnas de 4º.

A miña labor ten relación fundamentalmente coas materias instrumentais: matemáticas, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, ciencias da natureza e ciencias sociais. O horario desenvolto foi o seguinte:

26.2. COORDINACIÓN ENTRE PROFESORADO

Relativo á coordinación entre o profesorado, é preciso sinalar tres ámbitos diferentes:

- Entre o departamento de orientación (DO) do cal formo parte.
- Co profesorado titor, posto que a miña labor é sempre en colaboración co mesmo.
- Entre a totalidade do claustro.

Departamento de Orientación:

En relación ao departamento de orientación, levouse o seguimento individual do alumnado NEAE:

- Seguimento do alumnado, tendo en conta posibles dificultades persoais, etc.
- Planificación do material.
- Elaboración de memorias.
- Planificación de recursos materias e persoais de cara ao curso seguinte e a incorporación de novas necesidades.
- Coordinación co PT/AL

Profesorado Titor:

A coordinación co profesorado titor foi directa e diaria. Nas sesións en que levaba a cabo unha labor mais individualizada, adicaba un momento en cada xornada para comunicar á persoa titora as tarefas realizadas, observacións, etc. No caso de actividades organizadas en gran grupo, a comunicación foi necesaria tanto para o intercambio de opinións como para a planificación.

Claustro:

Nestas sesións, de forma xeral, abrandéronse temas como: participación nas sesións da xunta de avaliacións, nas reunións mensuais, etc.

26.3. ACTIVIDADES REALIZADAS - OBXECTIVOS PROPOSTOS

Durante este período realicei fundamentalmente unha función de apoio ao alumnado para facilitar a mellora do rendemento académico e procurar eliminar as posibles barreiras existentes. De este xeito, o meu papel foi estar a disposición do alumnado para resolver dúbidas ou facer aclaracións, e con algúns alumnos e alumnas en concreto reforzar determinadas áreas nas que había moitas dificultades, cunha atención mais individualizada.

Os obxectivos xerais do programa ARCO foron os seguintes:

- Apoiar ao alumnado para a mellora do rendemento académico.
- Mellorar o éxito escolar e prever o abandono educativo tempará do alumnado que cursa as ensinanzas obrigatorias.
- Xerar un clima de aprendizaxe que favoreza o traballo en equipo, cooperativo e/ou por proxectos.
- Diminuír as barreiras de aprendizaxe que dificultan superar e conseguir os obxectivos do seu nivel educativo.
- Xerar entornas de aprendizaxe que favorezan a interacción, o traballo colaborativo e a aplicación de metodoloxías participativas que melloren o desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

- Desenvolver modelos curriculares mais competenciais, interdisciplinares e participativos.
- Impulsar a aplicación de cambios organizativos e metodolóxicos que permitan o seguimento personalizado das súas competencias.

A partir destes obxectivos xerais, a labor docente reflíctese resumida na seguinte táboa amosando as dificultades dos alumnos nos correspondentes cursos e os obxectivos propostos para ao longo do curso:

26.4. VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Considerando todo o traballo feito ata o momento podemos valorar o resultados como positivos xa que alumnado presentou unha alta motivación e participou activamente en todas actividades propostas.

En canto ás propostas de mellora:

- Realizar retos matemáticos coa alumnado para traballar a competencia matemática
- Propor xogo de contidos científicos aproveitando a táboa do cen do patio do centro educativo.
- Realización de clubs de lectura na iniciativa de Bibliopatio do centro.

27. PROA+

Docente: Ángel Ubeira Vereá

27.1. Logros acadados co desenvolvemento do programa

Dende o 15 de outubro de 2021 ata o 15 de xuño de 2022 traballouse co fin de lograr os obxectivos propostos para o alumnado destinatario do programa. Debido a este traballo e a implicación do alumnado inmerso na iniciativa apreciáronse grandes avances que recolleremos ou explicaremos a continuación.

Os obxectivos xerais propostos polo programa son:

- Reducir a % de alumnado con abandono temperán a un 9% en 2030.
- Reducir a % de alumnado con rendemento baixo a un 15% en 2030.

- Incrementar a % de alumnado con título de educación superior.

Obxectivos específicos co alumnado vulnerable:

- Mellorar os seus resultados escolares cognitivos e socioemocionais.
- Reducir o absentismo e a repetición.
- Diminuír o alumnado con dificultades para a aprendizaxe.

Obxectivos en relación co centro:

- Colaborar co entorno na consecución dunhas mínimas condicións de educabilidade alumnado (asistenciais, escolares, socioeducativas).
- Avanzar cara a unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro.
- Promocionar o éxito educativo incrementando as expectativas escolares positivas.
- Conseguir e manter un bo clima no centro.
- Empregar os recursos de forma eficiente.
- Aplicar estratexias e actividades panca que faciliten a consecución deste obxectivos.

Con respecto aos obxectivos xerais do programa, tales como o da redución do abandono temperá do alumnado; debido a ser unha etapa obrigatoria e a idade reducida do alumnado, dicir que polo xeral na etapa de primaria non se produce abandono.

En canto a reducir a porcentaxe de alumnado con un rendemento escolar baixo, o programa axuda de maneira decisiva a minimizar a fenda entre o rendemento do alumnado máis capaz co que presenta dificultades. En gran medida debido ao traballo individualizado, personalizado e intenso realizado con e polo alumnado beneficiario do programa. Xa que podes percibir con maior claridade as dificultades e necesidades que presenta cada un, ao traballar cun grupo máis reducido.

E por último, no que se refire a incrementar a titulación do alumnado, sinalar que este tipo de iniciativas mellora o rendemento do alumnado e facilita a titulación dos estudos básicos e obrigatorios.

En relación co alumnado vulnerable e con dificultades de aprendizaxe, debemos destacar que o programa axúdalles a mellorar o seu rendemento académico, a desenvolver as súas habilidades e destrezas cognitivas, revertendo todo isto nunha mellora significativa do benestar emocional e social. O que potencia a súa autoestima e confianza para facer fronte a novos desafíos.

En canto a redución do número de alumnado que repite a etapa, sinalar que a iniciativa por si solo non e concluínte, xa que en moitos casos a repetición xa se produciu con anterioridade, noutros casos este alumnado arrastra carencias e coñecementos básicos de niveis inferiores, que impiden que este alumnado aborde coas garantías os contidos, obxectivos e competencias necesarias para superar a etapa.

Para rematar, sinalar que o grado de desenvolvemento dos obxectivos fixados pola iniciativa PROA + sería dun 6 sobre 10. Para ampliar ou conseguir un maior porcentaxe de logro, sería convinte implementar iniciativas similares en niveis inferiores para atallar antes as dificultades do alumnado.

27.2. Grao de desenvolvemento e consecución dos obxectivos

a. Grao de satisfacción do alumnado e familias.

O grao de satisfacción das familias co a iniciativa é de 7 sobre 10, debido a que algúns non acadaron os obxectivos da etapa, e foron propostos para repetir.

b. Grao de implicación e motivación do alumnado.

O grao de implicación do alumnado é de 8 sobre 10, xa que agradecen as axudas e orientacións realizadas.

c. Grao de satisfacción do centro educativo e docentes implicados.

O grao de satisfacción do centro e docentes implicados é de 9 sobre 10, xa que supómoslle unha axuda para o desenvolvemento do seu traballo e así poder incidir en maior medida sobre as necesidades específicas de cada alumno/a.

27.3. Organización, desenvolvemento e metodoloxía

Dende o centro tívose que adaptar a iniciativa do PROA + a organización do centro, xa que o alumnado de 5º e 6º de E. Primaria atópanse na mesma aula.

Aínda así aproveitouse dende un primeiro momento este programa para apoiar e minimizar as dificultades que presentaba o alumnado. A tarefas de orientación, avance e enriquecemento fíxose maioritariamente co alumnado de 6º de E. Primaria, durante a totalidade do horario lectivo das materias sinaladas con anterioridade e en coordinación permanente co titor, equipo directivo e departamento de orientación. Estableceuse un reparto equilibrado de tarefas entre os distintos profesionais involucrados na formación do alumnado, é dicir, titor, docente de pedagogía e terapéutica e mestre de PROA +.

O programa a parte de procurar a consecución dos obxectivos xerais de etapa e as competencias clave fixadas polo Decreto 105/2014, trata de personalizar os procesos de ensinanza as características, necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, do alumnado inmerso na iniciativa, especialmente alumnado NEAE. Este traballo desenvólvese principalmente a través de actividades Panca, de reforzo, apoio e ampliación, de traballo cooperativo, de apoios visuais e manipulativos que axuden a percibir de xeito claro a utilidade e o significado dos contidos, así como exposicións orais, aprendizaxes baseados en problemas, xunto coa adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación.

Ademais tivéronse en conta os principios de equidade, educación inclusiva, de acompañamento e orientación, de detección temperá de dificultades de aprendizaxe, xunto cos principios básicos do deseño universal de aprendizaxe. Todo elo busca minimizar as dificultades, aumentar as expectativas positivas do alumnado cara a os procesos de ensinanza e aprendizaxe e mellorar o estado emocional e a súa capacidade de resiliencia ante dificultades do alumnado.

Para rematar tamén é importante sinalar o traballo que se fixo en cando a mellora do comportamento e conductas disruptivas do alumnado, así como o desenvolvemento das habilidades sociais e o respecto polas quendas e opinións dos demais.

27.4. Avaliación. Ferramentas empregadas e resultados obtidos

Os resultados aportados pola iniciativa foron vos, aínda que nos se plasmasen de xeito máis evidente nas cualificacións do alumnado e na súa promoción, posto que so acadaran a superación de etapa soamente 2 alumnos dos catro inmersos no programa. Aínda que si sentaron unhas bases para mellorar o rendemento do alumnado de cara un futuro. Os procedementos e instrumentos empregados para

avaliar os resultados do PROA + foron entre outros: análise do traballo diario a través dun diario de aula; probas orais e escritas a través de exames, exposicións, kahoot, formularios; participación nas tarefas con listas de control; estudo de contidos, entre outros;

O proceso de ensino e a práctica docente tamén foi avaliada empregando asembleas autoavaliación, entrevistas, cuestionarios, rexistro de incidentes e cadernos de seguimento.

E como non o propio programa desenvolto mediante unha serie de indicadores de logro, co fin de detectar dificultades, problemas e necesidades para tomar medidas que axuden a superalas e o mesmo tempo a mellorar a iniciativa de cara o vindeiro curso.

27.5. Propostas de mellora

Entre as propostas de mellora que compre destacar, estaría a do comezo e fin da iniciativa; ampliándoa ao inicio de curso e fin de curso escolar, así como o establecemento da iniciativa para o curso de quinto de educación primaria. Xa que, desa maneira e tal como aparece establecido na nova lei de educación (LOMLOE), a organización educativa pasa a ciclos, permitiría planificar os obxectivos a un prazo de dous anos e así minimizar as dificultades dende inicio do ciclo.

Ademais, isto permitiría aos centros mellorar a creación de hábitos de traballo e estudo no alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa, mellorar as súas expectativas de éxito escolar, o seu benestar emocional e a confianza en si mesmos.

Dende a miña perspectiva, tamén é necesario afondar no proceso de avaliación da práctica educativa xa dende o comezo, para determinar que metodoloxías e actividades se adaptan mellor aos ritmos e preferencias de aprendizaxe do alumnado incluído no programa.

28. PLAN PROXECTA +

O centro no presente curso 2021-2022 presentou candidatura nas seguintes liñas de traballo:

- 01 Aliméntate ben.
- 02. Proxectos de Vida Activa e Deportiva (PVAD)
- 07. Vexo Veo Xacobeo
- 20. Naturézate
- 40: Educación Patrimonial

Das liñas nas que se presentou candidatura o centro resultou escollido nas seguintes dúas iniciativas:

- 02. PVAD
- 07. Vexo Veo Xacobeo

28.1. PROXECTOS DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (PVAD)

Coordinador: Javier Castro Revaldería

28.1.1. Introducción

A actividade física e a saúde, vinculadas ás actividades físicas, corresponden a un dos 6 bloques de contidos recollidos no Decreto 105/2014 para a área de Educación Física.

Coa elaboración deste proxecto, destinado a todo o alumnado do centro (Infantil e Primaria) pretendimos que o alumnado explore os recursos físicos do seu propio corpo a través de diferentes actividades físicas, valorando e aceptando tanto a súa propia realidade corporal, como a das e dos demais.

Tamén, ao traballar contidos vinculados ao corpo humano, dende o centro inculcamos hábitos saudables, non só relacionados coa actividade física, senón tamén con hábitos saudables como una correcta alimentación, hixiene corporal e non-sedentarismo.

Todos estes contidos foron adaptados á idade do alumnado.

28.1.2. Obxectivos

Á hora de plantexarnos a elaboración deste proxecto, puxémonos como obxectivos os seguintes:

- Favorecer una correcta postura corporal.
- Recoñecer os efectos da actividade física para lograr un pleno desenvolvemento persoal e social.
- Tomar conciencia da propia realidade corporal.

- Valorar a hixiene e a saúde.
- Interiorizar o respecto e a tolerancia ante as diferentes realidades corporais.
- Mellorar as capacidades físicas básicas.
- Ter en conta os perigos do sedentarismo.
- Inculcar una correcta alimentación.
- Potenciar e favorecer as boas relacións entre compañeiros/as, mediante propostas lúdicas vinculadas aos patios dinámicos.

En maior ou menor media, consideramos acadados os presentes obxectivos. A actividade física e a saúde foron uns pilares básicos no transcurso do presente ano académico, e traballamos cada un destes obxectivos, mediante tarefas de actividades físicas realizadas pola meirande parte do profesorado; así como as súas aportacións en contidos vinculados á saúde, mediante actividades de Ciencias da Natureza e Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal.

28.1.3. Organización

As actividades, adaptadas á idade do alumnado, foron plantexadas dun xeito global e integrador, potenciando a interdisciplinariedade, traballando os contidos dende as áreas de Educación Física/Psicomotricidade e Ciencias da Natureza.

Levamos a cabo una metodoloxía baseada na aprendizaxe significativa e constructivista, partindo das ideas previas do alumnado e incorporando paulatinamente os novos contidos na bagaxe cognitiva que o alumnado xa posúe.

Ademais, tamén fomentamos o xogo como metodoloxía, posto que está comprobado que, o feito empregar una metodoloxía lúdica, ofrece óptimos resultados.

Por último, mencionar que, no centro , levamos a cabo diferentes propostas vinculadas ós patios dinámicos; así pois, mediante o presente proxecto pretendemos traballar contidos vinculados á saúde mediante a práctica de diferentes xogos e actividades.

Dende o centro relacionamos o presente proxecto có proxecto Patios Dinámicos e Inclusivos, no cal levamos a cabo diferentes xogos e tarefas coas que fomentar

un aprendizaxe global e integrador, no que se incluíron os contidos de hábitos saudables e actividade física.

Ademais, vinculouse o proxecto co Camiño de Santiago, realizando o alumnado a súa propia etapa coa colaboración das familias e todo o profesorado; fomentando así tamén a práctica de actividade física.

28.1.4. Avaliación

A avaliación foi continua e global, tendo en conta todo o proceso educativo do alumnado, así como o seu correcto desenvolvemento e actitude en tódalas áreas relacionadas co proxecto.

Tivemos en conta tamén o nivel acadado polo alumnado con respecto ao nivel inicial, así como o xeito no que alcanzou ese nivel, valorando aspectos como o interese, a participación, a motivación e o respecto mutuo.

Empregamos elementos como a lista de control e a escala de observación.

Os resultados acadados despois da observación da avaliación foron positivos, tanto a do profesorado como a do alumnado. É certo que algúns alumnos e alumnas non amosaron ter demasiada interiorizada a actividade física, preferindo nalgúns recreos xogar có ordenador, mais en xeral a avaliación foi positiva.

28.1.5. Cadro resumo actividades

DATOS XERAIS DO CENTRO	
NOME DO CENTRO	CEIP Plurilingüe do Xurés
CÓDIGO DE CENTRO	32006358
CONCELLO	Lobios
DATOS XERAIS DO PROXECTO	
NOME DO PROXECTO	Coidamos o noso corpo
DESCRICIÓN	<p>O proxecto consistiu en fomentar a actividade física no alumnado, así como a súa importancia no seu desenrolo físico, emocional e social.</p> <p>Así pois, leváronse a cabo descansos activos (mediante coreografías e paseos), inculcouse unha correcta hixiene corporal e alimentación (coa colaboración do profesorado de Ciencias da Natureza e Infantil) e, tamén, vinculouse o proxecto co Camiño de Santiago, realizando o alumnado a súa propia etapa coa colaboración das familias e todo o profesorado; fomentando así tamén a práctica de actividade física.</p> <p>Ademais, a meirande parte dos docentes plantexaron as súas propias actividades físicas nos patios.</p> <p>Tamén, o centro adquiriu materiais para fomenta a práctica de actividade física nos patios, vinculando o proxecto cós Patios Dinámicos e Inclusivos.</p> <p>Cómpre dicir tamén, que en moitos días de obrigada conmemoración, coma o 3 de Decembro ou o Día da Paz, aproveitamos tamén para incluír a práctica da</p>

	actividade física, vinculada cos devanditos días. Todas as actividades que veñen reflexadas no presente documento, foron realizadas fora das sesións de Educación Física.		
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Favorecer una correcta postura corporal. (90%) Recoñecer os efectos da actividade física para lograr un pleno desenvolvemento persoal e social. (90%) Tomar conciencia da propia realidade corporal. (80%) Valorar a hixiene e a saúde. (60%) Interiorizar o respecto e a tolerancia ante as diferentes realidades corporais. (50%) Mellorar as capacidades físicas básicas. (70%) Inculcar una correcta alimentación. (90%) Potenciar e favorecer as boas relacións entre compañeiros/as, mediante propostas lúdicas vinculadas aos patios dinámicos. (70%) 		
AVALIACIÓN DO PROXECTO	Escalas de observación. Avaliación continua e global.		
MATERIAS QUE COLABORAN	<ul style="list-style-type: none"> Ciencias da Natureza Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal 		
PROXECTO EDUCATIVO	Non		
ALUMNADO PARTICIPANTE			
<i>Alumando participante marcar cun X ou especificar</i>	<i>Todo o centro</i>	<i>X</i>	<i>Cursos específicos</i>
COLABORACIÓN CON OUTROS PROGRAMAS-PROXECTOS DE HÁBITOS SAUDABLES			
NOME DO PROGRAMA	Camiño de Santiago Miñoto Ribeiro		
ORGANIZACION E DESENVOLMENTE. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES			
Os alumn@s teñen a su disposición alcanzar 60 minutos diarios de AF no centro educativo? Estes 60 minutos poden acumularse en tramos de 10-15 minutos.			Non
<i>Listaxe das actividades previstas ou realizadas, ordenadas polo ámbito temporal (Anexo I) e coa data prevista ou data de realización. Inserir cantas filas sexan necesarias para recoller as actividades realizadas</i>			
ÁMBITO TEMPORAL 1: FORA DO CENTRO E FORA DO HORARIO LECTIVO			
Actividades	Link	Data	
1. Camiño de Santiago: 1ª etapa.	https://biblioxures.blogspot.com/2021/10/1etapa-portela-de-homem-bouzadrago.html	24/10/2021	
2. Camiño de Santiago: 2ª etapa.	https://biblioxures.blogspot.com/2021/12/2-etapa-bouzadrago-castro-laboreiro.html	27/12/2021	

3. Camiño de Santiago: 3ª etapa.	https://biblioxures.blogspot.com/2021/12/3-etapa-castro-laboreiro-vilanova-da.html	28/12/2021
4. Camiño de Santiago: 4ª etapa.	https://biblioxures.blogspot.com/2022/01/4-etapa-vilanova-da-barca-beade.html	30/01/2022
5. Camiño de Santiago: 5ª etapa.	https://biblioxures.blogspot.com/2022/02/5-etapa-beade-feas-boboras.html	20/02/2022
6. Camiño de Santiago: 6ª etapa.	https://biblioxures.blogspot.com/2022/03/6-etapa-feas-boboras-forcarei.html	27/03/2022
7. Camiño de Santiago: 7ª etapa.	https://biblioxures.blogspot.com/2022/04/7etapa-forcarei-o-barro.html	18/04/2022
8. Camiño de Santiago: 8ª etapa.	https://biblioxures.blogspot.com/2022/05/8-etapa-o-barro-pineiro.html	22/05/2022

ÁMBITO TEMPORAL 2: DENTRO DO CENTRO E DENTRO DO HORARIO LECTIVO.

Actividades	Link	Data
1. Xogos Samain	https://biblioxures.blogspot.com/2021/10/celebramos-o-samain.html	29/10/2021
2. Xogos adaptados (3D: Día Internacional das persoas con diversidade funcional)	https://www.youtube.com/watch?v=-tSCJ1Reowc&t=1s	3/12/2021
3. Xogos pola Paz	https://biblioxures.blogspot.com/2022/01/caminando-pola-paz.html	28/01/2022
4. Xogo alimenticio	https://efxures.blogspot.com/2022/01/xogo-alimenticio.html	28/01/2022

5. Roda dos alimentos	https://efxures.blogspot.com/2022/02/roda-dos-alimentos.html	9/02/2022
6. Xogos e actividade física	https://biblioxures.blogspot.com/2022/02/xogos-e-actividade-fisica.html	18/02/2022
7. Obradoiro Xogos Populares	https://biblioxures.blogspot.com/2022/02/xogos-populares.html	22/02/2022
8. Sentasílabas	https://efxures.blogspot.com/2022/03/sentasilabas.html	2/03/2022
9. Xogos Sant Patrick's Day	https://biblioxures.blogspot.com/2022/03/st-patricks-day.html	18/03/2022
10. Xogos Populares	https://biblioxures.blogspot.com/2022/03/xogos-populares.htm	25/03/2022
11. Actividade física	https://biblioxures.blogspot.com/2022/04/actividade-fisica.html	8/04/2022
12. Posición Lateral de Seguridade	https://efxures.blogspot.com/2022/04/posicion-lateral-de-seguridade.html	18/04/2022
13. Circuitos de obstáculos	https://biblioxures.blogspot.com/2022/04/practicamos-deporte.html	22/04/2022
14. Acrosport	https://efxures.blogspot.com/2022/05/acrosport.html	28/04/2022
15. Coreografías musicais	https://efxures.blogspot.com/2022/05/coreogafias-musicais.html	29/04/2022
16. Pirámide dos alimentos	https://mestrainfantilxures.blogspot.com	9/05/2022

	pot.com/2022/05/piramide-dos-alimentos.html	
17. Xogos de encestar e de puntería	https://biblioxures.blogspot.com/2022/05/xogos-de-encestar-e-de-punteria.html	20/05/2022
18. Manualidade pulmóns	https://biblioxures.blogspot.com/2022/05/que-aprendemos-sobre-o-alto-de-codesal.html	27/05/2022
19. Patios Dinámicos	https://efxures.blogspot.com/2022/06/patios-dinamicos-e-inclusivos.html	8/06/2022
20. Descanso activo	https://efxures.blogspot.com/2022/06/descansos-activos.html	17/06/2022

28.2. VEXO VEO XACOBEO

Coordinador: Alberto Pérez Rodríguez

28.2.1. Introducción-xustificación

Con motivo do ano Santo Xacobeo, ao longo do curso 2021-2022, o CEIP Plurilingüe do Xurés levou a cabo a realización do Camiño de Santiago. O camiño elixido foi o Camiño Miñoto Ribeiro, por ser o que pasa pola localidade na que se empraiza o centro, Lobios. Coa realización deste camiño toda a comunidade educativa, tratouse de poñer en valor non só este camiño, senón tamén toda a riqueza cultural, natural, lingüística, literaria e paisaxística que abrangue este tramo.

Dende o punto de vista educativo, a posta en marcha do Camiño de Santiago estivo encamiñada á consecución dunha serie de obxectivos, entre os que destacan:

- Achegar ao alumnado ao tramo do Camiño de Santiago que pasa polas súas localidades, o Camiño Miñoto Ribeiro.

- Desenvolver no alumnado unha actitude de valoración e divulgación dun dos tramos máis descoñecidos do Camiño de Santiago, o Camiño Miño Ribeiro.
- Desenvolver no alumnado unha actitude de respecto e conservación da riqueza patrimonial, natural e cultural asociada ao tramo do Camiño Ribeiro Miño.
- Aproximar ao alumnado á literatura infantil galega vinculada ao Camiño de Santiago.
- Contribuír á adquisición, por parte do alumnado, de estilos de vida e actividade de lecer saudables baseadas na práctica de deporte e na realización de exercicio físico
- Estreitar os vínculos e a colaboración entre os membros da comunidade educativa, propondo unha actividade que realicen – de forma conxunta – alumnado, familias e docentes.

28.2.2. Relación do proxecto cos elementos do currículo

Obxectivo	Contido	Criterio avaliación	Estándar de aprendizaxe	Relación coas competencias clave
Valorar a práctica de exercicio e a actividade física como beneficiosa para a saúde	Hábitos saudables: o exercicio físico e a práctica de deporte	Valorar e recoñecer as consecuencias beneficiosas que ten para a saúde e desenvolvemento a práctica de exercicio.	Recoñece hábitos de exercicio e de actividade física na escola ou nas actividades escolares.	CMCCT CSC
Participar en lecturas dramatizadas en grupo.	Lectura dramatizada de textos literarios relacionados co Camiño de Santiago.	Participar con interese en lecturas dramatizadas de contos do Camiño de Santiago.	Realiza lecturas dramatizadas colaborativas sobre o Camiño de Santiago.	CCL CAA CCEC CSC

Valorar a literatura infantil en galego que aborda o Camiño de Santiago	Valoración da literatura en galego e sobre o Camiño de Santiago como recurso de lecer persoal	Amosar gusto pola literatura infantil en galego que versa sobre o Camiño de Santiago	Valora e amosa interese pola literatura en galego que trata sobre o Camiño de Santiago	CCL CSC CCEC
Coñecer e usar estratexias ou instrumentos para orientarse no espazo.	Orientación no espazo: técnicas, estratexias e instrumentos para orientarse no espazo.	Orientarse no espazo utilizando algunha técnica ou instrumento de orientación.	Usa sinais, mapas, GPS ou apps como Wikiloc para orientarse no espazo	CMCCT CAA
Identificar medidas para a conservación e protección do patrimonio natural do Camiño Miñoto Ribeiro.	Conservación do medio natural do Camiño Miñoto Ribeiro.	Identificar medidas para a conservación do medio natural do Camiño Miñoto Ribeiro.	Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural do Camiño Miñoto Ribeiro	CMCCT CSC
Recoñecer a importancia de conservar o patrimonio e a cultura do Camiño Miñoto Ribeiro.	O patrimonio histórico, cultural e artístico do Camiño Miñoto Ribeiro. Coidado e conservación	Recoñecer a cultura e o patrimonio do Camiño Miñoto Ribeiro e comprender a importancia da súa conservación.	Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender o camiño de Santiago	CSC CCEC
Amosar unha actitude	A pertenza á comunidade	Manifestar a satisfacción de	Amosa unha actitude de	CSC

de pertenza, aceptación e respecto cara ás comunidade educativa.	educativa do CEIP do Xurés	pertenza, respectando as diferenzas das persoas coas que se convive.	aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence.	
--	----------------------------	--	---	--

28.2.3. Actividades realizadas

O proxecto do Camiño de Santiago Miñoto – Ribeiro levado a cabo polo CEIP Plurilingüe do Xurés organizouse en tres grandes partes: (1) presentación do proxecto e actividades de motivación, (2) realización a pé ou en bicicleta do camiño de Santiago e (3) elaboración do produto final. A continuación, detállanse e descríbense cada unha destas partes.

1) Presentación do proxecto e actividades de motivación:

No mes de setembro de 2021, leváronse a cabo as actividades de presentación e motivación do proxecto. Neste sentido, animouse ao alumnado a que acompañase á mascota da biblioteca escolar, Pancholiño, na realización do Camiño de Santiago para que puidese selar e conseguir a súa compostelana.

Aproveitouse igualmente, para por en marcha unha actividade de animación da lectura e decidiuse que ao longo do camiño tamén se faría unha lectura colaborativa do libro “O camiño das estrelas”, de Xabier Domínguez e Alba de Evan. Esta peza da literatura galega versa sobre o Camiño de Santiago e – ao mesmo tempo – forma parte da colección “Naturizo”, que goza de gran éxito entre o alumnado do CEIP Plurilingüe do Xurés.

Deste modo, o alumnado, as súas familias e mestres acompañarían a Pancholiño e a Naturizo na súa aventura de completar o Camiño Ribeiro – Miñoto.



2) Saídas:

A actividade central do presente proxecto consistiu en realizar a pé ou en bicicleta os 186,31 km do Camiño Ribeiro – Miñoto, dende Portela de Home ata a Catedral de Santiago na Praza do Obradoiro. Para completar este tramo, organizáronse os quilómetros en 8 etapas, cada unha delas de 20 km de media. Cada unha das oito primeiras estivo capitaneada por un docente, que acompañaba a un grupo de alumnos e ás súas familias durante as fins de semana. Igualmente, estas etapas adaptáronse á idade e condición física do alumnado.

Na novena e última etapa – que conta con catro quilómetros e abrangue dende a localidade de Piñeiro ata Santiago de Compostela – participa todo o alumnado acompañado das familias e o equipo educativo do centro.

- 1ª ETAPA: Portela de Home – Bouzadrago



- 2ª ETAPA: Bouzadrago – Serra do Labreiro



- 3ª ETAPA: Castro Laboreiro – Vilanova da Barca



- 4ª ETAPA: Vilanova da Barca – Beade



- 5ª ETAPA: Beade – Feás de Boborás



- 6ª ETAPA: Feás de Boborás – Forcarei



- 7ª ETAPA: Forcarei – O Barro



- 8ª ETAPA: O Barro – Piñeiro



- 9ª ETAPA: Piñeiro – Santiago de Compostela

A última e derradeira etapa planificada para o martes 21 de xuño tivo que ser posposta por mor das inclemencias meteorolóxicas. A data de firma do presente documento esta última etapa non se realizou e prevese realizar nun fin de semana toda a comunidade educativa do Ceip do Xurés a partir do 19 de xullo de 2022.

3) Produto final:

Como produto final, o alumnado elabora un vídeo no que se recolle o seu polas distintas localidades do Camiño Ribeiro Miñoto ao tempo que len un anaco do conto “O camiño da Estrelas” de Naturizo.

<https://www.youtube.com/watch?v=9KgQP9HP1so>

29. PFPP 2021/2022

Coordinador xeral: Alberto Pérez Rodríguez

29.1. LIÑAS DE TRABALLO

Durante o curso 2021-2022 participouse nos PFPP cunha cuádrupla liña de traballo:

- O2105086: PDI 8 Miles do Xurés. En esta liña de traballo propúxoselle a parte do PDI do centro 8 Miles do Xurés, na cal o alumnado traballou as competencias STEM a través do estudo das 8 montañas de mais de 1000 metros da serra do Xurés. A través do proxecto traballáronse actividades baseadas na investigación con contidos relacionados coas ciencias, matemáticas e as tecnoloxía como ferramenta de traballo.
- O2105087: liña de traballo de Club de Ciencias no Xurés. Propúxose ao alumando na posta en práctica da liña de PFPP unha estación de Club de Ciencias dentro da iniciativa de Patios inclusivos, dinámicos e igualitarios. Ademais dentro do proxecto 8 Miles do Xurés e para traballar as competencias STEM propúxose en cada pico un experimento relacionado co medio ambiente o coidado da natureza
- O2105088: liña de traballo de educación Dixital. O profesorado nesta liña de traballo comezou a crear aulas virtuais para o centro educativo, co obxectivo a longo prazo da supresión de libros de texto na etapa de Educación Primaria. Comezouse esta iniciativa no 3º curso de Educación Primaria, xa que o centro ao ser Edixgal, xa non conta con libro físico en 5º e 6º de educación primaria. Continuarase con esta liña os vindeiros anos ata completar esta tarefa para implantar unha metodoloxía innovadora sen libro físico en toda a etapa de Educación Primaria.
- O2105089: liña de traballo do Plan Dixital. En esta liña entre o profesorado do centro foise realizando a través de 6 etapas diferenciadas a documentación de análise previa, para trazar o plan de acción para a realización do Plan Dixital do Centro

- O21050090: liña de traballo de Contratos-Programa. Realizouse nesta liña de traballo a programación e posta en valor de actividades que se reflicten nos obxectivos expostos no apartado de Contratos-Programa no apartado anteriormente relatado da presente Memoria Final.

Todo o traballo do PFPP foi contemplado no aplicativo correspondente nas datas sinaladas pola coordinadora PFPP asignada ó centro. A memoria do Roteiro Termal que se traballou durante todo o curso queda reflectida no seguinte apartado, que a continuación se relatará, e que está vinculada as dúas liñas de traballo do PFPP, concretamente ás liñas Roteiro Termal e a liña de traballo por proxectos como método de dinamización da biblioteca

30. CLUB DE CIENCIAS: PDI 8 MILES DO XURÉS

A memoria dos 8 miles do Xurés presentarase Anexa a presente memoria (*ANEXO II: PDI 8 MILES DO XURÉS*)

31. RELACIÓN DO CENTRO COA COMUNIDADE EDUCATIVA

31.1. FAMILIAS

As relacións coas familias, en xeral, foron cordiais, procurando en todo momento o contacto coas familias dos nosos alumnos, aspecto importante para a súa educación e desenvolvemento.

En xeral, as familias amosan interese pola educación dos seus fillos, prestando colaboración sempre que se lles pide.

Tamén se dan casos nos que a resposta non é tan positiva polo que traballamos na procura de mellorar este aspecto.

Leváronse a cabo as reunións que consideramos oportunas ao longo do curso, nas que se trataron temas relacionados coa organización e planificación do centro así como aspectos relacionados co proceso de ensinanza e aprendizaxe dos alumnos.

31.2. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS

A ANPA participou activamente na actividade do Centro, expondo as súas opinións e suxestións e mantendo contacto frecuente co equipo directivo e os mestres no seu caso.

Colaborou dunha maneira moi positiva e activa con nós, mantendo unha actitude cordial e propondo actividades para levar a cabo.

A ANPA do centro no presente curso escolar non participou realizando actividades extraescolares debido a situación sanitaria derivada da COVID-19, como si levaba realizando nos anos anteriores.

31.3. CONCELLO

As relacións co Concello, tamén foron unhas relacións cordiais, centradas principalmente naquelas necesidades e arranxos que se tiveron que solucionar no colexio.

31.4. OUTROS ORGANISMOS

Este ano puido volverse a recuperar a relación coa sede do Parque Natural Serra do Xurés, como en anos anteriores, colaborando co colexio en actividades para levar a cabo cos alumnos sobre todo no relacionado ó medio ambiente e respecto e coidado pola Natureza.

Tamén o colexio colaborou con todas aquelas institucións e asociacións e organismos que propoñen actividades para levar a cabo cos nosos alumnos, participando nun gran número delas, como se reflicte no apartado de actividades complementarias e extraescolares.

Ademais iniciáronse cos restantes centros da comarca actividades colectivas, como o caso do magosto co CEIP Santa María a Real de Entrimo e a actividade de celebración do día dos Parques Naturais con tódolos centros de infantil e Primaria da comarca da Baixa Limia.

32. PROPOSTAS DE MELLORA E NECESIDADES PARA O CURSO 2022/2023

Para o vindeiro curso as necesidades do centro escolar a nivel de organización son, entre outras:

- Solicitase que a Xefatura de Departamento que se incorpore con centro base o Ceip Plurilingüe do Xurés, este cando menos dous días completos á semana no centro educativo.
- Mestre/a de PT/AL a tempo completo por todas as necesidades de apoio educativo presentes neste centro.
- Recoñecemento das unidades en funcionamento do centro (5 unidades), que non coinciden coas ofertadas no catálogo da Consellería (4 unidades):
 - 1 unidade en funcionamento a mais respecto ó catálogo en Educación Primaria que leva nesa situación mais de oito cursos académicos.

Ademais solicítanse ante os seguintes organismos competentes as diferentes melloras que a continuación se relatan:

- Concello de Lobios:
 - Limpeza de tubaxe que recolle as pluviais do tellado, porque non alivian as augas e descorren polas fachadas do centro as augas pluviais, provocando un problema de humidades graves (sobre todo na zona da biblioteca, que se está a desfacer o teito e unha parede)
 - Colocar baldosas nas escaleiras que soben ao patio superior

- Melloras a solicitar ante a Xefatura Territorial:
 - Arranxar o portón do patio que está roto e deteriorado.
 - Dotar á zona cuberta do patio dun sistema de alivio de augas pluviais con tubaxe soterrada e enreixado a vista porque debido a masa arbórea que rodea o centro educativo, a gran cantidade de folla que cae obstrúen os aliviadoiros de pluviais realizados na superficie pavimentada.

- Mellora na cuberta xa que os cumieiros arrancáronse coas inclemencias meteorolóxicas no presente curso escolar. Ademais necesítase que esta cuberta sexa cuberta perimetralmente para que non entre a auga e cumpra a súa función de pista cuberta. (presuposto entregado á unidade Técnica no mes de maio do curso escolar 2019-2020).
- Acabar de illar con dobre fiestra as zonas do centro que non contan con ese illamento, xa que repercutiría en evitar que escape a calor no inverno da calefacción (presuposto enviado á Unidade técnica da Xefatura de Educación).
- Dotar de carpintería de aluminio ao ximnasio do centro xa que está moi deteriorada, cos vidros rotos e sen illamento térmico.
- Pintar fachada do colexio, xa que presentan un gran deterioro.
- Colocación de falsos teitos nas aulas e espazos empregados no centro nas que o centro non conta con falsos teitos o que o fai moi frío no inverno debido a altura das aulas (3 metros).
- Colocación de luminarias Led enclaustradas nos falsos teitos para paliar a falta de potencia eléctrica que existe no centro educativo nas zonas nas que o centro non conta con este tipo de luminarias

33. APROBACIÓN MEMORIA CEIP PLURILINGÜE DO XURÉS

Alberto Pérez Rodríguez, Director do CEIP do Xurés en Lobios, Ourense

CERTIFICA:

Que a presente Memoria referida ao curso escolar 2021-2022 foi presentada ó Claustro en data de 29 de xuño do 2022, co informe favorable unánime de todos os presentes. Ademais, con data de 29 xuño de 2022 recibiu informe favorable pola unanimidade de tódolos asistentes ó Consello Escolar.

E para que así conste ós efectos oportunos, asino a presente en Lobios a 10 de xullo do 2022.

O director

Alberto Pérez Rodríguez
(documento asinado dixitalmente á marxe)

ANEXO I: MEMORIA DA BIBLIOTECA (PLAMBE)



CURSO 2021/22

1. INTRODUCCIÓN	151
2. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS.....	151
3. HORARIO.....	154
4. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS	155
4.1. INTERVENCIÓNS EN RELACIÓN CO ESPAZO FÍSICO DA BIBLIOTECA.....	155
4.2. ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.....	155
4.3. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DE USUARIOS.....	155
4.4. ACTIVIDADES PARA A EDUCACIÓN DOCUMENTAL.....	156
4.5. ACTIVIDADES RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA E ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	156
5. AVALIACIÓNS REALIZADAS	157
6. PREVISIÓNS DE FUTURO.....	159
7. CONCLUSIÓN	160
ANEXO I: ENQUISAS AVALIACIÓN COMUNIDADE EDUCATIVA	161

1. INTRODUCCIÓN

O CEIP Plurilingüe do Xurés é un centro do interior da provincia de Ourense, no concello de Lobios, lindando con Portugal. Centro de seis unidades con 46 alumnos/as e 10 mestres/as, dous deles itinerantes con centros da comarca da Baixa Limia e un deles mestre PROA.

Este curso é o sétimo ano que levamos formando parte do PLAMBE, recollemos así o balance do curso. Foron meses de moito traballo e esforzo por parte de toda a comunidade educativa cos obxectivos de seguir mellorando a nosa biblioteca e de facela máis accesible e útil, un lugar de encontro no que poder convivir e experimentar aprendizaxes significativos, proseguindo polo camiño da inclusión e participación.

Foi espazo de numerosas actividades: cotiáns, dos nosos proxectos e para festexos e celebracións. Somos conscientes da importancia que segue tendo a biblioteca nun centro escolar e das transformacións que está a experimentar. Hoxe en día, a nosa biblioteca ten que promover a lectura, mais unha lectura útil e que transcenda ao propio lector. Debe ser unha alfabetización que abranga múltiples competencias e intelixencias. Alén do papel, ten que abranguer o dixital. Porén, como espazo social e de toda a comunidade ten que buscar chegar a todo o alumnado e que se compartan as experiencias e coñecementos o máximo posible.

2. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVO	GRAO DE CUMPRIMENTO
1. Seguir acondicionando e decorando espazos da biblioteca de forma acolledora e agradable, actualizando os recantos e organizalos, espazo inclusivo, etc.	Este obxectivo foi moi traballado durante os últimos anos, e este curso mantivemos o bo traballo realizado no espazo. Realizamos pequenos cambios e creamos seccións adicadas á Biblioteca Creativa e Digicraft. Tentamos reorganizar os fondos que non estaban catalogados para darlle máis visibilidade aos libros

	máis atractivos e útiles.
2. Servir de recurso fundamental ao PL do centro, achegando materiais a todas as bibliotecas de aula do centro.	Este obxectivo está acadado posto que os mestres dos diferentes cursos preocupáronse de manter nas aulas materiais de lectura. Ademais, a biblioteca foi espazo de moitas actividades que contribuíron ao PL.
3. Proporcionar un continuo apoio ao programa de ensino-aprendizaxe, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave e á alfabetizacións múltiples.	Neste curso académico levamos a cabo un <i>PDI: 8 Miles</i> , no que desenvolvemos numerosas tarefas que xiraron entorno á biblioteca escolar, empregando os recursos dispoñibles e sendo espazo protagonista.
4. Ofrecer unha colección de fondos variada, actualizada e organizada, atendendo á CDU, para cubrir as necesidades do alumnado.	Puidemos mellorar neste obxectivo grazas a adquisición de novos fondos. Intentamos adquirir fondos de acordo ás necesidades detectadas: informativos, lingua estranxeira....
5. Elaborar un proxecto documental integrado, implicando a toda a comunidade educativa.	Este obxectivo foi acadado, posto que durante este curso desenvolvemos o <i>PDI 8 Miles</i> implicando a toda a comunidade educativa.
6. Incentivar, motivar e fomentar o gusto pola lectura e o uso das bibliotecas.	Neste curso contouse cun claustro moi entusiasta e traballador que aportou excelentes ideas que serviron para contribuír a este obxectivo primordial.
7. Divulgar permanentemente os recursos da biblioteca entre a comunidade educativa.	As entradas no blogue e a presenza permanente da biblioteca en tódolos eventos e a participación das familias en moitas das nosas iniciativas foron importantes

	contribucións.
8. Continuar coa formación do alumnado nas estratexias de busca, recuperación, elaboración e transmisión de información, utilizando diferentes tipos de soporte.	Cando o alumnado estivo desenvolvendo actividades deste tipo na biblioteca recibiu sempre o asesoramento oportuno dos membros do equipo de biblioteca, e tamén se levou propiciou a formación entre iguais. A formación de usuarios, ao igual que as actividades concretas listadas no correspondente apartado e especialmente o PDI perseguen a consecución deste obxectivo.
9. Favorecer a compensación de desigualdades sociais facilitando o acceso aos recursos por parte do alumno que careza dos mesmos no contorno familiar e social.	A biblioteca escolar é un servizo igualador e compensador de desigualdades, xa que está aberto a todos en igualdade de condicións. É importante unha implicación directa con eles, e neste sentido, adquirimos materiais diversos para atender a diversidade do noso centro, contando coa axuda do departamento de orientación, que estivo moi implicado.
10. Divulgar, favorecer e promover actividades de formación do profesorado relacionadas co ámbito das bibliotecas escolares, do tratamento da información e das metodoloxías activas.	Nas tarefas e actividades levadas a cabo no seo da biblioteca informouse a todo o claustro nas reunións mantidas previamente para explicar os obxectivos e o desenvolvemento das mesmas. Tamén se realizou formación específica sobre catalogación e sobre metodoloxía por proxectos como parte do PDI. A presenza da biblioteca nos

	<p>órganos de goberno e coordinación do centro (consello escolar, claustro...) e nos documentos organizativos (proxecto educativo, proxecto curricular...), a participación efectiva da biblioteca en toda as actividades escolares a implicación do profesorado nas súas propostas, son a fórmula máis directa e eficaz para que todos entendan e participen no espírito da biblioteca escolar.</p>
--	--

3. HORARIO

Con respecto ao horario seguimos tendo moitas dificultades, posto que sendo un colexio pequeno con pouco profesorado, é difícil poder contar con dispoñibilidade horaria, sendo imposible adicar as horas que neste momento precisa a biblioteca. Ademais de teren os catro recreos dentro da asignación do coordinador.

O equipo de biblioteca está composto por tres mestres definitivos: Javier Castro Revaldería (coordinador), Mirian Corrales Pérez e Alberto Pérez Rodríguez.

Cada un destes mestres colaborou activamente na biblioteca (ao igual que o resto do profesorado), adicando cada un deles unha hora semanal ao recreo da biblioteca e tres horas o coordinador da mesma.

Para as reunións de coordinación do equipo empregamos as horas de reunión antes do inicio da xornada. Hai que resaltar que todo o profesorado do centro, non só o equipo, amosouse voluntario e predisposto a axudar e aportar en todas as actividades levadas a cabo dende a biblioteca.

Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Infantil

1º EP

2º EP

3º/4º EP

5º/6ª EP

4. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

4.1. INTERVENCIÓNS EN RELACIÓN CO ESPAZO FÍSICO DA BIBLIOTECA

Reorganizamos o espazo físico da biblioteca coa finalidade de proporcionar ao alumnado unha maior comodidade, diferenciando mellor os espazos da mesma e reservando un espazo adicado ás novas tecnoloxías, concretamente ás actividades vinculadas coa Biblioteca Creativa e Digicraft, así como a Impresora 3D adquirida no presente curso. Mantivemos os espazos que considerábamos axeitados, tales como as mesas de traballo e a distinción das estanterías polos antigos ciclos educativos; ademais do bibliopatio.

A nivel de fondos, gracias ás achegas do PLAMBE (adicándose integramente) puidemos adquirir moitos libros, intentamos mercar tanto libros de literatura infantil e xuvenil coma de información e divulgación, así como para traballar valores. Tamén mercamos varios exemplares de libros que estaban funcionando ben e que consideramos axeitados para realizar club de lectura e horas de ler.

4.2. ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Grupo de traballo de todo o claustro: Todo o claustro participou activamente no coidado da biblioteca, así como nas actividades plantexadas.
- Catalogación de fondos: Catalogáronse os libros pendentes de anos anteriores. Contamos ter catalogados o 100% dos libros adquiridos este ano cara o vindeiro curso.
- Servizo de préstamo: Prestáronse ó redor duns 400 ó longo do curso, estando satisfeitos e satisfeitas do interese por parte do alumnado.
- Colaboradores de biblioteca: Este ano, debido á pandemia, suprimíuse esta actividade. Esperamos retornar a ela unha vez regresemos á normalidade.
- Documentos de préstamo aula e alumnado: Os libros en préstamo foron apuntados nun documento escrito.

4.3. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DE USUARIOS

Debido á pandemia, este ano enfrontámonos de novo á difícil situación de levar a cabo o proxecto da biblioteca nestas circunstancias. Así pois, como xa comentamos, optouse por reservar a mesma para un grupo burbulla en concreto; así que se anulou actividades relacionadas cos encargados de biblioteca.

4.4. ACTIVIDADES PARA A EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Durante o presente curso, a biblioteca foi o espazo no que o alumnado tivo a posibilidade de buscar e recoller información para realizar as tarefas vinculadas ao proxecto dos *8Miles*, No seguinte enlace pódese observar o traballo realizado neste curso, en relación a este proxecto: <https://biblioxures.blogspot.com/search/label/8%20MILES>

4.5. ACTIVIDADES RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA E ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Día das Bibliotecas Escolares: O 24 de outubro conmemoramos o Día das Bibliotecas Escolares. Entre todos os nenos e nenas do cole fixemos un mural baixo o lema “*Eu recoméndoche este conto*”. Fixemos debuxos do libro que colgamos nun mural común, ademais de explicar os motivos polos que se recomendaba cada libro. No mesmo día, entregamos as ***Mochilas Viaxeiras***.

25 de Novembro: Día contra a Violencia Machista: Para conmemorar este día, na Biblioteca levamos a cabo actividades de sensibilización por parte do Concello de Lobios con todos os cursos. Ademais, inauguramos o *Recuncho da Memoria* que estivemos elaborando para este día co visionado dun vídeo vinculado con dita conmemoración.

3 de decembro: Día da Diversidade Funcional: Para conmemorar este día, realizamos un mural conxunto e unha manualidade, os cales foron situados fronte a biblioteca escolar, có obxectivo de fomentar o respecto e a tolerancia ante as diferentes realidades corporais. Tamén, dende a biblioteca levouse a cabo un traballo de fomento de valores, os cales foron levados á práctica con diferentes xogos fora da biblioteca.

Contacontos: Recibimos a visita de Miguel A. Alonso Diz, o cal nos contou uns contos que nos gustaron moito; así como do autor Xabier Domínguez falou sobre novos contos de Naturizo e, ademais, explicou o proceso necesario para publicar un libro, dende as ideas previas para escribilo, ata a súa publicación.

Día de Rosalía de Castro: Nesta xornada tan especial, o alumnado leu poemas de Rosalía. Ademais, elaboramos unhas rosas nas que escribimos

palabras presentes neses poemas. Para finalizar, colocamos as rosas no chan imitando o logo do centro.

8M: Día da Igualdade entre Homes e Mulleres: Para conmemorar o 8 de Marzo os nenos e nenas do Xurés tivemos diferentes obradoiros. Investigamos sobre diferentes Mulleres Pioneiras ó longo do tempo en diferentes campos: ciencia, tecnoloxía, radio e montañismo. Ata coñecemos ás primeiras mulleres peregrinas que fixeron o Camiño de Santiago. Na Biblioteca fixemos diversas lecturas sobre esta temática. Os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º leron as súas redaccións sobre unhas das mulleres máis importantes da súa vida. Tamén, adicámonos a pintar e recortar plumas de cores que formaron un mural.

Bibliopatio: Coa chegada do bo tempo, puxemos en marcha o bibliopatio.

Día da Liberdade de Prensa: No Día da Liberdade de Prensa, o alumnado elaborou as súas propias noticias, dividindo ás diferentes aulas en distintas temáticas, así como adaptando o contido das noticias ás diferentes idades.

Día do Libro: O 23 de abril conmemoramos no centro o Día do Libro. Levamos a cabo a actividade de *Citas Lectoras*. Por parellas, fixemos unha búsqueda do libro que nos tocaba ler. Unha vez atopado as pezas do libro xunto con este, os máis maiores do cole léronllo ós máis pequenos. Tamén, os nenos e nenas de Infantil lle leron un conto ós máis maiores. Posteriormente, fixemos intercambio de libros e houbo entrega de agasallos para este día.

Día das Letras Galegas: Este ano conmemorouse a figura de Florencio Delgado Gurriarán. Fixemos en conxunto un mural con diferentes palabras galegas e, posteriormente, elaboramos un poema por clase con algunha delas, os cales lemos para todos os compañeiros e compañeiras. Tamén, fixemos un puzzle con datos biográficos e da obra do autor conmemorado.

5. AVALIACIÓNS REALIZADAS

Facemos a avaliación co propósito de mellorar constantemente e que sexa útil de cara a vindeiros cursos. Tentaremos detectar os erros e aprender deles. As vantaxes de ser un centro pequeno é o sinxelo que é recoller a opinión do claustro, do alumnado e da comunidade educativa ao momento de realizar as actividades, por iso sentimos que estamos nun constante proceso de avaliación

sobre o funcionamento da biblioteca. Porén as avaliacións finais complicáronse un pouco e non houbo a participación que desexaríamos, xa que non todas as familias lle adicaron un minuto ás enquisas que se enviaron. No caso do alumnado, as avaliacións foron feitas polo alumnado de 3º de Primaria en adiante.

Avaliación profesorado

Entre o profesorado fomos recollendo impresións nas reunións mantidas e tras a realización das actividades. Este tipo de retroalimentación foi útil, e incluso no propio momento de desenvolver ás actividades se puido rectificar e axustar aspectos das mesmas, polo que estamos satisfeitos do traballo realizado. Realizamos unha enquisa entre o profesorado a través dun formulario, da que podemos consultar os resultados no ANEXO 1.

Desta enquisa podemos destacar positivamente o funcionamento do blog e as actividades realizadas, incluídas as da Biblioteca Creativa. Todos estes aspectos foron traballados e saen como consecuencia cunha boa valoración. Destacamos a boa cooperación e que o claustro axudou e participou moito na biblioteca. Como puntos con menos valoración atopamos orde e organización da biblioteca. Entre as actividades máis valoradas destacan o proxecto Lectura e Familias, Radio na Biblio, Día das Letras Galegas e o Día das Bibliotecas Escolares. Todas elas tiveron unha emotiva pegada en todo o alumnado e debemos inspirarnos nelas para as que realicemos no futuro.

Avaliación alumnado

Neste curso tivemos moita participación no noso blog, grazas ás diferentes actividades que organizamos e as continuas actualizacións que realizamos. A nivel de préstamos, o profesorado axudou a que o alumnado se mantivera activo collendo libros e levando libros para as horas de ler ou para a casa. Así acadouse unha boa cifra de préstamos chegando a uns 400 aproximadamente.

A participación nas actividades tamén foi satisfactoria, en xeral o alumnado amosouse moi activo e con disposición á involucrarse nas investigacións e tarefas. A enquisa realizada foi contestada por todo o alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria. Podemos observar a mesma no ANEXO 1.

O resultado da mesma indica que a valoración xeral da biblioteca é moi positiva. Case a metade tamén lle pon unha excelente nota en xeral á biblioteca. En xeral, hai diversidade de recordo dos bos momentos. Á hora de opinión negativas non se cita nada en concreto. En xeral, nas suxerencias demándase máis xogos,

tablets e medios dixitiais; así como libros vinculados á temática manga e redes sociais.

Avaliación das familias

A avaliación das familias en relación as actividades desenvoltas pola biblioteca foi bastante positiva, tal e como podemos observar no ANEXO 1.

En xeral, as familias están contentas co resultado da biblioteca, non amosando opinións negativas en ningún momento. Non obstante, a participación non foi moi alta. Como suxestións, propóñese realizar unha obra de teatro para o Día do Libro ou das Letras Galegas.

6. PREVISIÓNS DE FUTURO

O Equipo de Biblioteca está formado por tres mestres definitivos no centro e apoiado nun claustro moi activo e con ganas, cun compromiso claro co proxecto de vertebrar dende a biblioteca escolar toda a actividade lectiva e complementaria que se leve a cabo. Apostamos así por desenvolver proxectos que involucren a todo o alumnado e que o fagan protagonista dos seus aprendizaxe, que sexan compartidos e activos. A simbiose que se levou a cabo entre aula-biblioteca foi moi beneficiosa para todos e consideramos que temos que seguir traballando na liña deste último curso. Este compromiso esténdese tamén ao equipo directivo que apoiou e promoveu persoalmente moitas das iniciativas. Polo tanto, cremos que están sentadas as bases que garanten a continuidade da biblioteca a curto e a medio prazo.

Non podemos obviar tampouco a importancia que ten a biblioteca á hora de alfabetizar ao alumnado mediática e informacionalmente. Neste sentido, apostaremos polo exitoso blogue que creamos neste curso e tamén por incorporar na nosa biblioteca novos recursos e explotar os xa existentes, para lograr así unha eficaz alfabetización múltiple e alumnado competente, para este mundo cheo de incertidumes e cambiante.

En canto aos criterios que deben marcar a programación da actividade da biblioteca nos próximos cursos, tendo en conta a experiencia dos últimos anos e as conclusións que se poden extraer desta memoria, poderíamos destacar os seguintes:

- Debemos seguir realizando actividades en conxunto, que involucren ao claustro e a comunidade escolar e que sexan orixinais, predominando a creación propia e a calidade á hora de deseñar as propostas e recursos.
- Continuar máis actividades nas que se combinen medios dixitais, aumentando a presenza e importancia destes, cos físicos e máis tradicionais, dándolle protagonista tamén ao blogue, a radio, e a outras canles, sendo o alumnado protagonista activo neste proceso.
- Facer carnés de biblioteca para os usuarios.
- Promover un club de lectura no que os nenos maiores se involucren cos pequenos e no que poidan participar tamén ás familias, cando volvamos a anterior normalidade.


7. CONCLUSIÓN

O traballo realizado este curso foi intenso e satisfactorio. O noso traballo conxunto axudou a manter a liña de traballo dos últimos cursos a pesar da pandemia. Tamén avanzamos moito coa posta a punto do blogue, o cal foi clave como porta de acceso a outros contidos e clases. Por todo isto, afrontamos con confianza e determinación o vindeiro curso.


Lobios, 6 de xuño de 2022

ANEXO I: ENQUISAS AVALIACIÓN COMUNIDADE EDUCATIVA





ANEXO II: 8 MILES DO XURÉS



CURSO 2021-
2022

8 MILES DO XURÉS

Usuario

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Ao longo do curso 2021-2022, o CEIP Plurilingüe do Xurés levou a cabo o *Proxecto Documental Integrado “8 MILES”*. Con el, a comunidade educativa tratou de poñer en valor o patrimonio natural do *Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés*, lugar onde se atopa emprazado o centro educativo. Máis concretamente, o PDI tratou de axudar á promoción e coñecemento das oito rutas de sendeirismo aos oito picos máis altos do Parque Natural: *Fontefría, O Pisco, Nevosa, Cruz de Touro, Santa Eufemia, O Quinxo, Queguas e O Codesal*.

Dende o punto de vista do proceso de ensino – aprendizaxe, o PDI “8 MILES” supuxo unha oportunidade para contribuír á adquisición dos obxectivos, á transmisión de valores e ao desenvolvemento das competencias do alumnado do centro, partindo sempre da integración das distintas áreas de coñecemento e da implementación de distintas metodoloxías. Máis polo miúdo, co presente PDI tratouse de impulsar, no alumnado:

- *A Alfabetización Informacional (ALFIN) e a Alfabetización Dixital, propondo actividades que demanden a identificación, localización, avaliación, emprego e comunicación de información tanto en medios analóxicos como nas TIC.*
- *Os espírito científico e as vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), a través de retos e cuestións nas que teñen que botar man da ciencia para explicar e comprender*

problemas ambientais, fenómenos xeolóxicos e xeográficos ou o funcionamento do propio corpo.

- *Os hábitos de vida saudables, amosando e involucrando ao alumnado en actividades deportivas e de sendeirismo, que lles axuden a atopar afeccións que favorezan a propia saúde ao tempo que valoran a propia contorna como fonte de ocio, en liña tamén co **obxectivo 3 Saúde e Benestar** da **Axenda 2030**.*
- *A consciencia ambiental, pónndoos ante situacións que lles fagan ver os problemas ambientais que padece a contorna próxima, en particular, e o planeta, en xeral. Igualmente, contribuíndo a que desenvolvan unha actitude activa en favor do desenvolvemento sostible, en liña con algúns obxectivos da **Axenda 2030** (**6 Auga e Saneamento, 13 Acción polo clima e 15 Vida dos Ecosistemas Terrestres**).*

Por todo o exposto anteriormente, queda xustificada a necesidade de achegar o noso alumnado aos Oito Miles do Xurés, un proxecto no que participou a totalidade do alumnado do centro así como todo o equipo docente e que se estendeu dende outubro de 2021 ata xuño de 2022.

2. RELACIÓN DO PDI COS ELEMENTOS CURRICULARES

Obxectivo	Contido	Criterio avaliación	Estándar de aprendizaxe	Relación coas competencias clave						
				C MCT	C AA	C EC	C CL	C D	S IE	C SC
Desenvolver no alumnado un espírito crítico que posibilite a construción da propia aprendizaxe	Proposta de planificación, xestión e presentación do proxecto "Oito Miles".	Realizar un traballo de investigación sobre aspectos relevantes de cada un dos picos da Serra do Xurés que superan os 1.000 metros. Sempre partindo do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información.	Fai conxecturas, predicións, organiza a información relevante a través da observación e experimentación e da toma de conciencia da experimentación e sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información.	X	X		X	X		X
Iniciarse no traballo investigador e cooperativo	- O traballo en equipo - Investigar sobre aspectos ambientais, xeográficos e xeolóxicos do Parque Natural	Traballar en equipo e adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas Dar resposta aos fenómenos ambientais, xeográficos e xeolóxicos da contorna a través da ciencia e	Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario.	X	X			X	X	X

Obxectivo	Contido	Criterio avaliación	Estándar de aprendizaxe	Relación coas competencias clave						
				C MCT	C AA	C EC	C CL	C D	S IE	C SC
Valorar o patrimonio material, inmaterial e ambiental próximos aos 8 MILES.	<p>-A contorna física: observación das características principais do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés.</p> <p>-Coñecemento e valoración das singularidades culturais, patrimoniais, físicas e sociais do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés.</p>	<p>de experimentos científicos.</p> <p>Identificar os elementos principais da contorna física partindo do máis próximo a través da observación e o uso das TIC.</p>	<p>Iníciase na posta en valor do patrimonio material, inmaterial e ambiental do Parque Natural da Baixa Limia Serra do Xurés a través das TIC e outros soportes convencionais.</p>	X	X	X	X	X		X
Iniciarse no coñecemento da orografía, relevo, e xeografía do Parque Natural da Baixa Limia.	<p>O relevo do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés.</p> <p>O respecto pola conservación do Medio Ambiente.</p>	<p>Coñecer os picos máis altos da Serra do Xurés.</p> <p>Amosar unha actitude de respecto e coidado polo medio ambiente e pola contorna próxima.</p>	<p>Nomea algúns picos máis altos do Parque Natural da Serra do Xurés.</p> <p>Amosa unha actitude activa cara ao coidado do medio ambiente.</p>	X	X		X	X	X	X

<p>Identificar e coñecer aspectos relevantes da contorna de cada un dos Oito Miles.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - As etapas da historia no Xurés: restos arqueolóxicos e arquitectónicos que dan mostra delas. - A arquitectura no Xurés. - Etnografía e patrimonio cultural do Xurés. - Fauna e flora do Xurés. - Lendas e legado cultural do Xurés. 	<ul style="list-style-type: none"> -Coñece e identifica as características dos picos dos Oito Miles e a contorna na que se enmarcan (<i>historia, arquitectura, fauna, flora...</i>). 	<p>Iniciouse na identificación e coñecemento dos aspectos relevantes do Parque Natural do Xurés.</p>	X	X	X	X	X	X	X
<p>Aplicar coñecementos científicos para resolver problemas ambientais e para comprender os fenómenos xeográficos así como o funcionamento do corpo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Simulacións que permiten comprobar o proceso de contaminación da auga. - Procesos de separación de mesturas (decantación e filtración) para a depuración de augas 	<ul style="list-style-type: none"> - Experimentar para producir cambios físicos (decantación, filtración) e químicos nos corpos. - Aplicar coñecementos relativos ao magnetismo para a construcións de obxectos que nos axuden a orientarnos no monte. - Construír maquetas que 	<p>Amosa interese por participar en experiencias científicas nas que teña que impulsar cambios físicos e químicos.</p> <p>Iníciase nos procesos físicos de separación de mesturas: filtración e</p>	X	X	X	X	X	X	X

<p>Recoñecer a importancia da ciencia para resolver problemas ambientais e para comprender os fenómenos xeográficos así como o funcionamento do corpo.</p>	<p>contaminadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Representacións que serven para simular a tectónica das placas. - Utilidade do magnetismo para elaboración de brúxulas ou magnetismo. - As reaccións químicas como principio para elaborar extintores ou útiles para a extinción de lumes forestais. - Determinación da dureza das pedras da Serra do Xurés. - Simulación do efecto invernadoiro para a comprensión do aumento da temperatura global. - Simulación do aparello respiratorio. 	<p>axuden a comprender a tectónica de placas ou o funcionamento do aparato respiratorio.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Analizar as propiedades e composición das rochas a través de experimentos científicos. - Valorar a utilidade da ciencia para explicar, comprender e resolver os problemas ambientais. 	<p>decantación.</p> <p>Experimenta co magnetismo a través da construción dunha brúxula ou compás.</p> <p>Achégase ao coñecemento das rochas da contorna a través de métodos que teñen rigor científico.</p> <p>Recoñece a utilidade da ciencia para a comprensión de fenómenos naturais e para a resolución de problemas ambientais.</p>							
<p>Coñecer a</p>	<p>-Localización das rutas</p>	<p>-Localiza os picos dos Oito</p>	<p>Iníciase na</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>

localización dos diferentes picos dos Oito Miles nun mapa.	<p>polas que pasan os Oito Miles nun mapa físico.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Características da Serra do Xurés a nivel orográfica. - Situación xeográfica dos Oito Picos dos Oito Miles. 	<p>Miles en mapas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identifica as rutas que levan aos picos dos oito Miles. 	localización dos diversos picos dos Oito Miles no mapa da provincia.							
Coñecer e valorar as rutas de sendeirismo do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés.	<ul style="list-style-type: none"> - As rutas dos Oito Miles. - O patrimonio e a riqueza cultural e etnográfica presente nas rutas de sendeirismo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as rutas dos Miles. - Identificar patrimonio e recursos culturais, arquitectónicos e etnográficos presentes nas rutas de sendeirismo da contorna. - Valorar o sendeirismo como unha actividade beneficiosa tanto para a saúde como para o desenvolvemento económico e social da comarca. - Amosar gusto pola práctica do sendeirismo. 	Iníciase no coñecemento e posta en valor das rutas de sendeirismo presentes no Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés.	X	X	X	X	X	X	X

		- Amosar interese e curiosidade polo coñecemento de sendeiros e camiños antigos, forestais ou naturais.								
--	--	---	--	--	--	--	--	--	--	--

3. CONTRIBUCIÓN DO PDI AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia/ Obxectivo	Desenvolver no alumnado un espírito crítico que posibilite a construción da propia aprendizaxe	Iniciarse no traballo investigador e cooperativo	Valorar o patrimonio material, inmaterial e ambiental presente na contorna dos 8 MILES	Iniciarse no uso da ciencia para a comprensión da contorna próxima e a resolución de problemas ambientais
------------------------	--	--	--	---

CMCT	Habilidades para empregar os coñecementos para explicar sobre o traballado nos diferentes picos dos 8 Miles do Xurés.	Habilidades para investigar, procesar e discriminar información sobre aspectos relevantes Oito Miles do Xurés empregando diversos instrumentos.	Empregar a metodoloxía científica para explorar as características xeográficas e xeolóxicas de cada un dos picos así como as súas singularidades culturais, patrimoniais, físicas e sociais.	Empregar a exploración e investigación científica para coñecer explicar e comprender o relevo e xeoloxía da contorna así como para comprender e contribuír á solución dos problemas ambientais.
CAA	Desenvolver a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.	A través do traballo individual e de equipo foméntase que o alumno sexa axente activo no seu proceso de aprendizaxe.	Co uso das TIC, a bibliografía axeitada, axuda dos seus familiares os nenos e nenas identificarán aspectos máis importantes sobre os Oito Miles do Xurés.	Aprender a recoñecer fenómenos científicos físicos e químicos na vida cotiá e aprender a botar man da ciencia para resolver problemas ambientais.
CECC			Identificación e valoración do patrimonio existente na contorna do Parque Natural do Xurés.	Construír maquetas para explicar fenómenos naturais.
CL	Explicar de forma oral e escrita os resultados máis salientables do noso proxecto usando a lingua galega.	En grupos, o alumnado terá que ir construíndo o seu coñecemento a través do diálogo e do intercambio oral de ideas.	Coñecer a nomenclatura dos diferentes picos e aldeas polas que pasa, monumentos, arqueoloxía, tradicións populares,...	Empregar a lingua oral e escrita para informarse e explicar, baseándose na ciencia, as características do Parque Natural e dos problemas ambientais que lle afectan.
CD	A través de Internet o alumnado terá que buscar información sobre os diferentes picos pertencentes aos Oito Miles.	O emprego das TIC como recurso de busca de información	A través do blog do centro expoñeremos vídeos nos que se valore a importancia cultural e termal dos Oito Miles do Xurés.	O emprego de internet para buscar información guiada. Youtube como elemento de acercamento de información.
SIEE	O alumnado terá que por en práctica a súa iniciativa para buscar información, seleccionar textos axeitados e avaliar a súa validez.	Crearase un produto final baseado na creatividade e orixinalidade.	O alumnado terá que valorar a súa propia contorna, identificando e promocionando as singularidades naturais, históricas e etnolóxicas da súa comarca.	O alumnado terá que poñer en práctica actitudes e comportamentos encamiñados ao coidado e protección do medio ambiente.

CSC	O alumnado expresará os seus resultados máis salientables a través da plástica, da creación de debuxos, da elaboración de textos escritos e das TIC.	O traballo en equipo e a cooperación para lograr os obxectivos propostos	Respecto polo patrimonio que nos rodea e posta en valor do mesmo a través da linguaxe oral	O respecto e coidado polo medio ambiente e a contorna próxima.
<p>LENDA</p> <ul style="list-style-type: none"> • CMCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. • CAA: Competencia para aprender a aprender. • CEC: Conciencia e expresións culturais. • CCL: Competencia en comunicación lingüística. • CD: Competencia dixital. • SIEE: Sentido da iniciativa e espírito emprendedor • CSC: Competencias sociais e cívicas 				

Competencia/ Obxectivo	Identificar e coñecer aspectos relevantes do Parque Natural da Baixa Limia.	Coñecer a localización dos diferentes picos dos Oito Miles nun mapa	Recoñecer a importancia da Ciencia para a solución dos problemas ambientais do Xurés	Coñecer e valorar o patrimonio natural, cultural e etnográfico do parque do Xurés
CMCT	A localización dos picos máis alto da Serra do Xurés: altitude, latitude, situación en mapas, fauna e flora,	O emprego de mapas para situar os picos máis altos da Serra do Xurés así como para trazar as rutas de sendeirismo	As ciencia como fonte de solucións para os problemas ambientais da contorna: <i>aplicación das técnicas de</i>	Toma de decisións baseadas á hora de plantexar actividades de cada un dos oito picos e a súa contorna.

	características da Serra do Xurés.	cara eles.	<i>separación de mesturas, reaccións químicas, magnetismo...</i>	
CAA	Traballo cooperativo e investigación sobre as picos máis altos da Baixa Limia e as elementos presentes na súa contorna.	Aprender a traballar con mapas físicos.	Aplicar os pasos do método científico para comprender, explicar e solucionar feitos naturais da contorna ou problemas ambientais: <i>facer unha pregunta, investigar, elaborar unha hipótese, facer o experimento, analizar os datos e expoñelos.</i>	Busca de estratexias para resolver tarefas empregando diferentes soportes, baseado no traballo en equipo e a cooperación.
CEC	A arquitectura no Parque Natural da Serra do Xurés. A arqueoloxía no Xurés. O patrimonio cultural e etnográfico do Xurés.			Coñecer e valorar as tradicións populares, monumentos históricos, a arquitectura...
CL	Vocabulario vinculado coa toponimia do Xurés e as construcións arquitectónicas máis importantes.	Toponimia do Xurés e xentilicios das aldeas polas que pasan as rutas que levan aos Oito Miles.	Táboas coa información obtida así como facer exposicións expoñendo as súas conclusións. Presentación oral e escrita algunhas características importantes dos	A exposición de recompilación de información a través das fontes orais

			picos da serra do Xurés.	
CD	<p>O emprego das TIC como fonte de busca de información e medio para visionar información e documentación sobre o proxecto</p> <p>Recompilación e exposición da información recadada.</p>	O emprego das TIC para buscar datos de localización sobre os picos dos oito miles.	Usando a plataforma Youtube e fontes baseadas na Internet o alumnado recoñecerá a importancia da Ciencia na resolución de problemas ambientais.	O emprego de Internet como recurso para investigar sobre as tradicións e a busca de información
SIEE	Busca de información coas familias. Produción plástica de monumentos, restos arqueolóxicos, xogos ,...		Creacións con diferentes técnicas plásticas recreacións de fenómenos naturais ou de problemas ambientais.	A capacidade de análise, planificación e organización da información. O emprego da imaxinación e a creatividade á hora de realizar as producións plásticas
CSC	Respecto e coidado pola contorna natural do Xurés.	Valorar a importancia dos mapas, dos GPS e as aplicacións que permiten a interpretación da contorna	Desenvolver unha actitude comprometida na protección da contorna e do medio ambiente.	Respecto e valoración polo patrimonio.


LEND A

- CMCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- CAA: Competencia para aprender a aprender.
- CEC: Conciencia e expresións culturais.
- CCL: Competencia en comunicación lingüística.
- CD: Competencia dixital.
- SIEE: Sentido da iniciativa e espírito emprendedor
- CSC: Competencias sociais e cívicas

4. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

4.1. *Obxecto e temática da proposta*


A temática proposta foi o estudo e posta en valor dos oito picos máis altos do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés (*altura, localización*), da riqueza natural e patrimonial da súa contorna así como un achegamento aos problemas ambientais que afectan ao parque. Por este motivo, o proxecto documental integrado organizouse en torno a oito bloques de contido, cada un deles correspondente a cada unha das oito cumes do Xurés: *Fontefría, O Pisco, Nevosa, Cruz de Touro, Santa Eufemia, Quinxo, Queguas e O Codesal*.



4.2. *Relación de actividades levadas a cabo ao longo do proxecto*

- SETEMBRO 2021: FASE DE MOTIVACIÓN E PRESENTACIÓN DO PROXECTO



No mes de setembro, demos comezo ao proxecto documental integrado “8 MILES DO XURÉS”. Co fin de espertar a curiosidade do alumnado, o equipo docente caracterizou á mascota da biblioteca, Pancholiño, de montañeiro e creou un [vídeo](#) no a mascota os invitaba a percorrer os Oito Miles do Xurés. O vídeo, que foi proxectado na biblioteca do centro para todos os alumnos á vez, deu pé a unha actividade de posta en común na que os nenos e nenas puideron expresar os seus coñecementos previos sobre o tema.



Despois da posta en común, os nenos e nenas descubriron que coa chegada de cada novo mes, Pancholiño lles proporía novos retos e terían toda ese mes para resolvelos e introducir as súas respostas na caixa do “Adiviña Xurés”.




▪ OUTUBRO 2021: PICO DO ALTO DO PISCO

<p><i>Actividade de motivación</i></p>	<p>Vídeo motivacional de Pancholiño https://youtu.be/VcZmnPepxlq</p>
<p><i>Actividades de procura e tratamento da información</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Buscamos información para dar resposta ás seguintes preguntas: <i>En que concello e a que altura está o Alto do Pisco? Que val podemos ver dende o Alto do Pisco? Como se chama a casaña que hai no medio da ruta? Que construcións arquitectónicas atopamos na Ruta do Alto do Pisco? Por que as augas do val están contaminadas?</i> - Analizamos a información e recollémola en producións artísticas e fichas. - No recuncho do Club de Ciencias, levamos a cabo unha simulación na que tratamos de comprender e explicar os diferentes residuos cos que se contaminan as augas de ríos e encoros. <div style="text-align: center;">   </div>
<p><i>Actividades de comunicación do aprendido</i></p>	<p>Exposición na Biblioteca de toda información obtida sobre o Alto do Pisco e a contaminación das augas.</p>




▪ **NOVIEMBRE 2021: PICO DO ALTO DE FONTEFRÍA**

<p><i>Actividade de motivación</i></p>	<p>Vídeo motivacional de Pancholiño https://youtu.be/YuZto277wRs</p>
<p><i>Actividades de procura e tratamento da información</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Buscamos información para dar resposta ás seguintes preguntas: <i>En que concello e a que altura está o Alto de Fontefría? Por que se lle chama Fontefría? Como se chaman as pedras que serven para orientarnos? Que catro encoros podemos ollar dende Fontefría?</i> - Analizamos a información e recollémola en producións artísticas e fichas. - No recuncho do Club de Ciencias, levamos a cabo a construción dunha depuradora de auga con material de refugallo. 
<p><i>Actividades de comunicación do aprendido</i></p>	<p>Exposición na Biblioteca de toda información obtida sobre o Alto de Fontefría e o uso da filtración para a depuración de augas.</p>



▪ DECEMBRO 2021: PICO DA NEVOSA

<i>Actividade de motivación</i>	<p>Vídeo motivacional de Pancholiño</p> <p>https://youtu.be/a4-NCKHSi9I</p>
<i>Actividades de procura e tratamento da información</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Buscamos información para dar resposta ás seguintes preguntas: <i>En que concello e a que altura se atopa o pico da Nevosa? Cantos quilómetros ten a ruta que leva cara a Nevosa? Onde comeza a ruta? Recoñeces algúns destes elementos arquitectónicos? Preto da Nevosa está a mina das Sombras, averigüade que material se extraía dela.</i> - Analizamos a información e recollémola en producións artísticas e fichas. - No recuncho do Club de Ciencias, construímos unha maqueta das montañas na que se podían ver as distintas capas da terra e simulamos o movemento da tectónica de placas e a formación dunha montaña: https://youtu.be/8Z943y3NC3E
<i>Actividades de comunicación do aprendido</i>	<p>Exposición na Biblioteca de toda información obtida sobre o Alto da Nevosa e a formación das montañas.</p>



▪ XANEIRO 2022: PICO DE CRUZ DE TOURO

<p><i>Actividade de motivación</i></p>	<p>Vídeo motivacional de Pancholiño</p> <p>https://youtu.be/J9-xMBHsN5E</p>
<p><i>Actividades de procura e tratamento da información</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Buscamos información para dar resposta ás seguintes preguntas: <i>En que concello e a que altura se atopa o pico de Cruz de Touro? A que serra pertence Cruz de Touro? Que significa a cruz que hai gravada na pedra que podemos ver no alto do pico? Por que se chama Cruz de Touro? Elabora unha ficha científica das seguintes especies de fauna e flora: lirio do Xurés, cabra do Xurés, lobo e Aguiá Real.</i> - Na radio, o alumando de quinto e sexto entrevistou a Alberto, axente forestal e pai dun alumno do centro, para que nos contase máis sobre os montes dos 8 Miles nos que traballa. Subimos o podcast a iVoox.




- Analizamos a información e recollémola en producións artísticas e fichas.
- No recuncho do Club de Ciencias, construímos unha brúxula ou compás con cortiza, imán, agulla e papel e probamos o seu funcionamento.



Exposición na Biblioteca de toda información obtida sobre o Cruz de Touro e a construción dun imán baseándose no magnetismo.

*Actividades
de
comunicación
do aprendido*










▪ **FEBREIRO 2022: PICO DE SANTA EUFEMIA**

<p><i>Actividade de motivación</i></p>	<p>Vídeo motivacional de Pancholiño https://youtu.be/mwU9hIvvTB8</p>
<p><i>Actividades de procura e tratamento da información</i></p>	<p>- Buscamos información para dar resposta ás seguintes preguntas: <i>En que concello e a que altura está Santa Eufemia? Como se chama a sinal de pedra que hai no alto de Santa Eufemia e para que serve? Como denominaban os romanos á aldea de Manín? Coñeces</i></p>




	<p><i>o nome e a lenda da casa encantada que hai prèto de Santa Eufemia?</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Analizamos a información e recollémola en producións artísticas e fichas. - No recuncho do Club de Ciencias, botamos man da ciencia para elaborar un extintor e concienciamos sobre a importancia dos lumes forestais, que tanto teñen afectado ao pico de Santa Eufemia. 
<p><i>Actividades de comunicación do aprendido</i></p>	<p>Exposición na Biblioteca de toda información obtida sobre o Alto de Santa Eufemia e sobre a reacción química na que se basea o funcionamento do extintor.</p> 

▪ MARZO 2022: PICO DO ALTO DO QUINXO

<p><i>Actividade de</i></p>	<p>Vídeo motivacional de Pancholiño https://youtu.be/oQP4oUAgTwY</p>
-----------------------------	--

<i>motivación</i>	
<p><i>Actividades de procura e tratamento da información</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Buscamos información para dar resposta ás seguintes preguntas: <i>En que concello e a que altura está o alto do Quinxo? Que encoro podemos ver dende o alto do Quinxo? Que é a Pica da Illa e onde se atopa? En que embalse desemboca o Rego do Quinxo?</i> - Analizamos a información e recollémola en producións artísticas e fichas. - No recuncho do Club de Ciencias, analizamos os nosos montes e a as rochas que os conforman, cun experimento no que traballamos a dureza das rochas. <div style="display: flex; justify-content: space-around;">   </div>
<p><i>Actividades de comunicación do aprendido</i></p>	<p>Exposición na Biblioteca de toda información obtida sobre o Alto do Quinxo e o uso da ciencia para analizar a dureza das rochas do Xurés.</p> <div style="display: flex; flex-direction: column; align-items: center;">  <div style="display: flex; justify-content: space-around; width: 100%;">   </div> </div>

▪ ABRIL 2022: PICO DE QUEGUAS

<p><i>Actividade de motivación</i></p>	<p>Vídeo motivacional de Pancholiño</p> <p>https://youtu.be/kbun1b-MJLM</p>
<p><i>Actividades de procura e tratamento da información</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Buscamos información para dar resposta ás seguintes preguntas: <i>En que concello e a que altura está o alto de Queguas? Que son as cortes da Carballeira? Como se chama o dolmen e a ermida que atopamos ao longo da ruta?</i> - Analizamos a información e recollémola en producións artísticas e fichas. - No recuncho do Club de Ciencias, recreamos o efecto invernadoiro e como este afecta ao aumento da temperatura global e ao cambio climático. 
<p><i>Actividades de comunicación do aprendido</i></p>	<p>Exposición na Biblioteca de toda información obtida sobre o Alto de Queguas e os problemas ambientais derivados do cambio climático e do efecto invernadoiro.</p>  

--	--

▪ **MAIO 2022: PICO DO CODESAL**

<i>Actividade de motivación</i>	Vídeo motivacional de Pancholiño https://youtu.be/ihd9g5HH3al
<i>Actividades de procura e tratamento da información</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Buscamos información para dar resposta ás seguintes preguntas: <i>En que concello e a que altura está o alto do Codesal? A que serra pertence o alto de Codesal? En que aldea comeza a ruta do Codesal? Que construcións arquitectónicas podemos ver ao longo da ruta?</i> - Analizamos a información e recollémola en producións artísticas e fichas. - No recuncho do Club de Ciencias, construímos unha maqueta do aparello respiratorio para aprender de préto como funciona.
<i>Actividades de comunicación do aprendido</i>	Exposición na Biblioteca de toda información obtida sobre o Alto de Codesal e os beneficios que a práctica do sendeirismo ten para a nosa saúde, en xeral, e para o aparello respiratorio, en particular.

4.3. *Recursos Empregados*

Ao longo do proxecto documental integrado, o alumnado accedeu a distintas fontes de información, entre as que se atopan:

- **Libros de coñecemento**
 - Heinecke, L.L. (2016). *Ciencia para niños: actividades en familia*. Barcelona: Parramón.

- Heinecke, L.L. (2017). *Ciencia en el exterior para niños*. Barcelona: Parramón.
- Vídeos
 - <https://www.youtube.com/watch?v=LCpxw14yeI4>
 - <https://www.youtube.com/watch?v=LE3Bcl0DLVM>
 - <https://www.youtube.com/watch?v=2P1DQC1LLAw>
- Páxinas web
 - <https://www.aromon.es/2021/04/oito-miles-do-xures-2/>
 - <https://deportes.depourense.es/actividade/8-miles-do-xures-alto-do-pisco-1-398-m/>
 - <https://www.mendikat.net/com/mount/15588>
 - <https://www.mendikat.net/com/mount/13385>
 - https://www.turismo.gal/que-facer/centros-btt/centro-btt-serra-do-xures/rutas?langId=es_ES
 - <https://www.mendikat.net/com/mount/15476>
 - <https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/cruz-do-touro-serra-do-xures-21027353>
 - <https://www.mendikat.net/com/mount/15613>
 - <https://www.mendikat.net/com/mount/15635>
 - <https://www.galiciamaxica.eu/galicia/a-pica-da-illa-pedras-cabaleiras/>
 - <https://www.galiciamaxica.eu/galicia/ourense/encoroolelas/>
 - <http://www.caracochas.com/2017/12/pr-g-27-ruta-de-queguas.html>
 - <http://www.xoanarcodavella.com/2019/02/palozas-das-cortes-da-carballeira.html>
 - <https://gl.wikiloc.com/rutas-sendeirismo/ruta-do-codesal-8000-miles-do-xures-a-fraga-codesal-a-fraga-17845147>
- Fontes orais

Alberto Martínez, axente forestal do Parque Natural – Baixa Limia – Serra do Xurés.

A maiores tamén se empregaron recursos TIC (*ordenadores de mesa e portátiles, Tablets, encerado dixital interactivo...*), a radio e diferentes materiais para a realización dos experimentos.

4.4. A función e participación da Biblioteca Escolar

En todo momento, a biblioteca actuou como eixe vertebrador do proxecto. Así, dende a biblioteca realizouse a actividade de presentación e motivación do Proxecto 8 Miles, que tivo como protagonista a “Pancholiño”, a mascota da biblioteca. Pancholiño, coma se dun montañeiro se tratase, iniciaba unha andaina polos oitos picos máis altos do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés.

Igualmente, a biblioteca estableceuse como unha fonte de información. Neste sentido, nela puídose acceder á información na rede a través dun ordenador, no que poder consultar a bibliografía relacionada co PDI.

A Biblioteca serviu como punto de encontro e debate para comunicar os resultados obtidos durante o proceso de busca e tratamento da información así como como escaparate para a exposición das producións artísticas realizadas no marco do proxecto.

Por último, a biblioteca escolar actuou como medio de asesoramento ao profesorado ante as dúbidas de como traballar por proxectos e como guía para que tódolos picos traballados tivesen nexo de unión e así todo o alumnado puidese acceder ao seu coñecemento e participación

4.5. Implicación da Comunidade Educativa

A implicación da comunidade educativa está presente en todo momento. Por unha banda, no referido ao profesorado, participou a totalidade do claustro: cada un deles capitaneou un dos picos traballados. Esta implicación maniféstase á hora de planificar actividades de investigación para os máis pequenos, cooperar na elaboración de producións plásticas e audiovisuais ou á hora de deseñar experiencias científicas.

A implicación das familias tamén está presente en todo momento do PDI. Ademais de seguir a investigación semanalmente a través do Blog do Proxecto, algunhas das familias serviron de fonte oral para a busca de información, tal e como se pode ver no seguinte enlace:

<https://biblioxures.blogspot.com/2022/02/entrevista-na-radio.html>

Finalmente, non cómpre esquecerse do compromiso amosado polas alumnas e os alumnos durante o desenvolvemento do proxecto. Ademais da súa receptividade, participaron activamente nas tarefas propostas e nas investigacións: buscando, tratando e compartindo información así como creando producións artísticas.

5. DIFUSIÓN DO PROXECTO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Dende o comezo, apostouse pola divulgación do proxecto a través da rede. Neste sentido, a canle máis empregada foi o *blog da biblioteca*, dende o cal se podía acceder ao propio blog do proxecto 8 Miles.

En liña coa biblioteca, a radio do centro - "Radio Xurés"- supuxo unha vía útil para dar a coñecer partes do proxecto a outros centros educativos e á comunidade en xeral. A través do aplicativo iVoox.

A maiores, os traballos e os resultados das investigacións levadas a cabo polo alumnado, presentáronse na biblioteca e nas súas inmediacións e dispuxéronse nunha exposición permanente no propio centro.

6. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN AOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ÁS COMPETENCIAS CLAVE. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

























Ao longo do proxecto, levouse a cabo unha avaliación continua con tres momentos ben diferenciados: *antes, durante e despois*.

Primeiramente, púxose en marcha a avaliación inicial no marco dunha asemblea. Nela, puidéronse identificar as ideas previas do alumnado, claves para construír novos coñecementos e garantir unha aprendizaxe significativa.






















Durante o desenvolvemento do proxecto, no marco dunha avaliación formativa, empregáronse diversos procedementos co fin de determinar as aprendizaxes e realizar axustes no proceso educativo. Neste sentido, foron de utilidade:

- os intercambios orais cos cativos: *postas en común realizadas na biblioteca ou na aula*.
- a observación sistemática, *durante as actividades realizadas*.
- a análise das producións da cativada: *producións artísticas creadas polo alumnado*.
- a actividade de gamificación Scape Room, na que o alumnado tiña que ir respostando a unha pregunta de cada comarca traballada.

De cara á avaliación final ou sumativa, realízase unha rúbrica en base aos criterios de avaliación e ás competencias clave. Nela, o alumnado leva a cabo unha autoavaliación, na que se invita a reflexionar non só sobre a aprendizaxe senón tamén sobre o grao de satisfacción co proxecto.

CRITERIO	PUNTUACIÓN		
	MOITO	BASTANTE	POUCO
Canto aprendín con Pancholiño no Roteiro?			
Gustoume o xeito en que fun de paseo pola provincia?			
Cres que o termalismo é importante en Ourense?			
Coñezo persoas con contribucións importantes á cultura e sociedade?			
Recordo restos do patrimonio arquitectónico e natural?			
Lembro tradicións da contorna?			
Sabería explicar como podo realizar unha investigación?			
Son quen de relacionar todo o que aprendín coa vida e coa escola?			













Igualmente, o equipo docente tamén cobre unha rúbrica coa que determinar o éxito do proceso de ensino-aprendizaxe e a consecución dos obxectivos propostos.

CRITERIO	PUNTUACIÓN		
Desenvolver no alumnado un espírito crítico que posibilite a construción da propia aprendizaxe			
Iniciarse no traballo investigador e cooperativo			
Valorar o patrimonio termal, natural, cultural e histórico da provincia de Ourense.			
Iniciarse no coñecemento das propiedades das augas termais, mineromedicinais e minerais.			
Identificar e coñecer instrumentos e técnicas para a análise científica das propiedades das augas.			
Recoñecer a importancia de Ourense como provincia termal			
Coñecer a localización das comarcas de Ourense e algúns dos concellos máis relevantes de cada unha delas.			

Coñecer a valorar as tradicións da
súa contorna



Finalmente, tamén se realiza unha terceira rúbrica para cubrir entre o profesorado e as familias para coñecer que cambiaríamos do proxecto, do proceso do mesmo, dende o punto de vista das familias e o profesorado.

CRITERIO	PUNTUACIÓN		
Os obxectivos e contidos foron axeitados e adaptados á idade do alumnado			
A implicación das familias e profesorado foi a axeitada			
A coordinación do profesorado para a realización das actividades foi a axeitada			
O proxecto serviu como unha experiencia para que o alumnado acceda a novas estratexias de coñecemento			

Os resultados trala avaliación son moi positivos quedando posto de manifesto o motivador que resultou traballar neste proxecto para o alumnado e tamén reflectindo a boa acollida que tivo esta experiencia entre o profesorado e as familias.